Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxecto de desenvolver os dereitos recollidos na lexislación relacionada co aborto e a saúde sexual e reprodutiva

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36352 (12/PNC-003175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe pór en marcha para impulsar a protección, conservación e dinamización da arte rupestre da zona do val do Lérez e da ría de Pontevedra

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36416
Data envío: 10/10/2025 09:16:06.327

Asinado o día 10/10/2025 ás 09:13
Por Iago Suárez Fern

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Iago Suárez Fernández, Oscar Insua Lema, Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a urxente intervención para subsanación das deficiencias estruturais e mellora das condicións de uso deportivo e social do campo de fútbol do Couto en Ourense.

Asinado o día 10/10/2025 ás 09:13
Por Noa Presas Bergantiños

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polo estado actual das instalacións compromete a seguridade na práctica deportiva.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estadio de O Couto, inaugurado en 1959 como o principal recinto deportivo da cidade de Ourense, representa un piar fundamental na identidade deportiva e cultural de Ourense. Infraestrutura deportiva de titularidade da Xunta de Galiza que é a sede habitual dos partidos da Unión Deportiva Ourense e do Ourense Club de Fútbol, dous conxuntos que militan en categorías estatais como a Primera Federación e a Segunda Federación. Ademais do seu uso futbolístico, O Couto é un referente para a actividade deportiva de base, eventos comunitarios e de promoción da saúde na comarca de Ourense, contribuíndo á cohesión social nun territorio que loita contra o despoboamento e a perda de vitalidade xuvenil.

Asinado o día 10/10/2025 ás 09:13
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Non obstante, a pesar das obras de rehabilitación iniciadas en xuño de 2022 e rematadas na primeira fase en marzo de 2024 —cun investimento inicial de 1,8 millóns de euros— o estadio presenta deficiencias graves que comprometen a súa funcionalidade, a seguridade dos usuarios e a calidade das competicións. Estas carencias xa advertidas dende o momento mesmo da publicación do proxecto e, por suposto durante a execución do mesmo, non foron correxidas pola Xunta de Galiza.

Entre as deficiencias xa advertidas no seu día están as que atinxen á iluminación, que limitan tanto o seu uso deportivo como social. Igualmente existen deficiencias na sinalética que complica o acceso e evacuación das instalacións pola ausencia de indicacións claras de entrada, ou saídas de emerxencia e zonas de servizos. Respecto da accesibilidade, O Couto exhibe graves carencias que discriminan a colectivos vulnerables, como persoas con mobilidade reducida, maiores ou familias con nenos. As ramplas e ascensores non están adaptados aos estándares actuais, as prazas reservadas para cadeiras de rodas son insuficientes e mal distribuídas, e os servizos hixiénicos carecen de axustes ergonómicos. A falla de calidade de materiais empregados na reforma ou a desaparición dos trofeos ou das esculturas de homenaxe a “Lito” ou ao propio C.D. Ourense son outras actuacións advertidas e respecto das que a Xunta fixo caso omiso. Os valados da grada de “preferencia” non só limitan a visibilidade ou incumpren a normativa vixente, senón que polo seu deterioro supoñen un perigo para as persoas que asisten ao campo de fútbol. As cabinas para a retransmisións non permite o desenvolvemento do labor profesional en condicións adecuadas...

O céspede, cuxa reposición foi rematada hai pouco máis de ano e medio e na que a Xunta de Galiza investiu máis de 760.000 € de recursos públicos, atópase nun estado que impide o seu uso sen risco para a integridade das deportistas. Hai uns días o estado do céspede do campo do Couto impediu a celebración do partido benéfico “Xuntos contra o lume”, pois malia a extraordinaria disposición do R.C. Celta as condicións que presentaba implicaba un risco para os participantes no encontro.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a inmediata e urxente execución das obras de acondicionamento e mellora do campo de fútbol do Couto en Ourense, nomeadamente no que atinxen ao céspede, á iluminación, accesibilidade e sinalética; así como o restablecemento e exhibición das esculturas e trofeos de lembranza e recoñecemento colectivo e social á institucións e deportistas ourensáns.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/10/2025 9:13:10

Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2025 9:13:17

Iago Suárez Fernández na data 10/10/2025 9:13:24

Óscar Insua Lema na data 10/10/2025 9:13:53

Iria Taibo Corsanego na data 10/10/2025 9:14:00

Cristina Fernández Davila na data 10/10/2025 9:14:06

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2025 9:14:15



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 9:16:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36416
Data envío: 10/10/2025 09:16:06.327

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Rio, Alberto Pazos Couñago, Julio García Comesaña, Cristina Sanz Arias, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo procedemento de **urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo incumprimento sistemático da lexislación estatal en apoio ás persoas enfermas de ELA e ás súas familias

Exposición de Motivos

Cando está a piques de cumprirse un ano desde a aprobación da Lei 3/2024 de 30 de outubro, para a mellora da calidade de vida de persoas con Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA) e outras enfermidades ou procesos de alta complexidade e curso irreversible, o pleno desenvolvemento desta norma estatal segue aínda pendente.

Este texto legal, aprobado por unanimidade no Congreso e no Senado, recolle a vontade de todos os grupos políticos e do conxunto da sociedade por apoiar a estas persoas enfermas e ás súas familias. Con todo, pese ao tempo transcorrido, o Goberno de España foi incapaz de garantir a dotación orzamentaria necesaria para que os avances propostos sexan materializados.

De feito o Executivo de coalición entre PSOE e Sumar non chegou a presentar unha proposta orzamentaria para o presente exercicio, pero tampouco habilitou as partidas presupostarias necesarias tal e como si fixo con outras prioridades, no contexto das contas prorrogadas desde 2023.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia -e desde o Parlamento galego con diversos acordos ao respecto- defendemos en repetidas ocasións que a Lei ELA sen financiamento por parte do Goberno central se queda nunha simple declaración de intencións que en nada mellora a situación das persoas que padecen esta doenza e dos seus familiares.





A obriga das administracións públicas é atender ás necesidades que se lle presentan aos cidadáns e demostrar a súa sensibilidade ante situacións tan difíciles como as que atravesan os pacientes con ELA. E iso é que fai o Goberno galego.

Así por exemplo en Galicia marcou o paso a nivel nacional na atención ás persoas diagnosticadas con esta doenza, tanto creando en 2018 o Proceso asistencial integrado de ELA, ao abeiro do cal buscou axilizar a atención das persoas con esta enfermidade, no ámbito social e sanitario, como tamén coa posta en marcha dunha nova axuda directa, útil e moi importante para achegarlles un maior apoio.

Así, Galicia converteuse na primeira Comunidade en poñer en marcha esta liña de axudas que foi imitada inmediatamente por outras comunidades autónomas. Trátase dun apoio universal de 12.000 euros ao ano para facer fronte á compra de produtos básicos para o coidado, produtos sanitarios como muletas ou cadeiras de rodas ou para adaptar os seus fogares.

O pasado mes de xuño, e por terceiro ano consecutivo estas achegas, que contan cun orzamento ampliable de 2,4M€ e chegan cada ano a unha media de 200 beneficiarios. O Goberno galego mantén así unha firme aposta por apoiar ás persoas diagnosticadas con ELA, todo iso, tanto, a lei estatal, aprobada hai meses, continúa sen estar dotada de fondos económicos.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, un ano despois da aprobación da Lei 3/2024 (coñecida como Lei ELA) garanta, con independencia de que se aproben os novos Orzamentos Xerais do Estado, a dotación orzamentaria que resulte necesaria para asegurar que todos os avances contemplados nesta norma poidan materialízanse e sexan accesibles en condicións de equidade en toda España, en tempo e forma e para a totalidade dos afectados.

Asemade insta o Goberno galego a manter a súa firme aposta por apoiar ás persoas diagnosticadas con ELA, desenvolvendo os apoios financeiros, clínicos e sociais ás persoas afectadas por esta doenza e ás súas familias.”

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/10/2025 17:45:43
Raquel Arias Rodríguez na data 13/10/2025 17:45:54
Paula Prado del Rio na data 13/10/2025 17:46:24
Julio García Comesaña na data 13/10/2025 17:46:42
Cristina Sanz Arias na data 13/10/2025 17:46:56
Noelia Pérez López na data 13/10/2025 17:47:02
Ethel Vázquez Mourelle na data 13/10/2025 17:47:15
María Encarnación Amigo Díaz na data 13/10/2025 17:47:41
Víctor Baladrón Lamas na data 13/10/2025 17:47:50
Nicole Grueira Fernández na data 13/10/2025 17:48:14
Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/10/2025 17:48:21
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/10/2025 17:48:28
Maria Magdalena Perez Millares na data 13/10/2025 17:48:37
María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/10/2025 17:48:46
Katherinie Varela Fernández na data 13/10/2025 17:48:53



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:50:00
Nº Rexistro: 36678
Data envío: 13/10/2025 17:50:00,380

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 17:50:01

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa aos produtos ortoprotésicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Técnicos Ortopédicos de Galiza (ATOG) trasladoulle ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a súa preocupación por toda unha serie de irregularidades que están afectando tanto á poboación que precisan de algún produto ortoprotésico subvencionado polo Sergas, como aos profesionais que as dispensan

En primeiro lugar a tardanza por parte do Sergas en realizar o pago. É especialmente preocupante na área sanitaria de A Coruña -Cee, na que os establecementos de ortopedia, levan dende o mes de xaneiro sen cobrar, sen recibir o importe dos produtos que dispensaron, que teñen calculado que o que se lle debe ascende a case tres millóns de euros. Denuncian que esta situación repítese ano tras ano, sen que o SERGAS lle dea unha solución.

Esta situación é provocada pola implantación dun sistema que converte ás ortopedias en provedores encubertos da Xunta, pois non facturan directamente á administración galega, senón que reciben os cartos dos produtos que dispensan aos doentes a través de cesións de crédito feitas por estes, que se tramitan como un reintegro de gastos, por tanto, o SERGAS págalles como acredores dun crédito cedido, non como verdadeiros provedores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta metodoloxía normalizouse nos últimos anos, e foi instalada con dous obxectivos claros, esquivar a aplicación dos procedementos da contratación pública e converter aos establecementos ortopédicos en entes financiadores do SERGAS. As pequenas ortopedias están abocadas a posuír contas de crédito para subministrarse, namentres tardan meses en cobrar os produtos que dispensaron. A situación é especialmente grave na Área A Coruña-Cee, do que se deduce unha mala xestión engadida ao problema que se deriva do modelo.

ATOG ten manifestado que o modelo de xestión e dispensa dos produtos ortoprotésicos debe ser modificado, convertendo aos establecementos ortopédicos en verdadeiros provedores do SERGAS facturando directamente á administración galega, cumprindo a lexislación de contratación pública, e despois de que os doentes poidan libremente escoller a ortopedia onde mercar os produtos prescritos polos facultativos, sen recibir orientacións ou tutelas nos centros sanitarios.

Consideran ademais que todos os produtos que subvenciona o Sergas deben estar incluídos no catálogo sen realizar convenios para algúns como ocorre na actualidade.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1- Proceder a modificar o modelo de xestión da subministración de produtos ortoprotésicos aos doentes en Galiza, de xeito que os establecementos facturen directamente ao Sergas, como provedores e non o actual modelo de “endoso”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Realizar todas as actuacións precisas para que, á menor brevidade, e nunca máis tarde do presente ano 2025, ao Sergas pague a débeda contraída cos establecementos ortopédicos da área sanitaria de A Coruña-Cee que teñen o crédito cedido dos doentes nesta área.

3- Realizar as inspeccións oportunas para garantir a libre competencia neste sector e a liberdade dos doentes de escoller o establecemento ortopédico para aprovisionarse dos produtos prescritos.

4- Presentar un informe no Parlamento de Galiza, no actual período de sesión, no que conste a relación de establecementos que dispensan produtos ortoprotésicos que recibiron reintegros de gastos en concepto de subministración de produtos ortoprotésicos a doentes, coa seguinte información desagregada correspondente aos últimos cinco anos: importe total anual de cada establecemento, relación de doentes, produto subministrado, importe e facultativo prescriptor, así como o concello de procedencia”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2025 10:48:22

Iria Carreira Pazos na data 03/10/2025 10:48:35

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2025 10:49:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2025 10:51:20
Nº Rexistro: 35593
Data envío: 03/10/2025 10:51:20.011

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2025 10:51:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2025 10:51:20
Nº Rexistro: 35593
Data envío: 03/10/2025 10:51:20.011

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 03/10/2025
13:25
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre os “erros” ou “deficiencias” nas prazas ofertadas para elección de destino aos enxeñeiros agrónomos e enxeñeiros técnicos agrícolas das derradeiras oposicións.

Asinado o día 03/10/2025 ás
13:25
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actuación da Xunta dirixida polo PP no referente a xestión de persoal deixa moito que desexar. Atrasos inxustificables nas oposicións para cubrir as prazas que van quedando vacantes; falla inxustificada de concursos de traslados, atrasos na toma de posesión de novos funcionarios e un longo etcétera que trae consigo continuas queixas no persoal da Xunta de Galiza e as conseguíntes repercusións nos usuarios da administración

Na elección de destino de prazas de persoal funcionario no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñeiros, especialidade de enxeñaría agronómica, e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de enxeñeiros técnicos, especialidade de enxeñaría técnica agrícola tamén aparecen “erros” ou “deficiencias” inxustificadas que traen un grave prexuízo as persoas que superaron os procesos selectivos. Unha problemática que atinxe a consellería do medio rural

Asinado o día 03/10/2025 ás 13:25
Por Secundino Fernández
Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Concretamente por *RESOLUCIÓN do 29 de setembro de 2025 pola que se convocan para a elección de destino definitivo as persoas aspirantes que superaron os procesos selectivos para o ingreso no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñeiros, especialidade de enxeñaría agronómica, e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de enxeñeiros técnicos, especialidade de enxeñaría técnica agrícola, convocados pola Orde do 1 de marzo de 2018 (Diario Oficial de Galicia número 47, do 7 de marzo) e polas resolucións do 16 de decembro de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 241, do 17 de decembro) e do 22 de decembro de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 244, do 26 de decembro, e Diario Oficial de Galicia número 245, do 27 de decembro). Publicada no DOG o 1 de outubro do 2025*

Nesta resolución detéctanse unha serie de “erros” entre os que podemos nomear que non saen convocados para elección de destino os postos das escalas de enxeñeiros agrónomos e técnicos agrícolas que foron ofertados no concurso de traslados das escalas técnicas na quenda xeral e en resultas, e que quedaron vacantes na resolución do mesmo.

O feito de excluír nesta oferta as prazas libres desatende os principios que deben rexer en toda actuación administrativa de eficacia, eficiencia, transparencia e racionalización en materia de xestión de persoal e de recursos humanos.

Así mesmo, considérase que a decisión de excluír as prazas libres nesta oferta é completamente arbitraria, sen motivación e inxustificada; elementos fundamentais que deben terse en conta en toda actuación administrativa alén de ser contraria aos principios reitores que rexen a mesma.



Tamén se desprende desta decisión de exclusión das ditas prazas un obstáculo na oferta dun servizo público obrigado a prestar pola administración. Así mesmo, a calidade dos ditos servizos vese profundamente afectada e minguada por unha inadecuada e ineficaz xestión dos recursos humanos neste caso no ámbito da Consellería do Medio Rural.

Para o BNG os continuos problemas que se dan na xestión de persoal é unha mostra máis da negligente actuación da Xunta de Rueda, que non é capaz de facer unha xestión da administración galega; cuestión que se incrementa enormemente na xestión de todo o que ten que ver co noso medio rural.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a modificar de xeito urxente a Resolución do 29 de setembro, publicada no DOG do 1 de marzo, *pola que se convocan para a elección de destino definitivo as persoas aspirantes que superaron os procesos selectivos para o ingreso no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñeiros, especialidade de enxeñaría agronómica, e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de enxeñeiros técnicos, especialidade de enxeñaría técnica agrícola*, de xeito que se resolvan os “erros” ou “deficiencias” detectadas e se oferten todas as prazas vacantes existentes na consellería do medio rural.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 03/10/2025 13:25:40

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/10/2025 13:25:49

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/10/2025 13:25:56

Luis Bará Torres na data 03/10/2025 13:26:03



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2025 13:28:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2025 13:28:03
Nº Rexistro: 35601
Data envío: 03/10/2025 13:28:03,272

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á falta de de persoal médico no centro de saúde da Pobra do Caramiñal e á redución do horario do seu PAC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da sanidade pública na comarca do Barbanza converteuse dende hai tempo nun *suma e segue* de cada vez máis problemas para os seus usuarios e usuarias e de cada vez máis recortes, sobre todo no referido aos recursos humanos, que non permite manter unha calidade asistencial acaída nin de calidade.

Á eterna falta de persoal facultativo no centro de saúde de Ribeira e ás deficiencias continuadas dos consultorios de Palmeira, Corrubedo ou Aguiño, engádeselle a mingua de servizo tamén no de Rianxo e, agora, no da Pobra do Caramiñal onde, dende hai tempo xa, a Consellaría de Sanidade tomou a decisión unilateral de reducir o horario do seu PAC e onde nos últimos meses asistimos á ausencia de médicos que empeoran o servizo e implican numerosos contratempos á súa poboación.

Así, o servizo de urxencias que se viña prestando continuamente dende hai anos, pasou a estar aberto de luns a venres só de 22,00 a 8,00 h., os sábados de 15,00 a 8,00, realizando as urxencias de mañá o propio persoal do centro, que se turna para cubrilos e, os domingos e festivos, as 24 horas. Como consecuencia, os e as pacientes da Pobra son derivadas ao PAC do centro de saúde de Ribeira de luns a venres, de 15,00 a

Asinado o día 06/10/2025 ás
10:12
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 06/10/2025 ás
10:11
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

22,00 h, que ve aumentada considerabelmente o número de pacientes que atende sen que se reforce o seu persoal.

A isto, sumamos agora a perda, aínda non substituída, de dous facultativos nas últimas semanas, do total de seis que ten asignados o centro de saúde, máis outro que permanece de baixa dende hai máis tempo e cuxo cupo repartíuse entre o resto de profesionais. En definitiva, 3 de 6, o 50% do cadro de persoal médico para atender á mesma poboación, que ademais ten que desprazarse a Ribeira para ser atendida dunha eventual urxencia en horario de tarde durante a semana.

En definitiva, un agravamento progresivo das circunstancias que prexudica a saúde colectiva e que incide, cada vez máis, na saturación duns profesionais xa sobrecargados e nunha demora na atención que a cidadanía pobrense non está disposta a normalizar e diante da que xa ten amosado as súas queixas e o seu malestar sen que, polo de agora, obtivera resposta por parte da administración sanitaria.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a cubrir de xeito estábel e inmediato o 100% das prazas de persoal facultativo no centro de saúde da Pobra do Caramiñal, así como a ampliar o horario de atención do PAC á situación previa ao verán de 2024”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/10/2025 10:11:56

María Montserrat Prado Cores na data 06/10/2025 10:12:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 10:13:49
Nº Rexistro: 35655
Data envío: 06/10/2025 10:13:49.277

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 10:13:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 10:13:49
Nº Rexistro: 35655
Data envío: 06/10/2025 10:13:49.277

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:06:50
Nº Rexistro: 35665
Data envío: 06/10/2025 11:06:50.161

Asinado o día 06/10/25
11:03
Por Iago Suárez Fern

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a urxencia de a Xunta impulsar políticas públicas de vivenda para a mocidade na Coruña.

Asinado o día 06/10/2025 ás
11:03
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o Bloque Nacionalista Galego estamos convencidas de que as políticas públicas de vivenda van ser unha peza fundamental para definir a forma en que saímos deste momento de crise en que acceder a unha vivenda se converte nun imposíbel para a maioría social galega.

Un bo exemplo da inacción do PP desde a Xunta, ao longo de dezaseis anos de goberno, en materia de política activa de vivenda pública, vémolos na cidade da Coruña.

A oferta de vivendas en aluguer segue a diminuír na Coruña e os prezos non deixan de subir, o que obriga a cidadanía a dedicar até o 54,12% do salario medio galego, o que fai inviábel garantir o acceso a unha vivenda digna, pois nin sequera ter traballo remunerado garante poder facer un proxecto de vida propio e obriga a ter que compartir vivenda con outras persoas como na etapa estudantil.

Precisamente, un problema que non para de medrar na Coruña é o que está a sufrir a xente moza que vén estudar á nosa cidade.

A Coruña é unha cidade universitaria e resulta inexplicable que a día de hoxe non conte con oferta de ningunha praza de residencia pública dependente da Xunta,

Asinado o día 06/10/2025 ás
11:03
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha das razóns que está a condicionar, cando non impedir, o acceso a estudos profesionais superiores e á formación educativa universitaria que oferta a UDC.

A Xunta asinou o pasado 19 de xuño co Concello da Coruña un acordo mediante o cal este Concello cede 4 parcelas á Xunta, nas que se poderán construír un cento de vivendas públicas,

En resposta escrita a preguntas do BNG, a Xunta indicaba o pasado mes de setembro que “xa están adxudicados os proxectos de Praza Porticada (11 vivendas), Rosais (58 VPP) e, en breve, se adxudicará o de Pedro Fernández”.

Unhas cifras que, segundo a Xunta, en total sumarían case un cento de VPP, moi lonxe das máis de 300 vivendas públicas que anunciara o Concello da Coruña no momento da cesión deste solo municipal.

Unha destas parcelas está situada en Xuxán, un barrio de nova construción localizado nunha zona moi próxima ao campus universitario de Elviña, polo que sería moi importante dispor de oferta de vivenda pública de aluguer nesta contorna universitaria.

Insuficiente oferta habitacional de aluguer, incremento de prezos abusivos e ausencia de prazas en residencias universitarias públicas están a conformar un contexto de crise extrema que está a negarlle ao estudantado o acceso a unha vivenda digna e mesmo á educación superior na cidade da Coruña.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Desenvolver unha bolsa de vivenda pública en réxime de aluguer na Coruña destinada ao estudiantado de formación superior, constituída a través da compra, rehabilitación e construción de inmóbeis novos.

- Ofertar prazas en residencias públicas, rehabilitando infraestruturas existentes e creando outras novas en terreos propiedade da Xunta de Galiza.

- Reservar unha parte das vivendas que se constrúan nos soares cedidos polo Concello da Coruña á Xunta para ofertalas ao estudiantado en réxime de aluguer a prezos asequíbeis.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/10/2025 11:03:10

Alexandra Fernández Gómez na data 06/10/2025 11:03:17

Iago Suárez Fernández na data 06/10/2025 11:03:24

Luis Bará Torres na data 06/10/2025 11:03:31



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:06:50
Nº Rexistro: 35665
Data envío: 06/10/2025 11:06:50.161

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 11:06:50

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:14:57
Nº Rexistro: 35677
Data envío: 06/10/2025 11:14:57,009

Asinado o día 06/10/2025 ás 11:12
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A redución do desperdicio alimentario é un obxectivo estratéxico da UE (Pacto Verde Europeo, Estratexia “Da Granxa á Mesa”) e Galicia ten un reto importante para chegar á meta da redución do 50 % en 2030.

Trátase dun obxectivo ambicioso que ten diversas causas que dificultan o reto que temos por diante. O exceso de produción dos produtos agrarios e pesqueiros en determinadas épocas do ano que o mercado non absorbe e unha delas. As cadeas de distribución longas e fragmentadas onde se producen perdas no transporte, almacenamento e loxística tampouco contribúen positivamente. As normas comerciais e de presenza fan que produtos de boa calidade queden fora do mercado así como o baixo valor dos excedentes.

Por outra banda aínda queda moito marxe de mellora por parte do consumidor. Hai que concienciar a poboación para evitar compras excesivas, fomentar a cultura o reaproveitamento.

A hostalaría e restauración ten que xogar un papel activo onde se planifiquen mellor os menús, os eventos e os bufes. E unha maior concienciación e implicación na xestión de residuos.

Asinado o día 06/10/2025 ás 11:12
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 06/10/2025 ás 11:11
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125092

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:14:57
Nº Rexistro: 35677
Data envío: 06/10/2025 11:14:57.009

O marco normativo tamén complica este obxectivo dificultando as doazóns ou o consumo de produtos preto de caducar ou marcar a diferenza entre “consumir preferentemente” ou a “data de caducidade” polo medo das responsabilidades legais.

As políticas postas en marcha polo Xunta de Galicia como o reparto de 60.000 tupperts reutilizables ou 25.000 bolsas para separar residuos teñen amosado ser insuficientes. Estamos a cinco anos da data marcada para acadar esa redución do 50 % e a Xunta de Galicia ten que ser máis proactiva. E en palabras do propio goberno da Xunta admítase que se esta lonxe de cumprir co obxectivo da unión Europea.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Realizar un inventario autonómico do desperdicio alimentario por cadea de produción, transformación, distribución, hostalaría e fogares, usando a metodoloxía común da UE para facilitar a comparativa.
- Elaborar unha guía e un protocolo que reduza o risco para persoas doadoras aproveitando o marco da lei estatal.
- Promover campañas de información e formación destinada a toda a cadea de produción incluíndo á persoa consumidora.
- Establecer unha liña de axudas para inversións en conservación e almacenamento postcolleita para produtores incidindo nos máis vulnerables.

Santiago de Compostela, a 6 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

125093

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 06/10/2025 11:11:56

Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2025 11:12:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/10/2025 11:12:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:14:57
Nº Rexistro: 35677
Data envío: 06/10/2025 11:14:57.009

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:14:57
Nº Rexistro: 35677
Data envío: 06/10/2025 11:14:57.009

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 11:14:57

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:16:46
Nº Rexistro: 35683
Data envío: 06/10/2025 11:16:46,477

Asinado o día 06/10/2025 ás 11:10
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia presenta unha marcada dispersión poboacional e unha orografía que favorece un modelo de explotacións agrogandeiras de carácter extensivo e de dimensión media-pequena como modelo produtivo idóneo para a conservación do territorio, a xeración de emprego local e a sostibilidade ambiental. Segundo datos estatísticos recentes, a distribución espacial da poboación galega amosa amplas extensións con baixa densidade, o que require modelos produtivos adaptados á dispersión e ao tamaño parcelario.

A gandería e agricultura extensiva en Galicia teñen unha función agroambiental cualificada, mantemento de pastos, conservación da biodiversidade, prevención de incendios e vertebración do medio rural. Para manter esta situación é necesario favorecer explotacións que combinen viabilidade económica con dimensións compatibles co tecido rural galego.

Os instrumentos de desenvolvemento rural e de modernización das explotacións, PDR, FEADER, PAC, programas de apoio e instrumentos financeiros nacionais, contemplan e poden financiar medidas de modernización, incorporación de mozos e mozas e axudas para pequenas e medianas explotacións, polo que é viable artellar un paquete de medidas autonómicas complementarias para favorecer o modelo extensivo de tamaño medio-pequeno.

Asinado o día 06/10/2025 ás 11:10
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 06/10/2025 ás 11:10
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125096

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:16:46
Nº Rexistro: 35683
Data envío: 06/10/2025 11:16:46,477

É certo que para apostar por este tipo de axudas temos que ter claro que tipo de explotacións queremos e defendemos, e Xunta de Galicia non ten claro que tipo de modelo defende, ou si pero non quere manifestalo.

O que si é certo tendo en conta, o avellentamento do tecido agrícola e a falta de relevo xeracional, é urxente adoptar políticas públicas específicas que incentiven o establecemento de explotacións reutilizando superficie agraria, facilitando o acceso á terra, a formación técnica e o apoio á comercialización e renda, co obxectivo de frear o despoboamento rural e promover un desenvolvemento territorial equilibrado.

Na ultima década en Galicia se pecharon entorno un 50 % das explotacións, en tres anos Galicia pechou mais de 1.100 explotacións de leite, o que supuxo tamén unha redución dun 38,3 % no emprego xerado nas explotacións. Do total das explotacións Galegas case un 25 % teñen menos hectáreas, e so un 0,86 % supera as 100 hectáreas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan estratéxico para fomentar a agricultura e gandería extensiva que identifique zoas prioritarias en función da dispersión, da orografía e o risco de abandono.
2. Impulsar as medidas para o funcionamento do banco público de terras, incentivos para o arrendamento, axilizar e potenciar as agrupacións parcelarias.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:16:46
Nº Rexistro: 35683
Data envío: 06/10/2025 11:16:46.477

3. Complementar medidas que contribúan ao relevo xeracional, facendo atractivo para que a mocidade se incorpore.

Santiago de Compostela, a 6 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125098

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 06/10/2025 11:10:16

Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2025 11:10:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/10/2025 11:10:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:16:46
Nº Rexistro: 35683
Data envío: 06/10/2025 11:16:46.477

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 11:16:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:16:46
Nº Rexistro: 35683
Data envío: 06/10/2025 11:16:46.477

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 12:21:38
Nº Rexistro: 35696
Data envío: 06/10/2025 12:21:38,410

Asinado o día 06/10/25
12:17
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa á urxente posta en marcha das actuacións contempladas no plan director de saneamento de Noia e á mellora da calidade das augas da ría de Muros e Noia.

Asinado o día 06/10/2025 ás
12:17
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia a ter unha importante produción marisqueira, a empregar a centos de persoas de xeito directo e moitas outras indirectamente e a ser referente galego do produto autóctono da ría, os traballadores e traballadoras do mar de Noia veñen padecendo múltiples problemáticas alleas á súa xestión que, sen dúbida, inflúen negativamente na calidade das augas e teñen consecuencias nefastas no seu traballo e na propia produción.

Así, levan décadas denunciando moitas delas sen que as distintas administracións as tomanan aínda en serio a día de hoxe, deixando que os efectos da súa inacción e da súa falta de planificación e de investimentos permitan melloría algunha.

A falta dunha rede de saneamento completa e operativa, con verteduras directas ao medio, aos ríos e á ría e con gravísimas eivas de mantemento durante anos é, precisamente, un dos máis serios problemas ao que ten que facer fronte o sector do mar.

Mais, aínda sendo a ría e os seus traballadores e traballadoras dos principais damnificados por esta situación, toda a cidadanía de Noia no seu conxunto está afectada en maior ou menor medida e absolutamente abraiada polas últimas noticias que se

Asinado o día 06/10/2025 ás
12:17
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

veñen de coñecer sobre a total falta de depuración de augas residuais que se vén mantendo durante os últimos anos, o seu vertido directamente á ría, as multas que xa está a supoñer para o concello de Noia e a apertura dun expediente de infracción por parte da Comisión Europea por incumprimento da directiva sobre augas residuais urbanas.

A extrema situación, polo tanto, require da urxente implicación da Xunta de Galiza que, xunto co concello de Noia, debe poñer en marcha actuacións inmediatas e planificar outras a medio prazo, cos investimentos suficientes, que permitan a progresiva reversión do que está a pasar.

Non hai que esquecer que o propio Plan Director de Saneamento de 2021 xa evidenciaba gravísimas deficiencias da EDAR, das estacións de bombeo postas en funcionamento no ano 2013 e dun mantemento das infraestruturas practicamente inexistente a partir de 2016.

Aínda así, malia as emendas nos sucesivos orzamentos da Xunta presentadas por este Grupo Parlamentario, que foron votadas sistematicamente en contra polo Grupo Popular, a Xunta non comezou as obras de mellora da EDAR ata finais de 2024, unha actuación imprescindible pero insuficiente, vistas as innumerábeis carencias que sinala o Plan Director realizado pola propia Xunta de Galiza.

A inexistencia do tratamento das augas residuais que recentemente se vén de facer pública por parte do concello de Noia ten que supoñer un punto de inflexión e o Goberno galego ten que ser parte principal da solución que necesita o concello para o seu desenvolvemento e que é vital para a ría.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

. Elaborar de xeito urxente e conxuntamente co concello de Noia, un calendario de actuacións e investimentos que, a partir das medidas recollidas no Plan Director de Saneamento de Noia de 2021, permitan desenvolver as melloras que o propio Plan propón.

. Reclamar a participación económica da administración do Estado para levar a cabo as actuacións nas infraestruturas de saneamento de Noia que se contemplan no Plan Director de Saneamento dese concello, a comezar por aquelas que incidan máis directamente na mellora da calidade das augas e na rexeneración da ría de Muros e Noia.

. Ter en conta a gravidade da situación e en consecuencia comezar a tomar as medidas orzamentarias convenientes xa de cara ao 2026.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/10/2025 12:17:32

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/10/2025 12:17:39

Luis Bará Torres na data 06/10/2025 12:17:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 12:21:38
Nº Rexistro: 35696
Data envío: 06/10/2025 12:21:38,410

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 12:21:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 12:21:38
Nº Rexistro: 35696
Data envío: 06/10/2025 12:21:38,410

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro **35696**, no encabezado do texto e antes da parte propositiva, onde di:

“Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª.”

Debe dicir :

“Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asinado o día 07/10/2025 ás
11:29
Por Rosana Pérez Fernández



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 07/10/2025 11:29:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:30:00
Nº Rexistro: 35820
Data envío: 07/10/2025 11:30:00,069

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:30:00
Nº Rexistro: 35820
Data envío: 07/10/2025 11:30:00,069

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 11:30:00

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 12:36:04
Nº Rexistro: 35700
Data envío: 06/10/2025 12:36:04.478

Asinado o día 06/10/25
12:33
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre os ciclos formativos na comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fronte aos datos máis recentes de matriculacións nas distintas modalidades e familias da Formación Profesional, que acadan récords de alumnado cun crecemento medio do 3, 5% e máis de 70.000 estudantes, a realidade da comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes é outra.

A tónica dominante de crecemento da demanda dos ciclos formativos nada ten que ver cos datos que acadamos nos nosos centros, que recollen descenso nas cifras, acompañados só pola Mariña, onde ocorre algo semellante. A pesares da influencia dos ciclos no tecido socio-económico das vilas nas que están implantados, no caso de Lalín e A Estrada contamos este curso con 123 matriculados menos, que a Consellería de Educación achaca á menor demanda dos ciclos de informática, contrariamente aos anos anteriores, cando aumentaban as solicitudes.

Cabe polo tanto poñer o foco nas necesidades e aspiracións profesionais dos estudantes que optan pola formación profesional, analizando cales son as ofertas máis atractivas para cada comarca ou cada concello, sen caer en xeneralidades que pouco poden aportar posteriormente ao territorio onde se cursan os estudos citados. Ofrecer formación específica estudando os sectores punteiros en cada situación debe ser un dos

Asinado o día 06/10/2025 ás
12:32
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 06/10/2025 ás
12:32
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivos da Consellería de Educación, para o que cómpre considerar moitas variables e sopesar as distintas opcións, sempre en contacto co alumnado e o profesorado, que mantén unha relación diaria cos alumnos e coñece de primeira man as súas inquedanzas e proxectos de futuro.

No caso da comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes, cuxa baixada pode amosar unha desconexión entre o que se demanda e o que se oferta no caso das FP merece unha análise profunda das necesidades do noso tecido empresarial e económico que redunden logo na posta en marcha de medidas que revertan estes resultados, que non son senón unha proba da necesidade dun cambio de perspectiva.

As solicitudes do BNG en canto á FP nesta comarca son ben coñecidas, cunha clara visión sobre os sectores principais cos que contamos e que non teñen unha oferta educativa de proximidade e que os acompañe, coma por exemplo o sector da hostalería ou o agrogandeiro, piares fundamentais da nosa economía na actualidade. Así mesmo debemos lembrar que non contamos con practicamente ningún dos ciclos que na actualidade son os de maior demanda, coma poden ser os relacionados coa familia da Sanidade, Medio Ambiente, Edificación e obra civil ou Actividades físicas e deportivas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo unha análise dos motivos do descenso da matriculación en FP que sofre a comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes, coa intención de valorar cambios precisos ao respecto e paliar esta tónica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Aumentar a oferta de FP de familias que na actualidade concentran grande cantidade de solicitudes de matriculación que permitan que o alumnado teña opcións formativas dos sectores principais da zona preto da casa, adaptándoa á nosa realidade socioeconómica”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/10/2025 12:32:43

Cristina Fernández Davila na data 06/10/2025 12:32:51

Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2025 12:33:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 12:36:04
Nº Rexistro: 35700
Data envío: 06/10/2025 12:36:04.478

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 12:36:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 12:36:04
Nº Rexistro: 35700
Data envío: 06/10/2025 12:36:04.478

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35708
Data envío: 06/10/2025 14:10:27.785

Asinado o día 06/10/2025 ás 14:08
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Silvia Longueira Castro, Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Dorneá é unha das 13 parroquias que compoñen o municipio de Boimorto, na comarca de Arzúa. Atópase atravesada pola estrada AC-840. Trátase dunha aldea na que comeza a asentarse poboación que ven do eido urbano e que polo tanto tamén van a demandar servizos e prestacións.

O feito de que estea atravesada pola estrada AC-840 conleva unha serie de riscos dos que veñen avisando as veciñas e os veciños. Malia que está indicado o cartel de 50 quilómetros por hora á entrada do núcleo rural, o tráfico rodado en; xeral e os camións que van cara o polígono de Melide en particular, desenvolven velocidades que superan o límite e mesmo disuaden aos veciños de poder cruzar de un lado ao outro da estrada.

Hai que ter en conta, ademais, que a orografía do territorio fai que boa parte dea vivendas atópanse a un lado da estrada e as fincas e leiras; así como a igrexa, están situadas ao outro. Isto provoca que en varias ocasións ao longo do día os veciños teñan que arriscarse a cruzar dun lago ao outro sen ningún tipo de dispositivo, sinal ou disuasión que lles dea seguridade. O mesmo acontece co autobús do transporte escolar e coa liña de bus que chega coas veciñas e cos veciños que viven en Dorneá pero traballan na Coruña.

Asinado o día 06/10/2025 ás 14:07
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 06/10/2025 ás 14:07
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125114

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35708
Data envío: 06/10/2025 14:10:27.785

O punto principal está no paso da estrada polo lugar de Boavista. Alí a AC-840, unha das estradas máis transitadas da comarca de Arzúa, é onde marca o seu punto de inflexión xa que é onde se concentran a maior parte das casas e mesmo o paso para acceder á igrexa e as terras de labradío ou pasto.

Non teñen badéns que fagan diminuír a velocidade do tránsito, non teñen paso de peóns ou unha regulación semaforica que disuada e obrigue a diminuír a velocidade; atópanse na situación que incluso algún veciño foi sancionado por cruzar a vía sen ter indicado por onde debe facelo, xa que a Xunta de Galicia nunca accedeu a sinalizar o viario con un paso de peóns ou con semáforos. Os veciños lévano denunciando fai xa anos e mesmo desde o ano 2021 pedindo que desde a Xunta fáganse cargo de arranxar esta situación tan perigosa.

Por tal motivo, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que deseñe un espazo determinado para que as veciñas e os veciños de Dormeá poidan atravesar a calzada sen o risco de ser atropelados.
2. Que de xeito transitorio instale un dispositivo para que o tráfico da estrada AC-840 diminúa a velocidade de xeito efectivo ao seu paso por Dormeá, propiciando que as veciñas e veciños poidan cruzar a calzada sen o risco de ser atropelados.

Santiago de Compostela, a 6 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125115

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 06/10/2025 14:07:46

Aitor Bouza Manso na data 06/10/2025 14:07:54

Carlos López Font na data 06/10/2025 14:08:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/10/2025 14:08:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35708
Data envío: 06/10/2025 14:10:27.785

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 14:10:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35708
Data envío: 06/10/2025 14:10:27.785

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:42:29
Nº Rexistro: 35730
Data envío: 06/10/2025 16:42:29.409

Asinado o día 06/10/2025 ás 16:35
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Aitor Bouza Manso**, **Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 06/10/2025 ás 16:34
Por Patricia Iglesias Rey

No caso do CEIP Vite, situado no Concello de Santiago de Compostela, a comunidade educativa leva anos reclamando solucións a múltiples deficiencias estruturais e organizativas. O centro, construído nos anos 80, conta actualmente con máis de 200 alumnos e alumnas, e afronta unha serie de necesidades urxentes que a Xunta de Galicia non está a atender.

O desdobre do curso de 3º, que se viña realizando para garantir unha mellor atención ao alumnado, foi suprimido este curso, unificando o grupo nunha soa aula con 26 estudantes, dos cales ao menos tres presentan necesidades educativas especiais (NEE). Esta decisión compromete a calidade educativa e a atención individualizada que o alumnado require.

Asinado o día 06/10/2025 ás 16:34
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ **981.55.15.30**

125118

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:42:29
Nº Rexistro: 35730
Data envío: 06/10/2025 16:42:29.409

Esta decisión é unha mostra máis do abandono e da falta de planificación por parte da Xunta de Galicia, que continúa a recortar recursos e a dificultar unha atención educativa axeitada ás necesidades reais do alumnado, comprometendo así a calidade, a equidade e a inclusión no ensino público galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a restablecer o desdobre do curso de 3º de Educación Primaria do CEIP Vite, reforzando así a atención á diversidade e garantindo unha aprendizaxe adaptada ás necesidades do alumnado.

Santiago de Compostela, a 6 e outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125119

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/10/2025 16:34:50

Patricia Iglesias Rey na data 06/10/2025 16:34:58

Silvia Longueira Castro na data 06/10/2025 16:35:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/10/2025 16:35:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:42:29
Nº Rexistro: 35730
Data envío: 06/10/2025 16:42:29.409

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:42:29
Nº Rexistro: 35730
Data envío: 06/10/2025 16:42:29.409

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 16:42:30

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:00:11
Nº Rexistro: 35746
Data envío: 06/10/2025 18:00:11.181

Asinado o día 06/10/2025 ás 17:52
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Nacional de Estatística (INE) vén de publicar os datos correspondentes ao mes de agosto de 2025 do Índice Xeral de Producción Industrial (IPI). Segundo esta información oficial, Galicia rexistrou unha caída interanual do 3,4 %, e unha diminución mensual do 25,7 % respecto a xullo. Pola contra, no conxunto do Estado, o IPI medrou un 0,4 % interanual, encadeando tres meses consecutivos de crecemento.

Esta evolución negativa confirma a falta de dinamismo do sector industrial galego, que continúa por baixo da media estatal e evidencia a ausencia dunha estratexia industrial efectiva por parte da Xunta de Galicia. Sectores como o téxtil, a automoción auxiliar e a industria do mar sofren unha perda de competitividade que ameaza o emprego e o crecemento económico, nun contexto no que outras comunidades autónomas si están a aproveitar os fondos europeos e as políticas industriais do Goberno de España.

Por todo iso, resulta necesario que o Goberno galego explique as causas desta caída, detalle as medidas que prevé adoptar e dea conta da execución dos fondos europeos destinados á reindustrialización e modernización produtiva.

Asinado o día 06/10/2025 ás 17:52
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 06/10/2025 ás 17:52
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125122

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:00:11
Nº Rexistro: 35746
Data envío: 06/10/2025 18:00:11.181

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar no prazo máximo de dous meses un informe detallado sobre a evolución do IPI galego, identificando as causas da caída e as accións emprendidas para reactivar a produción industrial.
2. Pór en marcha, antes de rematar o ano 2025, un plan de impulso industrial galego, con medidas específicas de apoio aos sectores máis afectados, á innovación tecnolóxica e á transición enerxética.
3. Comparecer no Parlamento de Galicia para dar conta da execución dos fondos europeos e dos programas autonómicos de apoio á industria, garantindo transparencia e avaliación pública dos resultados.

Santiago de Compostela, a 6 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125123

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 06/10/2025 17:52:18

Elena Espinosa Mangana na data 06/10/2025 17:52:24

Lara Méndez López na data 06/10/2025 17:52:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/10/2025 17:52:39



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 18:00:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:00:11
Nº Rexistro: 35746
Data envío: 06/10/2025 18:00:11.181

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:00:31
Nº Rexistro: 35747
Data envío: 06/10/2025 18:00:31.329

Asinado o día 06/10/2025 ás 17:52
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Nacional de Estatística (INE) vén de publicar os datos correspondentes ao mes de agosto de 2025 do Índice Xeral de Producción Industrial (IPI). Segundo esta información oficial, Galicia rexistrou unha caída interanual do 3,4 %, e unha diminución mensual do 25,7 % respecto a xullo. Pola contra, no conxunto do Estado, o IPI medrou un 0,4 % interanual, encadeando tres meses consecutivos de crecemento.

Esta evolución negativa confirma a falta de dinamismo do sector industrial galego, que continúa por baixo da media estatal e evidencia a ausencia dunha estratexia industrial efectiva por parte da Xunta de Galicia. Sectores como o téxtil, a automoción auxiliar e a industria do mar sofren unha perda de competitividade que ameaza o emprego e o crecemento económico, nun contexto no que outras comunidades autónomas si están a aproveitar os fondos europeos e as políticas industriais do Goberno de España.

Por todo iso, resulta necesario que o Goberno galego explique as causas desta caída, detalle as medidas que prevé adoptar e dea conta da execución dos fondos europeos destinados á reindustrialización e modernización produtiva.

Asinado o día 06/10/2025 ás 17:52
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 06/10/2025 ás 17:52
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125126

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:00:31
Nº Rexistro: 35747
Data envío: 06/10/2025 18:00:31.329

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar no prazo máximo de dous meses un informe detallado sobre a evolución do IPI galego, identificando as causas da caída e as accións emprendidas para reactivar a produción industrial.
2. Pór en marcha, antes de rematar o ano 2025, un plan de impulso industrial galego, con medidas específicas de apoio aos sectores máis afectados, á innovación tecnolóxica e á transición enerxética.
3. Comparecer no Parlamento de Galicia para dar conta da execución dos fondos europeos e dos programas autonómicos de apoio á industria, garantindo transparencia e avaliación pública dos resultados.

Santiago de Compostela, a 6 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125127

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 06/10/2025 17:52:47

Elena Espinosa Mangana na data 06/10/2025 17:52:53

Lara Méndez López na data 06/10/2025 17:52:59

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/10/2025 17:53:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:00:31
Nº Rexistro: 35747
Data envío: 06/10/2025 18:00:31.329

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 18:00:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:00:31
Nº Rexistro: 35747
Data envío: 06/10/2025 18:00:31.329

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:38:56
Nº Rexistro: 35787
Data envío: 07/10/2025 10:38:56.814

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:35
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

O Comité dos Dereitos do Neno expresou a súa preocupación pola exposición dos menores de idade a actividades nas que houbese calquera forma de violencia.

Especificamente para España e Portugal, pronunciouse de forma expresa en contra de que os menores de idade poidan ser expostos á violencia taurina. Fíxoo, respectivamente, nos informes das Observacións Finais CRC/C/ESP/CO/5-6, do 2 de febreiro de 2018 e CRC/C/PRT/CO/5-6, do 27 de setembro de 2019.

Para emitir as súas Observacións Finais, onde se incluíu aos eventos taurinos no capítulo de “Violencia contra os nenos”, o Comité tivo en conta o interese superior do menor en virtude do cal o dereito a non ser exposto á violencia prima sobre calquera outro interese lexítimo que puiden concorrer ou entrar en conflito, como o dereito a participar libremente na vida cultural.

En agosto de 2023 o mesmo grupo de expertas e expertos realizou unha recomendación a todos os Estados parte no seu Comentario Xeral nº 26 sobre Dereito a un Medio Ambiente san en termos similares:

“Os nenos deben ser protexidos de todas as formas de violencia física e psicolóxica e da exposición á violencia, como a violencia doméstica ou a infrinxida aos animais.”

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:35
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:35
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125130

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:38:56
Nº Rexistro: 35787
Data envío: 07/10/2025 10:38:56.814

O criterio de protección da infancia dos contidos nocivos ou negativos debe prevalecer, por tanto, sobre os espectáculos taurinos en directo, nunha praza ou evento realizado na vía pública, nun medio de comunicación ou en espazos como a Internet.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adaptar o marco normativo galego ás obxeccións formuladas polo Comité dos Dereitos do Neno en 2018 e 2023 no sentido de impedir aos menores de idade o acceso a espectáculos taurinos.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125131

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/10/2025 10:35:35

Patricia Iglesias Rey na data 07/10/2025 10:35:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 10:35:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:38:56
Nº Rexistro: 35787
Data envío: 07/10/2025 10:38:56.814

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:38:56
Nº Rexistro: 35787
Data envío: 07/10/2025 10:38:56.814

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 10:38:58

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:52:01
Nº Rexistro: 35793
Data envío: 07/10/2025 10:52:01.904

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:49
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

A loita contra a violencia de xénero continúa sendo unha prioridade irrenunciable para unha sociedade xusta, igualitaria e democrática. Porén, a realidade amosada pola *Memoria da Fiscalía Xeral do Estado 2025* revela graves deficiencias estruturais e territoriais na resposta institucional ás vítimas, especialmente no ámbito galego.

No relativo ás Unidades de Valoración Forense Integral (UVFI), fundamentais para garantir a protección efectiva das vítimas, a situación en Galicia é alarmante. A Coruña conta con só tres equipos, claramente insuficientes; en Pontevedra prodúcese demoras de ata 14 meses na emisión de informes; e en Lugo os tempos de espera son de 6 meses para os informes integrais e de 9 para os civís.

Galicia rexistra, ademais, o maior retraso estatal cunha media de 9,5 meses, con 14 meses de retraso Pontevedra é o peor dato do Estado. Esta realidade obstaculiza a protección xudicial urxente e pon en risco a integridade das vítimas.

O propio informe subliña que estas deficiencias se manteñen dende hai anos, sen que se teñan corrixido os problemas xa identificados na memoria de 2023. A carencia de persoal, a desigual implantación das UVFI e a ausencia de equipos de garda permanentes seguen sendo a norma en moitas provincias. O informe GREVIO de novembro de 2024 tamén incide na falta de especialización e na insuficiencia dos recursos dispoñibles.

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:49
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:49
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125134

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:52:01
Nº Rexistro: 35793
Data envío: 07/10/2025 10:52:01.904

A Valoración Policial do Risco, clave para a adopción de medidas de protección, tampouco sempre ofrece unha resposta eficaz, sendo frecuente a denegación destas medidas pola catalogación do risco como “non apreciado” ou “baixo”, sen atender ao contexto completo da vítima. A pesares de que en Galicia se valora positivamente a colaboración coas forzas e corpos de seguridade, existen boas prácticas puntuais (como en Pontevedra), que deberían ser estendidas e sistematizadas en todo o territorio.

En canto ás Oficinas de Atención ás Vítimas (OAV), se ben se constatan avances, como a posta en marcha dun programa informático ou o incremento de atencións —343 mulleres na Coruña, 142 expedientes en Pontevedra e 132 intervencións en Lugo durante 2024—, tamén persisten carencias: escasa formación específica do persoal, falta de protocolos comúns, deficiente acceso a bases de datos, espazos inadecuados e coordinación mellorable entre institucións.

Os datos do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes amosan un incremento significativo das atencións (30.279 en 2024, un 15,26 % máis ca en 2023), dos acompañamentos (8.284, +19,78 %) e dos seguimentos (16.464, +58,35 %), o que reflicte un maior esforzo institucional, pero tamén a necesidade de recursos humanos e materiais suficientes para sostelo.

En resumo, Galicia sofre atrasos intolerables na protección efectiva das vítimas, desigualdade territorial no acceso a recursos, e deficiencias crónicas no sistema de atención e valoración, que esixen unha resposta política decidida.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125135

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:52:01
Nº Rexistro: 35793
Data envío: 07/10/2025 10:52:01.904

1. Reforzar de maneira inmediata as Unidades de Valoración Forense Integral (UVFI) en Galicia, dotándoas do persoal necesario (psicoloxía, medicina forense, traballo social e outros perfís especializados), co obxectivo de reducir os tempos de resposta a menos de 30 días e garantir a atención nas quendas de garda, priorizando a provincia de Pontevedra por ser a que presenta maiores atrasos.
2. Mellorar a coordinación entre as UVFI, as Oficinas de Atención ás Vítimas, as Forzas e Corpos de Seguridade, a Fiscalía e os xulgados, promovendo protocolos comúns e sistemas de información compartidos, especialmente en casos con menores ou vítimas con discapacidade.
3. Consolidar o modelo multidisciplinar das Oficinas de Atención ás Vítimas (OAV), incorporando profesionais especializados en xénero, infancia, diversidade e violencia dixital, e reforzando a súa presenza no ámbito rural.
4. Mellorar a formación do persoal das OAV e das UVFI en igualdade, enfoque interseccional, atención ás vítimas e violencia contra a infancia, así como garantir espazos dignos e seguros nas sedes xudiciais.
5. Impulsar un sistema de avaliación continua do funcionamento das UVFI e OAV, que permita identificar boas prácticas e corrixir carencias estruturais, co obxectivo de garantir unha atención equitativa e especializada en todo o territorio galego.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125136

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/10/2025 10:49:14

Patricia Iglesias Rey na data 07/10/2025 10:49:25

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 10:49:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:52:01
Nº Rexistro: 35793
Data envío: 07/10/2025 10:52:01.904

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:52:01
Nº Rexistro: 35793
Data envío: 07/10/2025 10:52:01.904

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 10:52:02

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:59:12
Nº Rexistro: 35800
Data envío: 07/10/2025 10:59:12.893

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:57
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:57
Por Silvia Longueira Castro

No caso do IES Terra de Xallas, en Santa Comba, a situación do transporte escolar é absolutamente insostible. Desde o inicio do curso, a comunidade educativa vén denunciando retrasos continuos nos horarios, falta de prazas suficientes e incluso casos nos que alumnado tivo que quedar en terra ou viaxar de pé, algo que resulta totalmente inaceptable nun servizo público esencial como este.

As liñas máis conflitivas son as de Parada e Portovilar, que presentan incidencias case diarias e afectan a mozas e mozos de diferentes parroquias como Vilamaior, Freixeiro, Fontecada, A Pereira, Alón, Ser, Santa Comba e Bazar, entre outras.

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:57
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125139

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:59:12
Nº Rexistro: 35800
Data envío: 07/10/2025 10:59:12.893

Esta situación provocou que a ANPA, as nais e pais, a comunidade educativa e representantes das forzas políticas municipais se concentraran nas inmediacións do instituto para esixir unha solución inmediata á Consellería de Educación. A falla de previsión e coordinación da Xunta de Galicia está a xerar un grave prexuízo ao alumnado e ás súas familias, que non poden ter garantido un transporte seguro e puntual para acudir ao centro educativo.

O servizo de transporte escolar é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, polo que resulta urxente adoptar medidas que aseguren un funcionamento axeitado e digno, especialmente nas zonas rurais, onde o acceso á educación depende directamente deste servizo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar de maneira inmediata todas as medidas necesarias para garantir o correcto funcionamento do transporte escolar no IES Terra de Xallas de Santa Comba, asegurando que ningún alumno ou alumna quede sen praza nin teña que viaxar de pé.
2. Revisar e reforzar as liñas máis problemáticas, especialmente as de Parada e Portovilar, adaptando as rutas e frecuencias á realidade do alumnado das parroquias de Vilamaior, Freixeiro, Fontecada, A Pereira, Alón, Ser, Santa Comba e Bazar.
3. Mellorar a planificación e coordinación do servizo de transporte escolar en todo o concello de Santa Comba, para garantir a puntualidade e a seguridade das rutas.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:59:12
Nº Rexistro: 35800
Data envío: 07/10/2025 10:59:12.893

4. Abrir un proceso de diálogo coa ANPA e a comunidade educativa do IES Terra de Xallas co fin de ofrecer unha solución estable e participada aos problemas detectados.

Santiago de Compostela, a 7 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125141

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 07/10/2025 10:57:16

Silvia Longueira Castro na data 07/10/2025 10:57:22

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 10:57:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:59:12
Nº Rexistro: 35800
Data envío: 07/10/2025 10:59:12.893

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 10:59:12
Nº Rexistro: 35800
Data envío: 07/10/2025 10:59:12.893

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 10:59:13

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:05:17
Nº Rexistro: 35811
Data envío: 07/10/2025 11:05:17.883

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:58
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª**.

As miocardiopatías constitúen un grupo de enfermidades potencialmente graves, polo risco de morte súbita que supoñen e pola importante afectación sobre a calidade de vida das persoas que as padecen. Dentro delas, as miocardiopatías hipertróficas conforman o subgrupo máis frecuente cunha importante base xenética, polo que se poden transmitir de pais a fillos, e de aí a súa agrupación a miúdo como miocardiopatías ou cardiopatías familiares.

Frecuentemente, permanecen sen diagnosticar e asintomáticas, mentres non afectan á función do músculo cardíaco. Con todo, poden debutar cunha morte súbita e de feito son a primeira causa de morte súbita en mozas e mozos, e deportistas.

En España calcúlase que existen ao redor de 150.000 persoas que padecen algún dos diferentes tipos de miocardiopatía existentes, e os datos concretos de Galicia foron solicitados nunha pregunta escrita polo noso grupo.

As persoas que padecen unha miocardiopatía poden chegar a ver limitadas as súas capacidades para traballar, realizar actividades físicas etc. E a pesares de todos os problemas que lles supón e que impactan na sanidade pública, é pouca a atención que reciben.

Insistir que, desde o punto de vista asistencial, as miocardiopatías son unha causa importante de transplantes cardíacos, de ablacións e dun elevado uso de

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:58
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:58
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125144

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:05:17
Nº Rexistro: 35811
Data envío: 07/10/2025 11:05:17.883

recursos sanitarios: consultas, probas diagnósticas e de monitorización, implantación de marcapasos e desfibriladores.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar a partida económica necesaria para ampliar a dispoñibilidade de dispositivos de desfibrilación automática en todos os espazos de lecer e educativos, asegurando sempre a súa dispoñibilidade nas escolas e centros educativos onde existan pacientes cunha miocardiopatía familiar.
2. Dotar a partida económica necesaria para dar formación voluntaria para a utilización dos dispositivos de desfibrilación automática naqueles centros de lecer e educativos onde estean instalados.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125145

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 07/10/2025 10:58:38

Patricia Iglesias Rey na data 07/10/2025 10:58:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 10:58:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:05:17
Nº Rexistro: 35811
Data envío: 07/10/2025 11:05:17.883

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 11:05:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:05:17
Nº Rexistro: 35811
Data envío: 07/10/2025 11:05:17.883

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:05:39
Nº Rexistro: 35812
Data envío: 07/10/2025 11:05:39.421

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:59
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

As miocardiopatías constitúen un grupo de enfermidades potencialmente graves, polo risco de morte súbita que supoñen e pola importante afectación sobre a calidade de vida das persoas que as padecen. Dentro delas, as miocardiopatías hipertróficas conforman o subgrupo máis frecuente cunha importante base xenética, polo que se poden transmitir de pais a fillos, e de aí a súa agrupación a miúdo como miocardiopatías ou cardiopatías familiares.

Frecuentemente, permanecen sen diagnosticar e asintomáticas, mentres non afectan á función do músculo cardíaco. Con todo, poden debutar cunha morte súbita e de feito son a primeira causa de morte súbita en mozas e mozos, e deportistas.

En España calcúlase que existen ao redor de 150.000 persoas que padecen algún dos diferentes tipos de miocardiopatía existentes, e os datos concretos de Galicia foron solicitados nunha pregunta escrita polo noso grupo.

As persoas que padecen unha miocardiopatía poden chegar a ver limitadas as súas capacidades para traballar, realizar actividades físicas etc. E a pesares de todos os problemas que lles supón e que impactan na sanidade pública, é pouca a atención que reciben.

Insistir que, desde o punto de vista asistencial, as miocardiopatías son unha causa importante de transplantes cardíacos, de ablacións e dun elevado uso de

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:59
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 07/10/2025 ás 10:59
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125148

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:05:39
Nº Rexistro: 35812
Data envío: 07/10/2025 11:05:39.421

recursos sanitarios: consultas, probas diagnósticas e de monitorización, implantación de marcapasos e desfibriladores.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Ampliar a dispoñibilidade de dispositivos de desfibrilación automática en todos os espazos de lecer e educativos, asegurando sempre a súa dispoñibilidade nas escolas e centros educativos onde existan pacientes cunha miocardiopatía familiar.
2. Dar formación voluntaria en todos os espazos de lecer e educativos que teñan dispositivos de desfibrilación automática e existan pacientes cunha miocardiopatía familiar.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125149

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 07/10/2025 10:59:09

Silvia Longueira Castro na data 07/10/2025 10:59:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 10:59:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:05:39
Nº Rexistro: 35812
Data envío: 07/10/2025 11:05:39.421

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 11:05:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:05:39
Nº Rexistro: 35812
Data envío: 07/10/2025 11:05:39.421

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:25:41
Nº Rexistro: 35818
Data envío: 07/10/2025 11:25:41.474

Asinado o día 07/10/2025 ás 11:20
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

As miocardiopatías constitúen un grupo de enfermidades potencialmente graves, polo risco de morte súbita que supoñen e pola importante afectación sobre a calidade de vida das persoas que as padecen. Dentro delas, as miocardiopatías hipertróficas conforman o subgrupo máis frecuente cunha importante base xenética, polo que se poden transmitir de pais a fillos, e de aí a súa agrupación a miúdo como miocardiopatías ou cardiopatías familiares.

Asinado o día 07/10/2025 ás 11:20
Por Silvia Longueira Castro

Frecuentemente, permanecen sen diagnosticar e asintomáticas, mentres non afectan á función do músculo cardíaco. Con todo, poden debutar cunha morte súbita e de feito son a primeira causa de morte súbita en mozas e mozos, e deportistas.

En España calcúlase que existen ao redor de 150.000 persoas que padecen algún dos diferentes tipos de miocardiopatía existentes, e os datos concretos de Galicia foron solicitados nunha pregunta escrita polo noso grupo.

As persoas que padecen unha miocardiopatía poden chegar a ver limitadas as súas capacidades para traballar, realizar actividades físicas etc. E a pesares de todos os problemas que lles supón e que impactan na sanidade pública, é pouca a atención que reciben.

Asinado o día 07/10/2025 ás 11:19
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125152

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:25:41
Nº Rexistro: 35818
Data envío: 07/10/2025 11:25:41.474

Insistir que, desde o punto de vista asistencial, as miocardiopatías son unha causa importante de transplantes cardíacos, de ablacións e dun elevado uso de recursos sanitarios.

En Galicia, a Unidade de Cardiopatías Familiares do Centro Hospitalario Universitario da Coruña é unha das unidades de referencia designadas polo Ministerio de Sanidade para o diagnóstico e tratamento das cardiopatías familiares. Nesta unidade pluridisciplinar (cardioloxía, cirurxía cardíaca, radioloxía, xenética, anatomía patolóxica, ...) faise o seguimento de máis de 3.000 familias con algunha cardiopatía familiar.

Con todo, non todos os hospitais contan con este tipo de unidades onde se atenden de maneira multidisciplinar a estes pacientes.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar as unidades multidisciplinares de miocardiopatías ou cardiopatías familiares no Sergas.
2. Elaborar un protocolo de coordinación destas unidades co resto de servizos de cardioloxía e de Atención Primaria para asegurar o correcto seguimento dos pacientes con estas enfermidades.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125153

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 07/10/2025 11:19:53

Silvia Longueira Castro na data 07/10/2025 11:20:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 11:20:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:25:41
Nº Rexistro: 35818
Data envío: 07/10/2025 11:25:41.474

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 11:25:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:25:41
Nº Rexistro: 35818
Data envío: 07/10/2025 11:25:41.474

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:26:00
Nº Rexistro: 35819
Data envío: 07/10/2025 11:26:00,390

Asinado o día 07/10/2025 ás 11:19
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª**.

As miocardiopatías constitúen un grupo de enfermidades potencialmente graves, polo risco de morte súbita que supoñen e pola importante afectación sobre a calidade de vida das persoas que as padecen. Dentro delas, as miocardiopatías hipertróficas conforman o subgrupo máis frecuente cunha importante base xenética, polo que se poden transmitir de pais a fillos, e de aí a súa agrupación a miúdo como miocardiopatías ou cardiopatías familiares.

Asinado o día 07/10/2025 ás 11:19
Por Patricia Iglesias Rey

Frecuentemente, permanecen sen diagnosticar e asintomáticas, mentres non afectan á función do músculo cardíaco. Con todo, poden debutar cunha morte súbita e de feito son a primeira causa de morte súbita en mozas e mozos, e deportistas.

En España calcúlase que existen ao redor de 150.000 persoas que padecen algún dos diferentes tipos de miocardiopatía existentes, e os datos concretos de Galicia foron solicitados nunha pregunta escrita polo noso grupo.

As persoas que padecen unha miocardiopatía poden chegar a ver limitadas as súas capacidades para traballar, realizar actividades físicas etc. E a pesares de todos os problemas que lles supón e que impactan na sanidade pública, é pouca a atención que reciben.

Asinado o día 07/10/2025 ás 11:19
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125156

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:26:00
Nº Rexistro: 35819
Data envío: 07/10/2025 11:26:00,390

Insistir que, desde o punto de vista asistencial, as miocardiopatías son unha causa importante de transplantes cardíacos, de ablacións e dun elevado uso de recursos sanitarios.

En Galicia, a Unidade de Cardiopatías Familiares do Centro Hospitalario Universitario da Coruña é unha das unidades de referencia designadas polo Ministerio de Sanidade para o diagnóstico e tratamento das cardiopatías familiares. Nesta unidade pluridisciplinar (cardioloxía, cirurxía cardíaca, radioloxía, xenética, anatomía patolóxica, ...) faise o seguimento de máis de 3.000 familias con algunha cardiopatía familiar.

Con todo, non todos os hospitais contan con este tipo de unidades onde se atenden de maneira multidisciplinar a estes pacientes.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incorporar nos orzamentos a dotación económica necesaria para reforzar as unidades multidisciplinares de miocardiopatías ou cardiopatías familiares no Sergas.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125157

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 07/10/2025 11:19:23

Patricia Iglesias Rey na data 07/10/2025 11:19:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 11:19:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:26:00
Nº Rexistro: 35819
Data envío: 07/10/2025 11:26:00,390

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 11:26:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:26:00
Nº Rexistro: 35819
Data envío: 07/10/2025 11:26:00,390

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:33:38
Nº Rexistro: 35822
Data envío: 07/10/2025 11:33:38,084

Asinado o día 07/10/2025 ás 11:31
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

As miocardiopatías constitúen un grupo de enfermidades potencialmente graves, polo risco de morte súbita que supoñen e pola importante afectación sobre a calidade de vida das persoas que as padecen. Dentro delas, as miocardiopatías hipertróficas conforman o subgrupo máis frecuente cunha importante base xenética, polo que se poden transmitir de pais a fillos, e de aí a súa agrupación a miúdo como miocardiopatías ou cardiopatías familiares.

Frecuentemente permanecen sen diagnosticar e asintomáticas, mentres non afectan á función do músculo cardíaco. Con todo, poden debutar cunha morte súbita e de feito son a primeira causa de morte súbita en mozas e mozos e deportistas.

En España calcúlase que existen ao redor de 150.000 persoas que padecen algún dos diferentes tipos de miocardiopatía existentes, e os datos concretos de Galicia foron solicitados nunha pregunta escrita polo noso grupo.

As persoas que padecen unha miocardiopatía poden chegar a ver limitadas as súas capacidades para traballar, realizar actividades físicas etc. E a pesares de todos os problemas que lles supón e que impactan na sanidade pública, é pouca a atención que reciben.

Insistir que, desde o punto de vista asistencial, as miocardiopatías son unha causa importante de transplantes cardíacos, de ablacións e dun elevado uso de

Asinado o día 07/10/2025 ás 11:31
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 07/10/2025 ás 11:31
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125160

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:33:38
Nº Rexistro: 35822
Data envío: 07/10/2025 11:33:38,084

recursos sanitarios: consultas, probas diagnósticas e de monitorización, implantación de marcapasos e desfibriladores.

E o diagnóstico precoz destas enfermidades permite tomar medidas profilácticas e preventivas eficaces, polo que resulta fundamental realizar un estudo familiar completo de cada paciente.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Solicitar ao Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) o desenvolvemento dun protocolo que inclúa a autopsia xenética obrigatoria nos casos de morte súbita en menores de 50 anos.
2. Facilitar o acompañamento ás familias de persoas cunha miocardiopatía familiar para lograr un mellor coñecemento da enfermidade e apoio psicolóxico, contando, para iso, coas asociacións de pacientes.
3. Promover novos estudos clínicos e de investigación sobre a enfermidade, facilitando a derivación de pacientes aos ensaios clínicos e aos tratamentos máis innovadores cando estean indicados.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125161

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 07/10/2025 11:31:15

Silvia Longueira Castro na data 07/10/2025 11:31:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 11:31:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:33:38
Nº Rexistro: 35822
Data envío: 07/10/2025 11:33:38,084

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 11:33:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:33:38
Nº Rexistro: 35822
Data envío: 07/10/2025 11:33:38,084

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 12:45:53
Nº Rexistro: 35858
Data envío: 07/10/2025 12:45:53,358

Asinado o día 07/10/2025 ás 12:44
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Iria Carreira Pazos, Cristina Fernández Davila e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a problemática do transporte escolar no IES Terra de Xallas de Santa Comba.

Asinado o día 07/10/2025 ás 12:44
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de desleixo á que o Partido Popular somete os servizos públicos ten un dos seus máximos expoñentes no ensino, e tamén nos seus servizos complementarios como é o caso do transporte escolar.

O alumnado do IES Terra de Xallas de Santa Comba está a sufrir actualmente esta mala xestión. Os horarios dos autobuses non se adaptan aos horarios lectivos do centro, provocando que en multitude de ocasións o estudantado teña que agardar moito tempo poder coller o bus que o leve de volta para as súas casas, ou máis grave aínda, que se incorporen tarde ás aulas por mor de que o transporte non chega cunha antelación suficiente para permitir unha correcta incorporación ás clases.

Ademais, existen liñas nas que os autobuses non teñen as prazas suficientes para poder dar cabida a todo o alumnado que debería utilizalo, provocando que haxa estudantes que teñan que agardar a que complete unha parte da ruta e volva para poder recollelas.

Esta situación agrávase no caso de estudantado de Bacharelato e Ciclos Formativos, ao non teren garantido o dereito ao transporte escolar pola negativa do Partido Popular. Nuns concellos rurais coma os da comarca do Xallas, coas deficiencias que presenta xa o transporte público regular, a falta dun transporte escolar que garanta que

Asinado o día 07/10/2025 ás 12:43
Por Iria Carreira Pazos





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

este alumnado poida chegar ao centro é un factor chave para moitas familias decidir continuar ou non a súa educación ou en que centro se matricularán.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir de xeito estable o dereito ao transporte escolar no IES Terra de Xallas a todo o alumnado, incluído o da etapa post-obrigatoria, incrementando as prazas existentes e garantindo uns horarios no transporte escolar adaptados aos horarios lectivos do centro.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 07/10/2025 12:43:51

Cristina Fernández Davila na data 07/10/2025 12:44:01

Paulo Ríos Santomé na data 07/10/2025 12:44:10

Ana Pontón Mondelo na data 07/10/2025 12:44:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 12:45:53
Nº Rexistro: 35858
Data envío: 07/10/2025 12:45:53.358

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 12:45:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 12:45:53
Nº Rexistro: 35858
Data envío: 07/10/2025 12:45:53.358

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a dermatose nodular contaxiosa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente chegada ao Estado Español da Dermatose Nodular Contaxiosa (DNC) posiciona ao noso país nunha situación de alto risco para a gandería, tanto de leite coma de carne, que ven de enfrontarse nos últimos anos ao contaxio de enfermidades emerxentes que deixaron grandes perdas nas nosas explotacións, véxase a lingua azul ou a EHE como exemplo.

Coa detección dun gromo en Cataluña nunha granxa de xovencas de recría onde 3 animais presentaban síntomas compatibles coa enfermidade e a súa confirmación en laboratorio, estableceuse un radio de 20 quilómetros de protección e 50 quilómetros de vixilancia na zona, quedando restrinxido o movemento de animais e produtos que poden vehicular o virus dende a área afectada.

Non entanto, como podemos ver ao ollar a evolución da enfermidade nos últimos meses, toda a prevención é pouca para unha patoloxía vírica con grande capacidade de contaxio, tanto entre animais enfermos e sans coma a través de vectores coma moscas, tabáns ou carrachas, cunha mortalidade que non chega ao 10% normalmente, pero unha morbilidade que pode acadar o 45%. Ao respecto diso e sabendo as medidas a tomar no caso desta enfermidade de categoría A pola UE e que se encamiñan cara a erradicación





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

desta, débese priorizar a prevención e detección precoz, que resulta crítica para reducir o impacto no caso da entrada da DNC no país.

Non é de importancia menor para Galiza lembrar cales son as medidas de control nas explotacións afectadas pola enfermidade, onde se establece a inmovilización e baleiro sanitario, coa eliminación dos animais sacrificados e dos produtos que poden transmitir dito virus, coas perdas económicas para a gandería que suporía no noso territorio, onde o sector gandeiro move millóns de euros anualmente a través do gando bovino, cunha facturación de arredor de 3.000 millóns de euros tanto no gando de leite coma de carne.

É polo tanto vital que o goberno galego actúe con determinación ao respecto, dado que existe unha ameaza real de chegada da enfermidade, tomando de xeito urxente medidas para evitar o contaxio da Dermatose Nodular no noso país e para paliar os seus posibles efectos no caso de sufrila.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Establecer de xeito inminente a vacinación fronte a DNC, garantindo a súa gratuidade e que esta sexa levada a cabo por parte de persoal propio da Consellería en todo o país antes da chegada da enfermidade a Galiza, de xeito que a aplicación do fármaco sexa de utilidade en canto a inmunización da nosa cabana gandeira.

2. Levar a cabo unha revisión das contías das indemnizacións por animal no caso dos baleirados sanitarios, actualizando os prezos segundo o mercado e o momento presente.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Impulsar de xeito inminente unha campaña informativa por parte da Consellería de Medio Rural que chegue aos titulares das explotacións e aos transportistas ao respecto da DNC, para manter ao sector informado de xeito directo e actualizado sobre a evolución desta enfermidade, de maneira que se actúe con responsabilidade e de forma coordinada en aras de evitar contaxios innecesarios.

4. Establecer de xeito inminente medidas de prevención e vixilancia ao respecto da DNC que eviten na medida do posible a chegada da enfermidade ao noso país, con especial énfase no caso do transporte de animais, tanto dende a UE coma dende o estado español”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 07/10/2025 12:49:24

Sonia Vidal Lamas na data 07/10/2025 12:49:34

Secundino Fernández Fernández na data 07/10/2025 12:49:47

Luis Bará Torres na data 07/10/2025 12:49:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 12:53:00
Nº Rexistro: 35863
Data envío: 07/10/2025 12:53:00,613

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 12:53:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 12:53:00
Nº Rexistro: 35863
Data envío: 07/10/2025 12:53:00,613

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:14:38
Nº Rexistro: 35870
Data envío: 07/10/2025 13:14:38,452

Asinado o día 07/10/2025 ás 12:30
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mes de agosto de 2025 vai ser recordado coma un dos períodos máis dramáticos do rural en Galicia. A vaga de incendios non só deixou unha pegada difícil de reparar no medio ambiente senón que veu a contribuír a isolar, aínda máis, a ese rural que está a piques de desertizarse sen unha solución de referencia.

Máis de 158.000 hectáreas eran extinguidas unha tras outra polo lume, dando lugar a unha nova variante de incendios para os cales Galicia non só non estaba preparada senón que nin tan sequera tiña posto en marcha un plan anual de prevención de incendios con brigadas durante todo o ano. O resultado é tan devastador coma inesquecível.

Por outro lado, o Índice Xeral de Producción industrial (IPI) caeu un 3,4 % tamén no mes de agosto, se o poñemos en relación co mes de agosto de 2024. O dato é significativo: a produción industrial en Galicia reduciuse un 25,7 %, mentres no conxunto do estado o IPI subiu un 0,4 % recuperando de dúas baixadas consecutivas.

E a vivenda continúa a ser un problema. Non é só no acceso á vivenda no propio rural, senón tamén o prezo do aluguer / compra que segue en aumento,

Asinado o día 07/10/2025 ás 12:29
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 07/10/2025 ás 12:29
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125173

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



especialmente en concellos con servizos relativamente próximos ou rurais con certa demanda.

A realidade é que dos plans que ten posto en marcha a Xunta para o reto demográfico temos pouca información ou máis ben ningunha. De xeito que non podemos valorar nin o que se inviste nin o que se acada coma obxectivo primordial. Liñas como as dos 4 millóns do ano 2024 para o acceso a vivenda, o programa Galicia Retorna e as axudas xeneralistas... conforman accións independentes pero realmente no que se refire a un plan pechado e combinado, que teña o efecto necesario sobre o rural e as súas posibilidades de xerar negocio e asentamento de poboación, non temos noticias nin se esperan (dado os datos que enunciabamos ao principio desta iniciativa).

Se comparamos os proxectos de reto demográfico doutras comunidades autónomas, vemos que Galicia ten medidas que non atopan a correspondente intensidade orzamentaria e avaliación de impacto. Así coma de políticas integradas nas que as de vivenda teñen éxito se se acompasan con emprego local, servizos sanitarios/educativos e conectividade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista formula a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Emitir un informe anual pormenorizado por concello e por programa respecto ás medidas do reto demográfico perante o Parlamento galego.
2. Propoñer un programa piloto de “relocalización integral”: vivenda + incentivo ao emprego local + transporte e banda ancha durante 3 anos e que poida ser medible por custo/beneficiario.
3. Reclamar coordinación con fondos estatais (PREE, NextGen, IDAE) e europeos para aumentar escala e contía.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:14:38
Nº Rexistro: 35870
Data envío: 07/10/2025 13:14:38,452

4. Pedir que as liñas de axuda de Fogar Vivo prioricen aos menores de 36 anos, familias con fillos e profesionais sanitarios/educativos que se comprometan a asentarse 5 anos no eido rural.

Santiago de Compostela, a 7 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125175

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 07/10/2025 12:29:47

Elena Espinosa Mangana na data 07/10/2025 12:29:54

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 12:30:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:14:38
Nº Rexistro: 35870
Data envío: 07/10/2025 13:14:38,452

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 13:14:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:14:38
Nº Rexistro: 35870
Data envío: 07/10/2025 13:14:38,452

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 07/10/2025
13:23
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a reforma da lei do deporte proposta no Senado do Estado español.

Asinado o día 07/10/2025 ás
13:23
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo do Partido Popular no Senado español vén de propor unha reforma da lei 39/2022 do Deporte que a todas luces será tomada en consideración pola Cámara Alta e que, a ollos do Grupo Parlamentar do BNG, supón un enorme retroceso nos dereitos das seleccións deportivas galegas. En concreto, a proposta do Partido Popular é a de suprimir o apartado 2 do artigo 48 da devandita lei, o cal indica que as federacións deportivas nacionais poderán “participar directamente no ámbito internacional se a federación internacional correspondente contempla a súa participación, no caso de modalidades ou especialidades deportivas con arraigamento histórico e social na súa respectiva comunidade autónoma”.

Ademais, ese mesmo apartado tamén contempla que as diferentes federacións estarán facultadas para participar nesas competicións cando formaran parte dunha federación internacional "antes da constitución da federación española correspondente".

Para alén da supresión deste apartado, o grupo popular tamén propón reformular o artigo 49 tentando establecer que para poder participar en probas deportivas oficiais tanto estatais como internacionais será "preciso" contar cunha licenza expedida pola

Asinado o día 07/10/2025 ás
13:23
Por Iago Suárez Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

federación española, co obxectivo, asegura o PP, de garantir a "uniformidade de contido e condicións económicas por modalidade, estamento e categoría".

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta proposta é unha verdadeira involución nos dereitos do deporte galego, o cal vén colleitando éxitos internacionais baixo a bandeira galega e que con esta proposta verá altamente dificultada a súa actividade a nivel internacional. Non comprendemos por tanto que a Xunta de Galiza non se posicione claramente en contra desta modificación da lei estatal do deporte, xa que o seu cometido principal é a defensa sen fisuras do tecido deportivo galego, que é motivo de orgullo para todo o país.

Cada vez que a Galiza se lle permite competir de maneira oficial en competicións internacionais, o noso país mostra de modo inequívoco o enorme talento co que conta e a súa capacidade de colleitar grandes vitorias que colocan Galiza na elite do deporte mundial. Reclamamos desta forma que o Parlamento galego se dirixa ao Goberno español para mostrar a súa desconformidade con esta reforma legal.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ao Senado para amosar publicamente a súa desconformidade coa modificación dos artigos 48 e 49 da Lei estatal 39/2022 do deporte que, de se aprobar, dificultará a participación das seleccións nacionais galegas en competicións oficiais internacionais.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Defender os intereses do deporte galego e das e dos deportistas de Galiza que quixeren competir de maneira oficial representando Galiza”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 07/10/2025 13:23:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/10/2025 13:23:09

Ana Pontón Mondelo na data 07/10/2025 13:23:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:24:35
Nº Rexistro: 35876
Data envío: 07/10/2025 13:24:35.552

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 13:24:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:24:35
Nº Rexistro: 35876
Data envío: 07/10/2025 13:24:35.552

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:32:11
Nº Rexistro: 35882
Data envío: 07/10/2025 13:32:11.630

Asinado o día 07/10/2025 ás 13:05
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia leva anos incorporando en distintos plans e programas medidas parciais relacionadas coa inclusión e a diversidade cultural: a Estratexia de Inclusión Social 2023-2030, a Estratexia de Inclusión da Poboación Xitana 2025-2030 ou os programas de acollida educativa ao alumnado estranxeiro. Porén, ningunha destas accións constitúe unha verdadeira Estratexia Galega de Interculturalidade que aborde de forma integral os ámbitos educativo, sanitario, social, laboral e cultural.

Tanto o conflito da guerra de Ucraína, os de oriente medio que abranguen o éxodo Sirio e mesmo a posibilidade do que acontece de xeito cruel co xenocidio de Gaza; e, por suposto, a chegada de persoas menores de idade que chegan a España sen seu pai e súa nai, indican que a sociedade galega debe contar con unha estratexia integral que sirva de sensibilización e acollida a aqueles que foxen do terror, o exterminio ou a fame.

Nun contexto no que Galicia acolle cada vez máis persoas de orixes diversas e no que a convivencia intercultural é xa unha realidade cotiá, resulta incomprensible que o Goberno galego non conte cun marco transversal nin con indicadores de avaliación pública. Mentres outras comunidades avanza con plans específicos e coordinación interdepartamental, a Xunta limita as súas

Asinado o día 07/10/2025 ás 13:05
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 07/10/2025 ás 13:05
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125183

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



actuacións a medidas inconexas, sen orzamento consolidado nin calendario verificable.

Esta ausencia de planificación integral tradúcese nunha falta de recursos para a mediación intercultural, nunha atención desigual nos servizos públicos e nunha oportunidade perdida para facer de Galicia unha sociedade verdadeiramente inclusiva e moderna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar unha estratexia galega de interculturalidade que coordine políticas de inclusión, diversidade cultural e convivencia.
2. Desenvolver o articulado, a través de programa específicos e con dotación económica, a Lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia; de xeito que sirva de ponte de acollemento a inmersión social plena aos migrantes e exiliados que cheguen a Galicia.
3. Efectuar avaliacións previas (sexan internas ou externas) que mostren indicadores específicos de interculturalidade (por exemplo, porcentaxe de alumnado inmigrante que recibe tramitación cultural/xenérica ou participación cultural, asistencia nos centros de saúde) para ver o grao de desigualdade existente e como melloralo coa fin de ser máis eficaces na inversión dos fondos públicos.
4. Establecer as medidas sobre mediación intercultural nos centros de saúde ou nos servizos sociais municipais de forma sistemática e con persoal definido.

Santiago de Compostela, a 7 de outubro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 07/10/2025 13:05:17

Aitor Bouza Manso na data 07/10/2025 13:05:24

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 13:05:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:32:11
Nº Rexistro: 35882
Data envío: 07/10/2025 13:32:11.630

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:32:11
Nº Rexistro: 35882
Data envío: 07/10/2025 13:32:11.630

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 13:32:12

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:58:26
Nº Rexistro: 35889
Data envío: 07/10/2025 13:58:26.584

Asinado o día 07/10/2025 ás 13:54
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Ourense é, segundo todos os indicadores demográficos, a provincia galega máis envellecida e a segunda de toda España. Este dato, que se mantén e mesmo se agrava ano tras ano, debería traducirse en políticas públicas específicas e en medidas de discriminación positiva, especialmente nos ámbitos sociosanitarios directamente vinculados co envellecemento e coa cronicidade.

Asinado o día 07/10/2025 ás 13:54
Por Elena Espinosa Mangana

O ictus constitúe unha das principais ameazas sanitarias para a poboación de maior idade. É a segunda causa de morte a nivel mundial, a primeira causa de discapacidade adquirida en adultos e a segunda de demencia. As estimacións internacionais prevén un incremento da súa incidencia en máis dun 40 % nos próximos 20 anos, debido fundamentalmente ao avellentamento poboacional e ao aumento de factores de risco asociados.

Porén, Ourense continúa a ser a única provincia galega que non dispón dunha Unidade de Ictus operativa as 24 horas do día, os 365 días do ano, o que obriga a derivar a pacientes con ictus grave cara ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para a realización de trombectomías mecánicas ou outros procedementos de neurorradioloxía intervencionista. Esta situación supón unha perda de tempo asistencial crítico, pois as primeiras horas tras o ictus son determinantes para a supervivencia e para as posibilidades de recuperación funcional.

Asinado o día 07/10/2025 ás 13:54
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125187

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:58:26
Nº Rexistro: 35889
Data envío: 07/10/2025 13:58:26.584

Os profesionais sanitarios levan tempo alertando desta carencia.

A Xunta de Galicia anunciou en 2023 a súa intención de crear unidades de ictus nas provincias de Lugo e Ourense, mais ata o momento non se concretou a posta en marcha efectiva da unidade ourensá, nin existe calendario claro, nin se coñecen con detalle os recursos humanos, materiais ou orzamentarios asignados. A demora nesta actuación resulta inxustificable, máis aínda tendo en conta a vulnerabilidade demográfica e sanitaria da provincia.

A creación dunha unidade de ictus no CHUO non é unha cuestión de luxo nin de oportunidade política, senón unha obriga sanitaria, que responde aos principios de equidade, igualdade territorial e atención sanitaria en condicións de igualdade para toda a cidadanía galega.

Por todo o exposto, considérase necesario instar a Xunta de Galicia a adoptar con urxencia as medidas necesarias para poñer en funcionamento unha unidade de ictus permanente e completa en Ourense, que dispoña dos recursos humanos, técnicos e orzamentarios precisos para garantir unha atención integral, coordinada e de calidade.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar a provincia de Ourense dunha unidade de ictus plenamente operativa, radicada no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), que funcione as 24 horas do día, todos os días do ano.
2. Garantir a cobertura completa de recursos humanos, incluíndo persoal de neuroloxía, neurorradioloxía intervencionista, enfermaría especializada e



técnicos sanitarios, con quendas e gardas suficientes para o funcionamento continuo.

3. Equipar a unidade cos medios materiais precisos, como sala de hemodinámica, TAC e resonancia de urxencia, sistemas de monitorización intensiva e dotación tecnolóxica avanzada para a realización de trombectomías mecánicas no propio centro hospitalario.

4. Asignar as partidas orzamentarias necesarias, para a execución do proxecto, garantindo que figuren nos próximos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

5. Presentar no Parlamento de Galicia, nun prazo máximo de seis meses, un plan detallado de implantación da unidade de ictus de Ourense, que inclúa calendario de execución, previsión de recursos humanos e materiais, e estimación de carga asistencial.

6. Integrar a unidade no Plan galego de atención ao ictus, asegurando a coordinación efectiva co 061, coa Atención Primaria e co resto de hospitais do Servizo Galego de Saúde.

7. Remitir anualmente ao Parlamento un informe público de avaliación sobre a actividade, resultados asistenciais, número de casos atendidos, tempos de resposta, taxas de recuperación e derivacións evitadas.

8. Impulsar programas de formación, docencia e investigación no ámbito da patoloxía cerebrovascular no CHUO, en colaboración coa Universidade de Vigo e outras entidades científicas, co obxectivo de consolidar en Ourense un centro de referencia en atención neurolóxica e prevención do ictus.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/10/2025 13:54:26

Elena Espinosa Mangana na data 07/10/2025 13:54:43

Silvia Longueira Castro na data 07/10/2025 13:54:53

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 13:55:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:58:26
Nº Rexistro: 35889
Data envío: 07/10/2025 13:58:26.584

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:58:26
Nº Rexistro: 35889
Data envío: 07/10/2025 13:58:26.584

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 13:58:27

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 16:55:13
Nº Rexistro: 35897
Data envío: 07/10/2025 16:55:13.227

Asinado o día 07/10/2025 ás 16:53
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e dos deputados **Sonia Vidal Lamas, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a regulación pendente de plantas de biogás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 3 de outubro de 2025, o Diario Oficial de Galiza publicaba o anuncio do 25 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada e o estudo de impacto ambiental dunha planta de tratamento de residuos para a produción de biometano, compost e fertilizantes, no concello de Xunqueira de Ambía (Ourense). Titular: Biofertilizantes Xunqueira de Ambía, S.L. (expediente 2024-IPPC-I-153).

Nesta publicación engádese unha ligazón para a descarga e consulta da documentación relativa a este expediente. Literalmente di o seguinte:

A documentación estará á disposición das persoas administradas nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación, en horario de atención ao público (rúa de San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela). Ademais, tamén se poderá consultar na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e e Cambio Climático: <https://medioambiente.xunta.gal/busca-de-expedientes-da-autorizacion-ambiental-integrada>.

Asinado o día 07/10/2025 ás 16:53
Por José Manuel Golpe Acuña

Asinado o día 07/10/2025 ás 16:53
Por Sonia Vidal Lamas



Como se pode ver, a ligazón anterior non leva ao contedor da documentación, senón que apunta ao buscador de expedientes en tramitación de autorización ambiental integrada.

Nos días posteriores á publicación deste anuncio no DOG, e ata o mesmo da publicación da presente iniciativa, o expediente non era accesible a través do buscador da páxina web da consellería de medio ambiente.

A pesares de introducir os diferentes datos que solicita o buscador; concello, número de expediente, titular, etc. A documentación segue arestora sen estar dispoñible para as persoas e entidades que queiran consultala.

Entendendo que este problema técnico vulnera o prazo de exposición pública, aos efectos previstos no artigo 29 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (BOE núm. 273, do 10 de novembro). No que se establece un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, para que as calquera persoa interesada poida consultala e, de ser o caso, formular dentro do dito prazo as alegacións, suxestións ou observacións que considere convenientes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a ampliar o prazo de exposición pública do proxecto da planta de tratamento de residuos para a produción de biometano, compost e fertilizantes, no concello de Xunqueira de Ambía (Ourense). Titular: Biofertilizantes Xunqueira de Ambía, S.L. (expediente 2024-IPPC-I-153). En tantos días como se tarde en solucionar os problemas que impiden o acceso á documentación, e publicar este feito no DOG.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 07/10/2025 16:53:10

José Manuel Golpe Acuña na data 07/10/2025 16:53:17

Luis Bará Torres na data 07/10/2025 16:53:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 16:55:13
Nº Rexistro: 35897
Data envío: 07/10/2025 16:55:13.227

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 16:55:13
Nº Rexistro: 35897
Data envío: 07/10/2025 16:55:13.227

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 16:55:13

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:02:20
Nº Rexistro: 35902
Data envío: 07/10/2025 17:02:20.027

Asinado o día 07/10/2025 ás 16:57
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea vén de advertir á Xunta de Galicia pola falta de medidas concretas para a conservación das zonas especiais de protección afectadas polos incendios forestais. Estes espazos forman parte da Rede Natura 2000 e constitúen unha das principais riquezas naturais e ambientais do noso país.

Asinado o día 07/10/2025 ás 16:57
Por Carlos López Font

Desde 2010, máis do 10 % da superficie do Macizo Central ardeu, e situacións semellantes repítense noutras áreas da Rede Natura en Galicia. A ausencia dunha estratexia clara de restauración e prevención, unida á insuficiente dotación de recursos, compromete o cumprimento das obrigas comunitarias e pon en risco tanto a biodiversidade como o desenvolvemento sostible do medio rural.

A Unión Europea lembra que Galicia está obrigada a garantir a conservación efectiva destes espazos e podería abrir un procedemento sancionador de non adoptar medidas inmediatas. Resulta inadmisíbel que a Xunta de Galicia permaneza inactiva diante desta situación, hipotecando o noso patrimonio natural e expoñendo ao país a sancións económicas e á perda de fondos europeos.

Asinado o día 07/10/2025 ás 16:57
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125196

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:02:20
Nº Rexistro: 35902
Data envío: 07/10/2025 17:02:20.027

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobar con carácter urgente un plan específico de restauración e conservación das zonas da Rede Natura afectadas polos incendios, con medidas concretas, orzamentadas e calendarizadas.
2. Reforzar os programas de prevención de incendios forestais nas áreas protexidas, incrementando medios humanos e materiais.

Santiago de Compostela, a 7 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125197

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 07/10/2025 16:57:17

Carlos López Font na data 07/10/2025 16:57:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 16:57:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:02:20
Nº Rexistro: 35902
Data envío: 07/10/2025 17:02:20.027

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:02:20
Nº Rexistro: 35902
Data envío: 07/10/2025 17:02:20.027

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 17:02:20

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:03:42
Nº Rexistro: 35908
Data envío: 07/10/2025 17:03:42.950

Asinado o día 07/10/2025
17:00
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

A sinistralidade laboral continúa a ser unha das principais eivas do mercado de traballo en Galicia e unha das expresións máis graves da precariedade laboral. Lonxe de mellorar, os datos dos últimos anos confirman que estamos ante un problema estrutural que require unha resposta política e institucional moito máis decidida.

Segundo os datos do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), no ano 2024 rexistráronse 30.359 accidentes laborais, dos cales 469 foron graves e 64 mortais, o que supón un incremento do 14,3 % respecto do ano anterior. Durante o primeiro semestre de 2025, 32 persoas traballadoras perderon a vida no desempeño da súa actividade laboral. Galicia sitúase así como a segunda comunidade autónoma con maior taxa de incidencia en accidentes mortais, só por detrás da Ríoxa e moi por enriba da media estatal.

Os sectores máis afectados seguen a ser o sector servizos, a construción, a industria, a pesca e a agricultura, todos eles cunha alta exposición a riscos físicos e organizativos. As provincias de Pontevedra e A Coruña concentran máis da metade dos accidentes mortais rexistrados.

Estes datos amosan que a Lei de prevención de riscos laborais non se está a aplicar de maneira efectiva e que a política de prevención da Xunta de Galicia carece da ambición e dos medios necesarios. A seguridade e a saúde laboral non poden seguir tratándose como un asunto secundario nin reducirse a

Asinado o día 07/10/2025 ás
17:00
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 07/10/2025 ás
16:59
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125200

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-T1K05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:03:42
Nº Rexistro: 35908
Data envío: 07/10/2025 17:03:42.950

campañas de concienciación; cómpre máis recursos, máis inspección e máis compromiso político.

Cómpre tamén poñer o foco en tres ámbitos especialmente preocupantes:

1. O aumento das enfermidades profesionais, moitas veces infradeclaradas, e que requiren un estudo epidemiolóxico serio para coñecer a súa verdadeira dimensión en Galicia.
2. Os riscos psicosociais e a saúde mental laboral, un campo aínda desatendido. Máis da metade das mortes en xornada laboral en Galicia están vinculadas a infartos ou patoloxías non traumáticas, frecuentemente relacionadas con estrés, sobrecarga de traballo e condicións organizativas deficientes.
3. A isto engádese un novo desafío: as condicións climáticas extremas derivadas da emerxencia climática, que afectan especialmente a traballadores e traballadoras de sectores como a construción, o transporte, a agricultura, a recollida de residuos e os servizos ao aire libre.

Galicia precisa protocolos específicos de prevención fronte á calor, ás treboadas, ao vento ou ao frío extremo, con medidas de adaptación horaria, dereito a interromper a actividade cando se superen certos límites térmicos, e formación específica para identificar síntomas de risco.

Por outra banda, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) debe contar cos recursos humanos e materiais necesarios para exercer as súas competencias con eficacia, ampliando a súa capacidade inspectora, mellorando a coordinación coa Inspección de Traballo e desenvolvendo programas propios de formación, asesoramento e control en sectores de alto risco.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125201

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:03:42
Nº Rexistro: 35908
Data envío: 07/10/2025 17:03:42.950

A sinistralidade laboral non é unha fatalidade: é consecuencia directa de políticas insuficientes, dunha cultura preventiva feble e dun sistema produtivo que, con frecuencia, prioriza o beneficio económico sobre a seguridade das persoas. O compromiso coa vida e coa saúde no traballo debe traducirse en medidas concretas, dotadas de orzamento e avaliáveis.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, no prazo máximo de tres meses, un plan de choque galego contra a sinistralidade laboral, con participación dos axentes sociais, obxectivos concretos de redución de accidentes mortais e graves, e dotación orzamentaria suficiente.
2. Reforzar o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) mediante o incremento dos seus recursos humanos e materiais, o fortalecemento da súa capacidade inspectora e a mellora da coordinación coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.
3. Aumentar as partidas orzamentarias destinadas a seguridade e saúde laboral nos orzamentos da Xunta de Galicia, garantindo un crecemento proporcional á gravidade dos datos de sinistralidade e á necesidade de reforzar a prevención.
4. Aprobar protocolos de prevención fronte a condicións climáticas extremas, establecendo criterios obxectivos de suspensión ou adaptación de actividades, dereito á interrupción sen penalización, medidas de protección e formación específica.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:03:42
Nº Rexistro: 35908
Data envío: 07/10/2025 17:03:42.950

5. Impulsar un plan de acción para a prevención dos riscos psicosociais e a protección da saúde mental laboral, con campañas de sensibilización, avaliacións específicas e programas de apoio ás empresas e traballadores.

6. Promover programas específicos de prevención nos sectores de maior risco —construción, pesca, agricultura, industria e servizos— adaptados ás características de cada actividade e con seguimento periódico dos resultados.

7. Fomentar a cultura preventiva no tecido empresarial galego, reforzando a formación en materia de seguridade laboral, especialmente nas pequenas e medianas empresas e entre o persoal con contratación temporal.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125203

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/10/2025 16:59:57

Elena Espinosa Mangana na data 07/10/2025 17:00:05

Silvia Longueira Castro na data 07/10/2025 17:00:19

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 17:01:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:03:42
Nº Rexistro: 35908
Data envío: 07/10/2025 17:03:42.950

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 17:03:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:03:42
Nº Rexistro: 35908
Data envío: 07/10/2025 17:03:42.950

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:35:31
Nº Rexistro: 35917
Data envío: 07/10/2025 17:35:31.024

Asinado o día 07/10/2025 ás 17:34
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa doa deputados **Oscar Insua Lema, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, solicitando melloras de seguridade viaria na travesía urbana de Corcubión e na Amarela (AC-445).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-445 constitúe unha das principais vías de comunicación da comarca de Fisterra. Non obstante, presenta graves deficiencias en termos de seguridade viaria ao seu paso polo municipio de Corcubión, especialmente na travesía, no tramo que cruza o núcleo urbano e no lugar da Amarela, antes de chegar a Estorde.

Nos últimos anos téñense producido varios atropelos, algúns deles con consecuencias moi graves, como o desta semana, onde falecía un viandante ao cruzar no inicio da travesía. A veciñanza leva tempo reclamando medidas que contribúan a reducir a velocidade dos vehículos e a mellorar a seguridade dos peóns. A configuración actual da vía, cun tránsito elevado que non existe no verán e con escasos elementos de acougado de tráfico, contribúe a situacións de risco permanente, pois son moitos os veciños e veciñas que ven cruzar os vehículos a gran velocidade pola mesma travesía, sobre todo á noite cando existe menos visibilidade, a pesar de ter pasos de peóns iluminados.

Situación similar padece a veciñanza da Amarela en todo o tramo que atravesa o lugar, ao non dispoñer dun paso de peóns para cruzar a estrada, o cal está limitado a 50Km/h, mais os vehículos circulan a velocidades superiores, polo que é preciso establecer un paso de peóns, como xa se ten reclamado en Estorde (Cee), ou na Anchoa

Asinado o día 07/10/2025 ás 17:34
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 07/10/2025 ás 17:34
Por Oscar Insua Lema





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

(Fisterra), lugar este último onde si se puxeron despois de que un veciño fisterrán perdera a vida cruzando a vía.

No Plan de seguridade viaria 2022-25 publicado pola Xunta de Galiza, pódense observar os datos da evolución da sinistralidade na Rede Autonómica galega, e no apartado de atropelos e vítimas segundo a vía, observase que a maior parte dos atropelos prodúcense nas travesías e non nas estradas, existindo no ano 2024, sesenta accidentes nas travesías, dos cales tres foron mortais, dez graves e cincuenta leves. Un dos grandes retos deste plan é reducir nun 25% o número de peóns atropelados nas vías urbanas e travesías, e para conseguir iso establécense varios retos e medidas acordados aos mesmos.

Urxe, por tanto, que a administración competente —neste caso, a Xunta de Galiza a través da Axencia Galega de Infraestruturas— leve a cabo actuacións inmediatas para mellorar a seguridade na zona urbana de Corcubión pola que discorre a AC-445 e no lugar da Amarela

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- 1.- Realizar unha auditoría urxente de seguridade viaria no tramo urbano da AC-552 ao seu paso por Corcubión.
- 2.- Implantar medidas de acougado de tráfico como pasos de peóns sobreelevados, lombos redutores de velocidade ou radares pedagóxico.
- 3.- Mellorar a sinalización vertical e horizontal para advertir da presenza de peóns e da obriga de reducir a velocidade.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

4.- Adoptar as medidas que sexan necesarias para mellorar a seguridade na estrada AC-445 ao seu paso polo lugar da Amarela (Corcubión), instalando pasos de peóns e sinais de redución da velocidade.

5.- Colaborar co Concello de Corcubión para garantir a seguridade da veciñanza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 07/10/2025 17:34:04

Paulo Ríos Santomé na data 07/10/2025 17:34:10

Luis Bará Torres na data 07/10/2025 17:34:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:35:31
Nº Rexistro: 35917
Data envío: 07/10/2025 17:35:31.024

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:35:31
Nº Rexistro: 35917
Data envío: 07/10/2025 17:35:31.024

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 17:35:33

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:47:34
Nº Rexistro: 35922
Data envío: 07/10/2025 17:47:34.584

Asinado o día 07/10/2025 ás 17:45
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Valle Inclán de Oleiros é un dos centros de ensino galegos punteiros en resultados académicos e implicación do equipo docente. Máis de 450 alumnos/as conforman unha comunidade educativa na que non só está implícito o programa da Consellería de Educación, senón que articula unha serie de actividades e formación extra escolar innovadora e de calidade: horta, robótica, sección bilingüe, saídas a centros de arte, etc. Unha referencia dentro do municipio que abrangue a máis de 38.000 habitantes e para a área metropolitana da Coruña.

Asinado o día 07/10/2025 ás 17:45
Por Aitor Bouza Manso

O curso pasado estaba concedido o desdobre das aulas en 2º e 5º de Educación Primaria (EP), de forma que existían tres grupos por curso para cumprir coa ratio legal. Sen embargo, no curso 2025/2026 a Consellería eliminou este desdobre: a totalidade dese alumnado, que pasou este curso a 3º e 6º de educación primaria, foi distribuído pola Consellería en dúas aulas de 27 ou 28 alumnos cada unha. Así pois, elimináronse dúas titorías e a Consellería non enviou os dous mestres correspondentes.

Asinado o día 07/10/2025 ás 17:45
Por Silvia Longueira Castro

Coma “paliativo” optouse por facer o desdobre e os dous docentes enviados pola Consellería a través do Plan MEGA, para o reforzo educativo e de apoio ás titorías, pasaron a ser directamente mestres titores. Como consecuencia

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125211

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:47:34
Nº Rexistro: 35922
Data envío: 07/10/2025 17:47:34.584

desta falta de profesorado, o colexio (con case 450 alumnos/as e 37 docentes) conta en moitas sesións tan só cun docente de garda, algo totalmente insuficiente. No caso de que haxa dous docentes ausentes no mesmo día, como xa pasou, o centro conta con tan só un profesor para atender a dúas aulas.

O equipo de orientación, estase vendo afectados nos horarios da súa organización, pois deixou de haber profesorado con dispoñibilidade horaria para ocuparse do alumnado NEAE. Reduciuse así, o tempo de atención por alumno.

Tamén teñen paralizado os proxectos didácticos que mencionábamnos ao inicio como horta, robótica ou informática; así como as saídas a actividades de saída do centro. Toda esta situación foi denunciada pola ANPA do Centro que xa comunicou ás familias do alumnado o que está a acontecer e mesmo xa mantiveron unha reunión co Inspector Educativo, sen que se producise ningún cambio na situación actual.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Aumentar a dotación de persoal docente no CEIP Ramón María del Valle Inclán de forma urxente para atender en condicións axeitadas ó alumnado do centro.
2. Garantir que o profesorado do alumnado NEAE teña a dispoñibilidade horario para ocuparse do seu cometido segundo marcan os parámetros educativos.

Santiago de Compostela, a 7 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125212

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 07/10/2025 17:45:32

Aitor Bouza Manso na data 07/10/2025 17:45:39

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/10/2025 17:45:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:47:34
Nº Rexistro: 35922
Data envío: 07/10/2025 17:47:34.584

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 17:47:34
Nº Rexistro: 35922
Data envío: 07/10/2025 17:47:34.584

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 17:47:35

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa ás á supresión de titor/a no curso de 3º B do CEIP O Grupo, de Ribeira, e ás actuacións para resolver as súas eivas de espazo e outras nos edificios que o integran.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ANPA do CEIP O Grupo de Ribeira está a levar a cabo mobilizacións dende o primeiro día do curso polo que consideran unha situación inxusta e ilegal que provoca a mingua da calidade educativa do alumnado: A falta dun titor/a de Educación Primaria que se faga cargo do curso de 3ºB, un grupo de 23 nenos e nenas de 7 e 8 anos, algúns deles con necesidades educativas especiais moi graves.

O artigo 5 (Titoría e Orientación) da Orde do 26 de maio de 2023 (DOG do 13 de xuño), pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria en Galiza e se regula a avaliación nesa etapa educativa, recolle que “cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha persoa titora que se responsabilizará da atención e do seguimento personalizado do alumnado do grupo, así como da orientación da aprendizaxe e do apoio no seu proceso educativo”.

No caso do CEIP O Grupo non está a ser así e a situación veu provocada pola baixa, por concesión de comisión de servizos por conciliación familiar no mes de xullo, da titora dese curso. Unha praza que, ao quedar vacante, debía ser cuberta de xeito

Asinado o día 08/10/2025 ás
09:31
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 08/10/2025 ás
09:31
Por Rosana Pérez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

automático pola administración e unhas circunstancias que lle foron comunicadas á Inspección Educativa reiteradamente por parte da Dirección do centro.

O día antes de comezar oficialmente o curso, o 5 de setembro, comunicóuselle á Dirección por parte da Consellaría de Educación que ese titor/a non se enviaría e a alternativa que propoñía era que o curso de 3ºB fose co-tutorizado por outro dos mestres do colexio e que as materias lle fosen impartidas polo resto do profesorado xa que, segundo a administración, o catálogo do centro estaba completo.

Cos horarios pechados e os titores nomeados, a Dirección do centro volveu dirixirse á Inspección Educativa e á Xefatura Territorial para comunicarlles que a solución que propoñían restaría horas de proxectos, gardas, especialidades e outras tarefas ao resto do profesorado e suporía un gravísimo prexuízo para o conxunto do alumnado.

Diante da persistencia da administración educativa, a Dirección presentou a súa dimisión, que non lle foi admitida pola Inspección quen, ademais, lle obrigaba a que resolvese o problema.

Estamos a falar dun centro con máis de 400 alumnos e alumnas de Educación Infantil e Primaria, no que aproximadamente o 25% deles está diagnosticado con NEAE e onde todas as clases superan os 20 alumnos, chegando moitas delas a 25 sen ponderación. Nomeadamente, 3º B conta con 23 alumnos e alumnas e a falta dun titor ou titora para ese grupo afectaría ao conxunto dos 412 alumnos actuais.

Cabe salientar que, aínda completo, o catálogo do centro non se adapta á realidade xa que contempla 12 unidades de Educación Primaria cando o centro ten 13.

Por outra banda, aínda con ese volume de alumnado, é un centro que ten importantes eivas en canto a espazo e que leva anos reclamando a reforma integral do edificio anexo no que se situaba a comisaría de policía. Precisa, ademais, a urxente





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

reparación da cuberta do edificio de Educación Infantil, o arranxo do pavillón deportivo e o pintado exterior do edificio principal.

As reclamacións da ANPA, sobre todo as referidas ao nomeamento dun titor ou titora para 3º B e ás eivas de espazo e dos edificios educativos do Grupo veñen de ser apoiadas unanimemente pola Corporación do Concello de Ribeira, mais ata o de agora non foron escoitadas nin atendidas e os seus escritos non foron nunca respondidas por parte da Consellaría, o cal pon de manifesto unha vez máis o desprezo, a prepotencia e a falta de respecto que vén mantendo coas ANPAS en particular e coas comunidades educativas en xeral.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

. Nomear de xeito inmediato un mestre ou mestra de Educación Primaria para titorizar o curso de 3ºB do CEIP O Grupo de Ribeira.

. Levar a cabo as obras de mellora urxentes nese centro, nomeadamente a reforma integral do edificio da vella comisaría de policía, o arranxo da cuberta do edificio anexo de Educación Infantil e o pintado exterior do edificio principal”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 08/10/2025 9:31:15

Cristina Fernández Davila na data 08/10/2025 9:31:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 09:32:17
Nº Rexistro: 36004
Data envío: 08/10/2025 09:32:17.806

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 9:32:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 09:32:17
Nº Rexistro: 36004
Data envío: 08/10/2025 09:32:17.806

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ao 18 aniversario da lei galega contra a violencia machista e ao reforzo do sistema público de loita contra a violencia contra as mulleres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste 2025 cúmplíronse 18 anos da Lei galega contra a violencia machista aprobada no 2007 despois dun intenso traballo de escoita social. Esta foi unha lei pioneira e vangardista a nivel europeo: contemplou a visión da violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións e como consecuencia do patriarcado, ampliou o seu recoñecemento máis alá do ámbito da parella e deseñou medidas integrais de sensibilización, prevención, protección e apoio ás mulleres que a sofren.

Desde entón, grazas á presión da mobilización feminista e ao esforzo de distintos colectivos, tamén do nacionalismo galego, houbo distintas melloras e puxéronse en marcha recursos importantes. Porén, non é suficiente e o sistema de loita contra a violencia machista en Galiza sofre a desidia do Partido Popular no desenvolvemento do marco legal e os recortes aplicados nos servizos públicos durante as crises económicas.

Aspectos recollidos na lei como garantir a atención psicolóxica na Atención Primaria non son hoxe unha realidade nunha sanidade pública en crise; as axudas económicas son aínda menores ás aprobadas hai case dúas décadas e non recollen o medre da carestía da vida; non existe unha axuda periódica que inclúa ás vítimas de violencia sexual; non se garante a formación especializada das dos profesionais que traballan na

Asinado o día 08/10/2025 ás
10:03
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 08/10/2025 ás
10:03
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

cadea de atención á violencia machista; o ámbito xudicial segue arrastrando unha enorme revitimización; falta financiamento e persoal para os CIM e en ámbitos estratéxicos como o ensino público non hai un verdadeiro plan de educación afectivo-sexual, eliminouse a materia de igualdade e o Partido Popular intenta impoñer mecanismos de control ideolóxico para restar espazo ás iniciativas feministas de profesorado e estudantado.

No verán de 2025 coñecemos un informe demoledor do Consello de Contas no que se avalían as políticas públicas da Xunta en materia de violencia de xénero no período 2018-2022. Entre outras cuestións, este Informe sinala que, malia a súa importancia, a Xunta de Galiza só destina a prevención un 3% dos recursos. Ademais, o informe sinala o recorte de persoal e a falta de construción dun sistema público e directo de atención ás vítimas, de maneira que o goberno galego foi descasando funcións que lle son propias nos concellos, sobrecargándoos, ou privatizando servizos. Así, no período 2018-2022 os centros de acollida para vítimas de violencia son entidades municipais ou propiedade de entidades privadas; tan só o Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) é un centro propio. Da mesma maneira, tal e como denunciaron colectivos feministas, profesionais e o BNG, no ano 2024 a Xunta privatizaba os centros de crise 24 horas para a atención da violencia sexual. Máis de nove meses despois da súa posta en marcha, a Xunta do PP segue ocultando a súa información.

A privatización, precarización ou carencia de servizos públicos son un obstáculo na loita contra a violencia machista. É por iso que é fundamental tanto acrecentar os recursos económicos para este ámbito como reforzar os servizos públicos. Algo tan sensible como a atención á violencia sexual non pode depender de empresas multiservizo vinculadas ao Partido Popular como Eulen ou OHL e os graves incidentes coas pulseiras de control telemático no Estado tamén son unha alerta sobre as carencias de recursos que están en mans privadas.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Neste 2025 cúmprense tamén 30 anos da Declaración de Beijing. Hai que recordar que se recoñecía internacionalmente algo hoxe cuestionado abertamente, que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro de obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz e que menoscaba ou impide o gozo pola muller dos seus dereitos humanos e das liberdades fundamentais. Daquela equiparábase, por primeira vez, a violencia contra as mulleres como violencia de xénero, entendendo esta como unha construción cultural susceptible de ser modificada no tempo a través dos procesos de socialización.

Nun contexto de avance e normalización das posicións negacionistas, que coincide coa defensa ultraliberal do baleirado dos servizos públicos, urxe unha resposta que aposte por máis feminismo, máis recursos e máis servizos públicos. Temos que denunciar de forma clara e directa que cuestionar o a violencia machista é violencia machista e que privatizar e desmantelar os servizos públicos resta capacidade na loita pola igualdade e contra a violencia machista.

No 2024 foron asasinadas, segundo as estatísticas oficiais, cinco mulleres en Galiza. Hoxe hai máis de 6.000 casos activos en Viogén e no que vai de 2025 houbo varios feminicidios e intentos de feminicidio en Galiza. A violencia machista é unha realidade incuestionable, constitúe un problema de dereitos humanos e é o principal problema da vida das mulleres e polo tanto as institucións deben reaccionar reforzando recursos e servizos públicos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego ista a Xunta de Galiza ao reforzo dos servizos públicos e o aumento dos recursos do sistema de protección e atención ás vítimas a partir das seguintes medidas:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1) Atender as recomendacións e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 e, singularmente, pautar o incremento de persoal, o incremento do orzamento destinado a prevención e sensibilización e a planificación dos procesos de contratación e subvencións con publicidade e concorrenci

2) Aprobar un plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista cun amplo proceso de participación social, indicadores de seguimento, orzamento e cronograma no ano 2026.

3) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

4) Reinternalizar no sistema público os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial así como aprobar, para a súa posta en marcha no ano 2026, unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/10/2025 10:03:26

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2025 10:03:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 10:05:52
Nº Rexistro: 36013
Data envío: 08/10/2025 10:05:52.621

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 10:05:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 10:05:52
Nº Rexistro: 36013
Data envío: 08/10/2025 10:05:52.621

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luís Bará Torres** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de garantir a seguridade e a suficiencia de prazas no servizo público de transporte por estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Coa chegada do Plan de Transporte da Xunta de Galiza, foron moitas as queixas e os incumprimentos de contrato, tales como atrasos inxustificables, superación da idade máxima nos vehículos incluídos nas licitacións, falta de vehículos, falta de prazas etc.

Son moitas tamén as usuarias e usuarios que están a sufrir os efectos destes incumprimentos e irregularidades, sendo un deles a falta de prazas nos vehículos o que obriga a viaxar de pé a un número importante de persoas, o que conleva molestias evidentes e mesmo pode supoñer un risco para a seguridade dos pasaxeiros e pasaxeiras.

Asinado o día 08/10/2025 ás
11:54
Por Luís Bará Torres

Asinado o día 08/10/2025 ás
11:54
Por Paulo Ríos Santomé



A Xunta de Galiza ten manifestado que cumpre a lei no relativo á posibilidade de realizar a viaxe de pé sempre que sexan traxectos curtos e non se superen os 80km/h, así como que estes traxectos non sexan realizados por autoestradas ou autovías.

Se ben, a lei referida, é unha lei do ano 2003, polo que se debera elaborar unha lei propia que regule este tipo de situacións dun xeito adaptado á realidade actual, os usuarios e usuarias están a informar que estes condicionantes que permite a lei non se están a cumprir.

Son moitos casos onde estes desprazamentos con xente de pé nos vehículos está a ser realizada en vías non permitidas e non sempre cumprindo a velocidade máxima fixada.

A Xunta de Galiza non pode ampararse nunha lexislación obsoleta, que nin sequera cumpre en moitos casos, para tapar a falta de prazas e vehículos nas liñas de transporte que están a sufrir estes problemas.

Desde o BNG entendemos que non se trata dunha cuestión puntual nin conxuntural, polo que require unha atención e solucións reais para atallar esta problemática.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a garantir a suficiencia de prazas e a seguridade dos pasaxeiros e pasaxeirás no servizo de transporte público por estrada”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 08/10/2025 11:54:25

Luis Bará Torres na data 08/10/2025 11:54:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 11:56:29
Nº Rexistro: 36022
Data envío: 08/10/2025 11:56:29.694

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 11:56:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 11:56:29
Nº Rexistro: 36022
Data envío: 08/10/2025 11:56:29.694

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 08/10/2025
12:11
Por Oscar Insua Lema

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Secundino Fernández Fernández** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a demanda da transferencia a Galiza de facultades e competencia sobre o catastro inmobiliario.

Asinado o día 08/10/2025 ás 12:11
Por Secundino Fernández
Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O catastro inmobiliario constitúe a base técnica e administrativa fundamental para a ordenación do territorio, a xestión tributaria, a planificación urbanística e a protección do medio ambiente. A súa precisión, actualización e accesibilidade son esenciais para o correcto funcionamento das políticas públicas, tanto a nivel estatal como autonómico e local.

En Galiza, a realidade territorial —marcada pola dispersión da poboación, a riqueza do solo rústico, a singularidade das estruturas de propiedade e a necesidade de protexer os espazos naturais— esixe unha xestión catastral áxil, precisa e adaptada ás nosas especificidades. A actual natureza centralizada e a súa orientación estatal dificultan a resposta ás necesidades concretas e cambiantes do noso territorio.

Galiza conta con responsabilidades, como na ordenación do territorio, en urbanismo, medio ambiente, a prevención de incendios forestais e fiscais (IBI, Sucesións, Patrimonio, etc.), profundamente interrelacionadas coa información catastral; así como recursos técnicos e experiencia que permitiría unha xestión eficaz da xestión do catastro inmobiliario.

Asinado o día 08/10/2025 ás
12:11
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actual situación, na que a Xunta depende dunha administración estatal para acceder e actualizar datos que son esenciais para as súas propias competencias, supón un freo administrativo, unha ineficiencia operativa e un risco de descoordinación. Exemplos cotiáns como a actualización de parcelas tras incendios, a regularización de construcións rurais, a identificación de solares urbanos baldíos ou a coordinación coas entidades locais para a xestión do Imposto de Bens Inmóveis demostran que a transferencia da xestión do Catastro non é un capricho, senón unha necesidade práctica e unha demanda de bo senso administrativo.

Ademais, a transferencia permitiría:

Mellorar a precisión e actualización dos datos, aproveitando o coñecemento directo do territorio que teñen as administracións autonómicas e locais.

Axilizar os procedementos, eliminando intermediarios e burocracias innecesarias entre a administración estatal e a autonómica.

Fomentar a transparencia e o acceso dos cidadáns, integrando a información catastral nun portal único de servizos públicos galegos.

Fortalecer a cohesión das políticas públicas, ao unificar a xestión da información territorial baixo un único mando técnico e político responsable ante o Parlamento.

O marco normativo actual permite que Galiza asuma facultades sobre a xestión (non necesariamente a titularidade) do catastro que lle confiran a responsabilidade de manter, actualizar e xestionar operativamente a base de datos catastral no noso territorio, sen prexuízo e que o Estado manteña a supervisión normativa.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a demandar do Estado a transferencia a Galiza de atribucións e/ou facultades en materia de xestión do catastro inmobiliario que permita, entre outros extremos a formación, actualización e mantemento dos datos catastrais da modificacións nas parcelas, cambios de titularidade, actualizacións de superficie, uso e descrición dos inmoables, así como da valoración dos bens inscritos e a elaboración e mantemento da cartografía catastral”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/10/2025 12:11:28

Secundino Fernández Fernández na data 08/10/2025 12:11:35

Óscar Insua Lema na data 08/10/2025 12:11:41

Ana Pontón Mondelo na data 08/10/2025 12:11:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 12:13:57
Nº Rexistro: 36027
Data envío: 08/10/2025 12:13:57,809

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 12:13:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 12:13:57
Nº Rexistro: 36027
Data envío: 08/10/2025 12:13:57.809

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **na Comisión 8ª**.

As rías galegas constitúen un ecosistema de alto valor ecolóxico, económico e social. O seu equilibrio depende da conservación dos hábitats mariños e do mantemento da biodiversidade que sustenta actividades fundamentais como o marisqueo e a pesca artesanal. Porén, nos últimos anos estase a detectar un incremento alarmante da presenza de especies exóticas invasoras en diversos puntos do litoral galego.

Con especial gravidade, a ría de Pontevedra vese ameazada pola proliferación deste tipo de especies, segundo alertan mariscadoras e mariscadores, confrarías e informes técnicos. Segundo recolle a prensa, entre 2023 e 2024, a ría perdeu un 34,5 % de volume marisqueiro e un 35,8 % de ingresos, situación que se atribúe, en boa parte, á competencia destas especies invasoras polos hábitats e recursos mariños.

A día de hoxe non existe un plan integral de control nin un inventario público e actualizado de especies invasoras mariñas no conxunto das rías galegas. Esta ausencia de estratexia dificulta a prevención, a detección temperá e a intervención eficaz para protexer os recursos pesqueiros e marisqueiros.

Por todo o anterior, e no exercicio das funcións parlamentarias de impulso é preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 12:51:51
Nº Rexistro: 36036
Data envío: 08/10/2025 12:51:51.546

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e poñer en marcha, nun prazo non superior a seis meses, un plan integral de control das especies exóticas invasoras mariñas nas rías galegas, que inclúa:

- a) A elaboración dun inventario e cartografía actualizada das especies invasoras detectadas, co seu grao de expansión.
- b) A identificación das especies que supoñen maior risco para os bancos marisqueiros e para a biodiversidade mariña.
- c) A definición de protocolos de vixilancia, detección temperá e resposta rápida fronte a novas introducións.
- d) A posta en marcha de medidas de control ou erradicación, con base científica e ambientalmente sostibles.
- e) A coordinación cos sectores implicados —confrarías, investigación, concellos costeiros e ONG ambientais— para garantir a eficacia e a participación no deseño e aplicación das medidas.

2. Dotar dunha partida orzamentaria específica, a partir do exercicio 2026, para a implementación progresiva das accións previstas no devandito plan.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125236

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/10/2025 12:42:49

Carlos López Font na data 08/10/2025 12:43:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 12:43:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 12:51:51
Nº Rexistro: 36036
Data envío: 08/10/2025 12:51:51.546

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 12:51:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 12:51:51
Nº Rexistro: 36036
Data envío: 08/10/2025 12:51:51.546

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 08/10/2025
13:28
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Secundino Fernández Fernández** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a recuperación dos terreos ocupados pola consellaría do Medio Rural na Xunqueira do río Alba ou da Gándara (Pontevedra).

Asinado o día 08/10/2025 ás 13:28
Por Secundino Fernández
Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2022 o grupo parlamentar do BNG promoveu un conxunto de iniciativas nas que instaba á Xunta a trasladar as instalacións situadas no ENIL da Xunqueira do río Alba ou da Gándara (Pontevedra), en dominio público marítimo terrestre e con concesións caducadas.

Estas propostas camiñaban en paralelo co proceso iniciado pola Deputación Provincial, que aprobou e levou a cabo o proxecto de demolición da imprenta provincial e o traslado ao polígono de Barro do parque de maquinaria, o que permitiu gañar no ano 2024 unha zona verde de 17.700 m2.

En resposta a unha pregunta parlamentar do BNG, a consellaría do Medio Rural anunciou en 2022 o traslado das instalacións que ocupa na Xunqueira do Alba sobre un predio de 8.700 metros cadrados que funcionaba como centro loxístico, taller e base para o servizo de bombeiros forestais.

O plan de Medio Rural pasaba por trasladar o centro loxístico ao polígono de Botos, en Lalín, a unha nave de nova construción que contaba con un orzamento de 1,3 millóns de euros. No que respecta á base dos bombeiros forestais a previsión era o traslado ao polígono do Campiño, a unha parcela cedida polo Concello.

Asinado o día 08/10/2025 ás 13:28
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Naquela altura, o director de Defensa do Monte manifestou que "O obxectivo é ter o proxecto de demolición e rexeneración en 2023 para deixar os terreos libres e rexenerados na medida do posible".

A día de hoxe, transcorridos tres anos desde o primeiro anuncio do traslado, o predio en cuestión segue ocupado por instalacións, maquinaria e vehículos da consellaría e non hai ningunha nova sobre a recuperación deses terreos situados no dominio público e incluídos no espazo natural de interese local da Xunqueira do Alba.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta a presentar no prazo de tres meses unha proposta de desmantelamento e recuperación do espazo que ocupa a consellaría do Medio Rural na Xunqueira do Alba, no concello de Pontevedra. Esta proposta incluírá un calendario e o compromiso orzamentario para que se poida levar a cabo no prazo máximo de dous anos”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 08/10/2025 13:28:33

Secundino Fernández Fernández na data 08/10/2025 13:28:40

Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/10/2025 13:28:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 13:30:31
Nº Rexistro: 36045
Data envío: 08/10/2025 13:30:31.417

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 13:30:31
Nº Rexistro: 36045
Data envío: 08/10/2025 13:30:31.417

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 13:30:32

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 13:32:37
Nº Rexistro: 36051
Data envío: 08/10/2025 13:32:37,273

Asinado o día 08/10/2025 ás 13:30
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª**.

O marisqueo constitúe unha actividade económica, social e cultural esencial para Galicia, en especial nas zonas costeiras e nas rías. Segundo os últimos datos dispoñibles, máis de 4.500 persoas dedícanse profesionalmente ao marisqueo por conta propia, sendo a modalidade “a pé” maioritariamente feminina, cunha presenza de mulleres superior ao 90 % neste segmento.

Nos últimos anos observamos unha preocupante diminución da base social do sector: a principios da década pasada, había máis de 7.000 mariscadoras censadas; na actualidade, esta cifra redúcese a menos de 5.000.

O envellecemento da poboación marisqueira, a falta de incorporación de novas xeracións, a precariedade económica e a dificultade para conciliar a vida profesional e familiar sitúan o marisqueo galego nunha encrucillada histórica.

A situación ten repercusión directa sobre a sustentabilidade do recurso, a viabilidade das confrarías e a economía de moitos fogares galegos.

Nun contexto no que o conxunto do sector marítimo-pesqueiro dá emprego a máis de 50.000 persoas en Galicia, é imprescindible adoptar medidas públicas de apoio, planificación e protección para garantir o futuro do marisqueo.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

Asinado o día 08/10/2025 ás 13:29
Por Carlos López Font

Asinado o día 08/10/2025 ás 13:29
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125243

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 13:32:37
Nº Rexistro: 36051
Data envío: 08/10/2025 13:32:37,273

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implementar medidas que garantan a continuidade da actividade marisqueira e melloren as condicións laborais e vitais das persoas mariscadoras.

Entre as que se inclúan as seguintes :

a) A realización dun diagnóstico actualizado da situación socioeconómica do sector marisqueiro, con especial atención á distribución por idades, xénero, modalidades e zonas máis afectadas pola perda de persoal.

b) A posta en marcha de axudas económicas para a incorporación de persoas novas ao marisqueo profesional, tanto na modalidade a pé como con embarcación, incluíndo apoio á formación, adquisición de material e redución de taxas administrativas.

c) Medidas de conciliación e coidados destinadas a mariscadoras e mariscadores, especialmente en zonas rurais e periurbanas, que faciliten a continuidade na actividade.

d) A integración da perspectiva de xénero nas políticas marisqueiras da Xunta, recoñecendo o papel central das mulleres e promovendo a súa representatividade nos órganos de decisión do sector.

e) O impulso a campañas de promoción e recoñecemento social do marisqueo como actividade esencial, digna e con futuro, co obxectivo de atraer talento novo e poñer en valor o traballo desenvolvido polas mariscadoras galegas ao longo de xeracións.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125244

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/10/2025 13:29:39

Carlos López Font na data 08/10/2025 13:29:54

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 13:30:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 13:32:37
Nº Rexistro: 36051
Data envío: 08/10/2025 13:32:37,273

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 13:32:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 13:32:37
Nº Rexistro: 36051
Data envío: 08/10/2025 13:32:37,273

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o traslado das instalacións que ten a Xunta na Xunqueira do Alba ou da Gándara destinadas a Centro de Conservación e Vialidade Invernal da Rede de Estradas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está ocupando actualmente dous terreos no ámbito do ENIL da Xunqueira do Alba, en dominio público marítimo terrestre. Un deles, de 8.700 m2 está dedicado a servizos de extinción de incendios da Consellaría do Medio Rural, departamento que anunciou xa fai tres anos o traslado e desmantelamento destas instalacións. O outro está ocupado polas instalacións da Axencia Galega de Infraestruturas destinadas ao *Centro de Conservación e Vialidade Invernal da Rede de Estradas (AGI)*

Cómpre ter en conta que os dous terreos que ocupa de maneira irregular a Xunta suman 13.700 m2, que unha vez liberados permitirían -xunto con outras parcelas- crear unha gran zona verde de máis de 40.000 m2 entre a avenida de Domingo Fontán, a rúa Martin Códax e a canle da desembocadura do río da Gándara.

Ao mesmo tempo, está en proceso o traslado das instalacións do centro de exames da DGT (6.875m2), para o que o concello ofreceu unha parcela no polígono industrial do Campiño. Quedaría pendente a recuperación dos terreos que ocupa o parque móbil do Estado (7.900 m2) xunto con outros terreos actualmente en desuso que suman máis de 10.000 m2.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda que na xuntanza que mantivo o alcalde co presidente da Xunta en outubro de 2023 Rueda amosou a disposición ao traslado das instalacións da Axencia Galega de Infraestruturas, a realidade é que transcorrido máis de dous anos e medio non se coñece ningún avance neste proxecto.

En relación co traslado e recuperación dos terreos que ocupa a AGI, cabe lembrar que no ano 2022 houbo un ofrecemento por parte da Deputación da cesión dun terreo no polígono de Barro, sen que se manifestase interese por parte da Xunta. En relación co custo que tería o desmantelamento e construción das novas instalacións, cómpre ter en conta que se trata dun equipamento de competencia autonómica e de ámbito supramunicipal polo que non resulta razoábel que teña que ser sufragado polo concello de Pontevedra. Se ben esta institución amosou sempre a súa vontade de diálogo e colaboración para recuperar estes terreos para o uso público.

Cómpre finalmente ter en conta que a renaturalización de espazos artificializados debe ser unha prioridade do goberno da Xunta, máxime neste caso ao tratarse dun espazo natural de interese local (ENIL da Xunqueira do Alba) e de terreos situados no ámbito do dominio público marítimo terrestre, ámbito que nos vindeiros meses pasará a estar xestionado pola Xunta. Ademais, a Xunqueira do Alba foi incluída no Inventario de Zonas Húmidas de Galiza e tamén na Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e para a Conectividade e a Restauración Ecolóxica, neste caso como “área prioritaria de restauración ecolóxica”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Facer un estudo sobre posíbeis emprazamentos do Centro de Conservación e Vialidade Invernal da Rede de Estradas, incluíndo o seu traslado ao polígono industrial de Barro.

-Avaliar os custos que tería o traslado, a nova construción e o desmantelamento das instalacións da Xunqueira e a renaturalización dos terreos.

-Presentar un informe con estes estudos e avaliacións no prazo de tres meses.

-Iniciar negociacións co concello de Pontevedra e coa Deputación Provincial para poder levar a cabo a recuperación dos terreos que ocupa a AGI na Xunqueira do Alba ao longo do ano 2026”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 08/10/2025 13:58:51

Alexandra Fernández Gómez na data 08/10/2025 13:58:59

Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/10/2025 13:59:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36057
Data envío: 08/10/2025 14:00:55.018

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36057
Data envío: 08/10/2025 14:00:55.018

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 14:00:55

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36063
Data envío: 08/10/2025 14:03:14.662

Asinado o día 08/10/2025 ás 14:01
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da discapacidade está a atravesar unha das situacións máis inxustas en canto ao seu cometido como entidades prestadoras de servizos. A patronal e os sindicatos xa levan tempo trasladándolle á xunta de Galicia propostas de carácter urxente para estabilizar a súa financiación coa fin de seguir prestando os servizos que teñen conveniados coa Xunta de Galicia.

Asinado o día 08/10/2025 ás 14:01
Por Elena Espinosa Mangana

A aplicación das táboas salariais recollidas no XVI Convenio Estatal da discapacidade para o período 2025-27 supón un impacto económico que aboca ás entidades a subscribir liñas de crédito para facer fronte aos salarios do persoal, tendo en conta ademais, que estamos a falar de entidades sociais sen ánimo de lucro do terceiro sector. A falta de financiamento por parte da Xunta de Galicia, que non revisa os custes das entidades desde marzo de 2024 cando se asina o Concerto Social, está poñendo en xaque as máis de 5 mil prazas concertadas entre a Xunta e entidades vencelladas á discapacidade.

Asinado o día 08/10/2025 ás 14:00
Por Silvia Longueira Castro

Isto tamén supón unha dificultade crecente para a captación de persoal cualificado, cuestión que afecta á calidade asistencial e á estabilidade dos equipos, tendo unha alta rotación do persoal e unhas condicións laborais que precisan ser dignificadas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125252

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36063
Data envío: 08/10/2025 14:03:14.662

O incremento dos custes salariais establecidos no XVI Convenio Colectivo do sector, xunto a elevada inflación e ao incremento do Salario Mínimo Interprofesional, poñen en risco a viabilidade económica das entidades, así como a súa calidade na prestación de servizos que chegan a miles de persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias. As previsións dos incrementos trasladados pola administración autonómica con unha subida de entre o 5% e o 7 %, segundo o tipo de centro, resultan totalmente insuficientes para cubrir os custes reais soportados polas organizacións.

A situación resulta aínda máis incomprensible cando é precisamente estas entidades do eido da discapacidade as que están “financiando”, a través de liñas de crédito, as obrigas da Xunta de Galicia, asumindo máis do 15 por cento dos custes do servizo. E, ademais, non atopan resposta desde os responsables políticos da Xunta de Galicia, despois de ter solicitado en varias ocasións, unha reunión para que poidan expoñer a urxencia da situación económica na que se atopan; así como un acordo a futuro que outorgue estabilidade económica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar cumprimento íntegro do compromiso de financiamento dos incrementos salariais recollidos no XVI Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención á Discapacidade que se formula cada 3 anos e ten carácter estatal. Coa correspondente concreción dos pagos ás entidades, en cumprimento do artigo 35 da convocatoria do concerto social.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125253

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36063
Data envío: 08/10/2025 14:03:14.662

2. Crear un espazo estable de diálogo entre a Xunta de Galicia, as organizacións empresariais e os sindicatos representativos do sector, co obxectivo de analizar a viabilidade dun complemento salarial autonómico e o seu financiamento por parte do Goberno galego.

Santiago de Compostela, a 8 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125254

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 08/10/2025 14:00:58

Elena Espinosa Mangana na data 08/10/2025 14:01:04

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 14:01:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36063
Data envío: 08/10/2025 14:03:14.662

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 14:03:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36063
Data envío: 08/10/2025 14:03:14.662

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36069
Data envío: 08/10/2025 14:07:348

Asinado o día 08/10/2025 ás 13:41
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) vén de reclasificar como zona C a maior parte do banco marisqueiro de As Pías, na Ría de Ferrol, debido ao empeoramento da calidade das súas augas. Esta decisión ten consecuencias directas sobre a actividade marisqueira e sobre o futuro económico e ambiental dunha das rías máis castigadas pola contaminación e o abandono institucional.

Asinado o día 08/10/2025 ás 13:41
Por Carlos López Font

Esta nova reclasificación é a consecuencia directa da falta dun saneamento integral na Ría de Ferrol, un proxecto que debía abranguer todos os concellos do contorno e que o Partido Popular decidiu deixar incompleto, excluindo ao Concello de Neda, malia formar parte da mesma ría e sufrir os mesmos problemas ambientais.

Cómpre lembrar que, segundo recoñeceu a propia Xunta a través de Augas de Galicia, o Concello de Neda non foi incluído no proxecto inicial de saneamento da ría impulsado no ano 2010, despois de que o goberno autonómico do PP rexeitase incorporar a súa rede ao sistema xeral de depuración. Desde entón, a situación permaneceu sen resolver e os sucesivos orzamentos da Xunta non consignaron partidas suficientes nin para rematar a depuradora nin para acometer as conexións pendentes.

Asinado o día 08/10/2025 ás 13:41
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125257

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36069
Data envío: 08/10/2025 14:07:07,348

A realidade é que Neda segue sen un sistema de saneamento eficaz, o que provoca vertidos recorrentes de augas residuais ao Belelle e á ría, con impacto directo sobre os bancos marisqueiros e sobre a calidade ambiental. Ademais, a capacidade da actual estación depuradora é insuficiente e presenta deficiencias estruturais recoñecidas pola propia Xunta .

Mentres os concellos de Ferrol, Narón, Fene, Mugardos e Ares contaron con financiamento autonómico e estatal para executar as súas infraestruturas, Neda quedou á marxe por unha decisión política do PP, que hoxe se revela como unha das causas principais do deterioro da ría. O propio Concello advertiu recentemente que se trata dunha flagrante discriminación e reclamou á Xunta que saldase a débeda pendente con Neda en materia de saneamento.

A defensa ambiental, o saneamento integral e o apoio ao sector marisqueiro deben ser prioridades da acción pública. A Xunta non pode seguir eludindo as súas responsabilidades, máis aínda cando as consecuencias afectan á biodiversidade mariña, á economía local e á saúde ambiental dunha ría xa sobreexplotada e contaminada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar con carácter urgente o saneamento integral do Concello de Neda, garantindo a súa conexión efectiva ao sistema xeral de depuración da Ría de Ferrol.
2. Dotar nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2026 dunha partida específica para a redacción e execución do proxecto de saneamento completo de Neda.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36069
Data envío: 08/10/2025 14:07:07,348

3. Impulsar un plan de recuperación ambiental e marisqueira da Ría de Ferrol, en coordinación cos concellos afectados e co sector produtivo, co obxectivo de recuperar a clasificación sanitaria das zonas afectadas.

Santiago de Compostela, a 8 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125259

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/10/2025 13:41:02

Carlos López Font na data 08/10/2025 13:41:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 13:41:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36069
Data envío: 08/10/2025 14:07:07,348

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36069
Data envío: 08/10/2025 14:07:07,348

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 14:07:07

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:36:56
Nº Rexistro: 36086
Data envío: 08/10/2025 16:36:56.212

Asinado o día 08/10/2025 ás 16:35
Por Elena Espinosa Mangana

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Aitor Bouza Manso**, **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coñecida a última execución orzamentaria facilitada polo goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 451B “Acceso á vivenda” ten unha execución do 10,3 % no terceiro trimestre do ano 2024.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar a totalidade dos fondos orzados e dispoñibles en materia de vivenda de cada ano.
2. Elaborar un informe que estableza as causas da baixa execución no programa 451B de acceso a vivenda durante os últimos 10 anos.

Asinado o día 08/10/2025 ás 16:35
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 08/10/2025 ás 16:35
Por Aitor Bouza Manso

Santiago de Compostela, a 8 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125262

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/10/2025 16:35:28

Patricia Iglesias Rey na data 08/10/2025 16:35:34

Elena Espinosa Mangana na data 08/10/2025 16:35:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 16:35:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:36:56
Nº Rexistro: 36086
Data envío: 08/10/2025 16:36:56.212

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:36:56
Nº Rexistro: 36086
Data envío: 08/10/2025 16:36:56.212

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 16:36:56

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:39:32
Nº Rexistro: 36088
Data envío: 08/10/2025 16:39:32.128

Asinado o día 08/10/2025 ás 16:33
Por Elena Espinosa Mangana

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda constitúe un dos principais problemas sociais de Galicia, especialmente para a mocidade e as familias con menos recursos. A Xunta de Galicia ten a responsabilidade de garantir políticas activas que faciliten este dereito, mais os datos oficiais amosan unha realidade preocupante.

Asinado o día 08/10/2025 ás 16:33
Por Patricia Iglesias Rey

No segundo trimestre do ano 2025, o grao de execución orzamentaria do programa 451B “Acceso á vivenda” foi tan só do 5,1 %, unha cifra que evidencia a parálise e a incapacidade do Goberno galego para transformar en feitos reais os compromisos que anuncia en materia de vivenda.

Este nivel de execución resulta absolutamente insuficiente para dar resposta ás necesidades actuais, sobre todo nun contexto de encarecemento dos prezos da vivenda, dificultades de acceso ao alugueiro e carencia de vivenda pública dispoñible.

Asinado o día 08/10/2025 ás 16:33
Por Aitor Bouza Manso

A cidadanía non pode esperar a que a Xunta xestione con máis dilixencia. É urxente que se poñan en marcha as medidas comprometidas, garantindo que os recursos orzamentarios chegan de forma efectiva ás persoas que precisan dunha vivenda digna.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125265

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:39:32
Nº Rexistro: 36088
Data envío: 08/10/2025 16:39:32.128

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar de inmediato as medidas necesarias para incrementar o grao de execución do programa 451B “Acceso á vivenda”, garantindo que os recursos orzamentarios cheguen á cidadanía no presente exercicio.
2. Presentar perante o Parlamento, no prazo máximo de un mes, un plan detallado no que se concreten as actuacións que se van desenvolver no marco deste programa ata o remate do ano 2025, con prazos, obxectivos e indicadores de seguimento.

Santiago de Compostela, a 8 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125266

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/10/2025 16:33:34

Patricia Iglesias Rey na data 08/10/2025 16:33:42

Elena Espinosa Mangana na data 08/10/2025 16:33:49

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 16:33:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:39:32
Nº Rexistro: 36088
Data envío: 08/10/2025 16:39:32.128

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:39:32
Nº Rexistro: 36088
Data envío: 08/10/2025 16:39:32.128

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 16:39:32

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a redución de profesorado no CEIP Juana de Vega (Nós, Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Juana de Vega (na parroquia de Nós, en Oleiros) están a sufrir, unha vez máis, falta de profesorado especializado destinado a atender o alumnado con necesidades especiais. O centro só ten un profesional especialista en Audición e Linguaxe (AL), mais tendo en conta as necesidades actuais do alumnado sería preciso que contasen con outro mestre ou mestra de AL. Estas profesionais resultan imprescindíbeis na atención ao alumnado con necesidades especiais e, polo tanto, para unha educación integradora e igualitaria, que se faga cargo dos alumnos e alumnas que precisan unha atención especializada, e dos seus dereitos.

No inicio do curso 2024-2025, este centro non dispuña de especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e tamén precisaba unha mestra ou mestre de Primaria adicional. Só despois das protestas da comunidade educativa, e varias semanas despois do inicio do curso, a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional enviou este profesorado ao CEIP Juana de Vega. Porén, no inicio deste curso 2025-2026 volvemos ver como a Consellaría reduce o persoal especializado e, polo tanto, a atención ao alumnado que máis a precisa, ademais de incumprir a normativa que rexe o número de alumnos e alumnas por aula e que proclama o reforzo da atención á diversidade.

Alén disto, un menor matriculado no centro, que precisa un apoio adicional pola súa situación, está a ser abandonado pola administración, polo que a familia está a recibir



unicamente o apoio da comunidade educativa, que se está a implicar con este caso para contribuír a cubrir minimamente as necesidades básicas desta crianza xunto coa familia. Por este motivo, tamén sería preciso incorporar un coidador ou coidadora ao centro.

A falta de profesorado de apoio afecta toda a organización do centro, xa que a atención do profesorado ás diferentes necesidades do alumnado non pode darse adecuadamente nas condicións actuais, con todo o que isto implica, tanto para o alumnado como para o propio profesorado e ao ambiente no centro.

Alén disto, un dos muros que rodean o centro atópase en risco de caída, polo que a súa reparación resulta urxente, tanto pola seguridade das crianzas e do persoal do centro como polo previsíbel empeoramento da climatoloxía nos próximos meses, que pode agravar o problema e complicar a súa reparación. Por outra banda, existe unha árbore que está tamén en situación perigosa e sería preciso adoptar medidas para garantir a seguridade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Enviar, con carácter urxente, unha mestra ou mestre de Audición e Linguaxe (AL) e un coidador ou coidadora do CEIP Juana de Vega de Nós, en Oleiros.
2. Coordinarse co Concello de Oleiros para atender as necesidades das familias con necesidades de apoio social, educativo e sanitario.
3. Reparar os problemas estruturais do CEIP Juana de Vega (Nós, Oleiros)”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 08/10/2025 16:44:42

Cristina Fernández Davila na data 08/10/2025 16:44:47

Ana Pontón Mondelo na data 08/10/2025 16:44:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:45:48
Nº Rexistro: 36090
Data envío: 08/10/2025 16:45:48,738

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 16:45:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 16:45:48
Nº Rexistro: 36090
Data envío: 08/10/2025 16:45:48,738

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luís Bará Torres** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre os enormes atrasos e prexuízos que a obra de mellora do saneamento no río Lameira, no concello de Marín, está a ocasionar á veciñanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As obras ligadas á mellora da rede de saneamento no río Lameira, comezou a súa execución no ano 2021 cun prazo de doce meses para a súa execución, polo que levan xa máis de dous anos de atrasos, con paralizacións e problemas sen resolver.

Malia aprobarse dúas adendas ao convenio entre Augas de Galicia e o Concello de Marín — en decembro de 2023 e decembro de 2024—, coa última fixando a data de finalización para o 15 de marzo de 2025, os traballos seguen practicamente estancados, converténdose nun foco de malestar e inseguridade para a veciñanza.

Son moitos os motivos para que a veciñanza afectada sinta malestar e inseguridade ante os incumprimentos de prazos da Xunta de Galiza, coas parcelas da contorna do CEIPP Sequelo dous anos abertas, con muros sen pechar e denunciando ante o Servizo de Protección Ambiental (SEPRONA) por contaminación ambiental. A veciñanza non pode seguir soportando esta situación mentres a administración continúa inmóbil.

En marzo do ano 2025, coincidindo coa data prevista de finalización das obras após o adiamento e os atrasos previos, a Conselleira de Medio Ambiente visitou as

Asinado o día 08/10/2025 ás
17:12
Por Luís Bará Torres

Asinado o día 08/10/2025 ás
17:12
Por Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

obras, recoñecendo os atrasos e comprometéndose a executar o peche das parcelas afectadas cando a climatoloxía o permitise. Máis de medio ano despois, e após o remate do verán, nada se fixo e unha vez máis a Xunta de Galiza incumpriu a palabra dada.

A estas faltas de respecto e atrasos inxustificadas, debemos sumar un novo risco nesta obra derivado da construción dun muro na zona de Coirados, que segundo a veciñanza pode dificultar o paso da auga en episodios de choivas intensas.

En definitiva, o BNG considera imprescindible que o Concello de Marín e Augas de Galiza actúen con maior dilixencia e coordinación para garantir o remate desta obra. A veciñanza leva demasiado tempo padecendo as consecuencias das demoras e merece unha solución inmediata que restitúa a normalidade e evite novos riscos para as parcelas da contorna do río Lameira.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dar explicacións sobre os enormes atrasos e prexuízos que a obra de mellora do saneamento no río Lameira, no concello de Marín, está a ocasionar á veciñanza e a axilizar os traballos para o remate da obra”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 08/10/2025 17:12:47

Luis Bará Torres na data 08/10/2025 17:12:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:13:58
Nº Rexistro: 36099
Data envío: 08/10/2025 17:13:58,335

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:13:58
Nº Rexistro: 36099
Data envío: 08/10/2025 17:13:58,335

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 17:13:59

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:28:17
Nº Rexistro: 36106
Data envío: 08/10/2025 17:28:17.899

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:20
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer que a Fiscalía General do Estado detectou 1.196 casos de acoso escolar durante o ano 2024. Así o reflicte a **Memoria de la Fiscalía 2024** presentada o pasado venres día 3 polo Fiscal General del Estado, **Álvaro García Ortiz**, con motivo do ano xudicial. Neste exercicio valorábase, por primeira vez, o dato estatístico de acoso escolar, o que fai que non poidamos ter unha cifra de referencia.

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:20
Por Aitor Bouza Manso

Apunta o informe que os problemas de saúde mental dos menores están presentes en moitos dos supostos de acoso escolar; ou como causa ou coma infracción. E tanto a cifra de 1.196 casos de acoso escolar e 1.057 delitos contra a integridade moral, están a revelar un déficit na prevención e intervención no entorno educativo.

Un estudo PISA sinala que Galicia aparece entre as comunidades coa maior porcentaxe de alumnado que sofre acoso “frecuente”: arredor de 8,5 % de estudantes de 15-16 anos declararon que padecen acoso frecuentemente. Isto sitúa Galicia por encima da media española.

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:20
Por Silvia Longueira Castro

Sentirse excluído, ser motivo de burlas, recibir ameazas, que lles rouben cartos ou lles rompan as súas cousas, recibir golpes, ser obxecto de rumores ou ter que quedar na casa por medo a asistir a clase... son algunhas das actitudes

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125277

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-T1K05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:28:17
Nº Rexistro: 36106
Data envío: 08/10/2025 17:28:17.899

que se nomean dentro do acoso. E que fai que Galicia estea dous puntos máis alta que a media estatal superando en dúas décimas a ratio xeral da OCDE.

A Xunta remarca que en 2024 houbo máis de 5.000 actividades en 953 centros, relacionadas con: acoso escolar, violencia de xénero, ciberseguridade, etc. e no que implicáronse a 145.000 persoas. Así coma “puntos laranxas” para denunciar anonimamente. Accións que forman parte do Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso con puntos laranxas físicos e virtuais para denunciar de forma anónima e segura. A día de hoxe, non temos aínda datos que nos falen sobre a validación das medidas acordadas e poidan indicarnos que ámbitos de mellora e que implementación deberían levarse a cabo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Informar sobre o tempo de resposta, seguimento e resolución dos casos denunciados a través dos puntos laranxas.
2. Realizar unha descrición dos indicadores de impacto específicos vencellados a estes puntos, respecto a diminución do acoso, mellora da percepción de seguridade. Así como dos datos diferenciados por tipo de centro ou zona (rural / urbano), de maneira que se poida ver se estas medidas chegan a tódolos centros con igualdade.

Santiago de Compostela, a 8 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125278

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 08/10/2025 17:20:10

Aitor Bouza Manso na data 08/10/2025 17:20:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 17:20:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:28:17
Nº Rexistro: 36106
Data envío: 08/10/2025 17:28:17.899

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 17:28:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:28:17
Nº Rexistro: 36106
Data envío: 08/10/2025 17:28:17.899

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:25
Por Carmela González

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Pérez López**, **Daniel Castro García** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ao cumprimento das condicións dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros de salvamento marítimo de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ao longo da última lexislatura, este Grupo Parlamentario rexistrou e presentou para o seu debate numerosas iniciativas relativas á situación e ao funcionamento do servizo de salvamento marítimo de Galiza, nomeadamente no referido ao incumprimento das condicións por parte da empresa concesionaria dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros para a prestación do salvamento marítimo e, tamén, do coñecemento e do consentemento da propia Consellaría de Mar deses numerosos e reiterados incumprimentos do contrato.

En distintas respostas escritas recibidas por nós, a Xunta de Galiza repite unha e outra vez que “ten entre as súas prioridades garantir o servizo de salvamento marítimo nas máximas condicións de seguridade e, realiza con ese fin un seguimento exhaustivo das incidencias que poidan producirse e está en contacto permanente coa empresa para dar cumprimento ao contrato”.

No entanto, foi o propio Grupo Popular da Cámara o que recoñeceu, na Comisión de Pesca do 18 de abril de 2023, que a empresa incumpría o prego de cláusulas do contrato e mesmo fora penalizada, situación que non se tivo en conta posteriormente, no 2023, cando a Xunta de Galiza renovou a adxudicación do servizo á mesma empresa.

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:24
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:24
Por Rosana Pérez Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Moi ao contrario, os incumprimentos sistemáticos comprobados, recoñecidos e penalizados pola Consellaría de Mar á empresa adxudicataria AVINCIS non só non serviron para extremar as cautelas e prevencións na renovación da adxudicación, senón que favoreceron que se rebaxaran as esixencias no novo contrato en canto a seguridade e capacidades, malia a que o importe da licitación -44,87 millóns de euros en catro anos e 58 se se prorroga un ano (51 no contrato anterior)- incrementouse.

Malia ás numerosas denuncias deste Grupo Parlamentario e ao recoñecemento da propia Xunta de Galiza, tal e como consta tamén en resposta escrita que nos foi remitida, de que “estamos ante un servizo esencial de cuxa prestación dependen vidas humanas, de aí que non caiba facer ningún tipo de concesión sobre o mesmo”, a situación non se ten corrixido a día de hoxe e a ela súmase tamén a propia dos medios aéreos da Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR) do Ministerio de Transportes, en Galiza, dependentes da mesma empresa que os da Xunta.

Neste caso, o proxecto de ter un helicóptero de rescate plenamente preparado no dispositivo de separación de tráfico de Fisterra, con base en Cee, aínda hoxe non existe. Pasou simplemente a operar dende Santiago, a 45', sen tripulación en base. E o Helimer Galicia, con base na Coruña, dispón dun só guindastre de rescate.

En definitiva, Galiza pasou de ter os seus propios medios de rescate, a depender ao cen por cen dunha empresa privada que segue sen atender as cláusulas, agora rebaxadas, do contrato e sen corrixir o seu xeito de proceder.

Concordamos plenamente coas afirmacións do Goberno galego respecto do carácter esencial dun Servizo do que dependen vidas humanas, mais diferimos en que, tanto no pasado como na actualidade, non se estea “a facer ningún tipo de concesión sobre o mesmo”. Polo tanto, é imprescindible intensificar os controis sobre o cumprimento do contrato e actuar firmemente no caso de incumprimento do mesmo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

. Respetar e facer respetar todas e cada unha das condicións establecidas no contrato adxudicado á empresa AVINCIS, dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros para a prestación do salvamento marítimo de Galiza.

. Reclamar ao Goberno do Estado a vixilancia estrita dos medios aéreos de SASEMAR en Galiza, así como o cumprimento de todas e cada unha das condicións establecidas no contrato de adxudicación á empresa AVINCIS.

. Crear unha Comisión de Seguimento e Control do cumprimento do contrato, na que estea representada a Xunta de Galiza, a empresa concesionaria, os representantes dos traballadores e expertos independentes na materia

. Elaborar un estudo, no prazo máximo dun ano, sobre os custos do rescate público do Servizo de Gardacostas de Galiza.”

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 08/10/2025 17:24:03

Paulo Ríos Santomé na data 08/10/2025 17:24:58

Carmela González Iglesias na data 08/10/2025 17:25:07

Daniel Pérez López na data 08/10/2025 17:25:18

Daniel Castro García na data 08/10/2025 17:26:00



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 17:29:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:29:17
Nº Rexistro: 36113
Data envío: 08/10/2025 17:29:17.434

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:29:59
Nº Rexistro: 36118
Data envío: 08/10/2025 17:29:59.651

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:16
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai apenas un mes, o 5 de setembro, o centro de saúde de Boimorto foi obxecto dun proxecto de mellora e reestruturación dos espazos. Renovouse a cuberta e as salas de espera e de persoal, así como na zona de pediatría. Creouse un tabique divisorio para independizar as caldeiras do inmovible sanitario e do centro de maiores. Así como unha ampliación da rampla de acceso ao edificio.

Segundo palabras dos cargos políticos da Xunta de Galicia manifestaron que esta actuación tivo coma obxectivo “mellorar a confortabilidade do centro e optimizar a prestación de atención sanitaria. Tamén indicaron que a intervención levárase a cabo a través dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Boimorto que como titular do inmovible asumira a redacción do proxecto, a súa licitación e a adxudicación das obras por 50.000 euros.

Apenas un mes despois de finalizar estas melloras, no centro de saúde eliminouse un día de recollida de análise. De ter o servizo de análise os luns, mércores e venres; a Consellería de Sanidade decidiu eliminar o venres, de xeito que as veciñas e veciños de Boimorto van a incrementar até catro días de demora calquera tipo de valoración que estea pendente dunha proba analítica.

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:16
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:16
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125287

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:29:59
Nº Rexistro: 36118
Data envío: 08/10/2025 17:29:59.651

Incrementando aínda máis os tempos de diagnose e espera no sistema sanitario.

O equipo sanitario manifestou a súa contrariedade fronte a esta decisión, ao tempo que entendemos que vai directamente en contra das necesidades dos veciños. Xa que por outra banda, o servizo de matrona ten lugar o mércores e, polo tanto, calquera mostra non sería recollida ata o luns seguinte e acumulando así o retraso que xa indicamos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a restituír o día de análise que foi suprimido pola Consellería de Sanidade no centro de saúde de Boimorto.

Santiago de Compostela, a 8 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125288

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 08/10/2025 17:16:09

Elena Espinosa Mangana na data 08/10/2025 17:16:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 17:16:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:29:59
Nº Rexistro: 36118
Data envío: 08/10/2025 17:29:59.651

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 17:30:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:29:59
Nº Rexistro: 36118
Data envío: 08/10/2025 17:29:59.651

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:31:44
Nº Rexistro: 36126
Data envío: 08/10/2025 17:31:44.325

Asinado o día 08/10/25
17:26
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de transporte público interurbano por estrada que comunica a comarca do Barbanza entre si e con Santiago de Compostela leva anos acumulando queixas veciñais e municipais polo seu deficiente funcionamento. Dende 2020, a empresa Monbus vén prestando este servizo en virtude da concesión XG847 Comarca do Barbanza.

En xullo de 2023, o conselleiro con competencias en Mobilidade, señor Diego Calvo, anunciou aos alcaldes da comarca a decisión da Xunta de rescindir o contrato, dadas as deficiencias reiteradas.

Porén, a realidade amosa unha xestión dilatada e pouco transparente: a rescisión non foi asinada ata febreiro de 2024 e non se fixo pública ata maio dese ano. Ademais, mentres non se adxudique un novo concurso, a mesma empresa segue encargada do servizo.

Pasados xa 14 meses do anuncio da Xunta, o novo concurso público segue sen data de licitación. Só este pasado luns (29/09/25) o Consello da Xunta aprobou someter a información pública o proxecto da nova concesión, que incorpora un maior investimento público, novas liñas e a previsión dun servizo directo Ribeira–Santiago cada hora en días laborables.

Asinado o día 08/10/2025 ás
17:25
Por Carlos López Font

Asinado o día 08/10/2025 ás
17:25
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125291

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:31:44
Nº Rexistro: 36126
Data envío: 08/10/2025 17:31:44.325

Con todo, as demandas da cidadanía e dos concellos afectados non están aínda resoltas.

A veciñanza leva anos reclamando un transporte digno, con horarios e frecuencias adaptadas ás necesidades reais da comarca, conexión cos centros sanitarios e educativos, e garantías de calidade na prestación do servizo.

Resulta especialmente grave que, a pesar da magnitude das queixas, a Xunta tardase case un ano en formalizar a rescisión anunciada e aínda hoxe careza de prazos certos para a nova adxudicación. Mentres tanto, mantense unha situación de precariedade que afecta de xeito directo á mobilidade, á igualdade de oportunidades e á calidade de vida da poboación do Barbanza.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Fixar con carácter inmediato un calendario claro e público para a licitación e adxudicación da nova concesión de transporte público por estrada na comarca do Barbanza.
2. Garantir que o novo contrato inclúa frecuencias e horarios suficientes, en particular conexións directas Ribeira–Santiago cada hora en días laborables e conexións cos centros sanitarios e educativos da área.
3. Establecer mecanismos de seguimento e avaliación do cumprimento das obrigas de servizo público por parte da empresa concesionaria, incluíndo un sistema de reclamacións accesible e transparente.
4. Informar periodicamente ao Parlamento de Galicia sobre a evolución do proceso de adxudicación e sobre as melloras efectivamente implementadas.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:31:44
Nº Rexistro: 36126
Data envío: 08/10/2025 17:31:44.325

5. Incorporar criterios de calidade, accesibilidade, integración co resto de medios de transporte e participación cidadá no proceso de adxudicación e seguimento da nova concesión.

Santiago de Compostela, a 8 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125293

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 08/10/2025 17:25:50

Carlos López Font na data 08/10/2025 17:25:56

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 17:26:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:31:44
Nº Rexistro: 36126
Data envío: 08/10/2025 17:31:44.325

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 17:31:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:31:44
Nº Rexistro: 36126
Data envío: 08/10/2025 17:31:44.325

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:38:11
Nº Rexistro: 36138
Data envío: 08/10/2025 17:38:11.686

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:38
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

A sinistralidade laboral en Galicia segue a ser unha das máis elevadas do Estado, e constitúe un problema estrutural que require unha resposta urxente e decidida por parte da Administración autonómica.

Segundo os datos oficiais do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), no ano 2024 rexistráronse 30.359 accidentes laborais, dos cales 469 foron graves e 64 mortais, o que supón un incremento do 14,3 % respecto ao ano anterior. No primeiro semestre de 2025, 32 traballadores e traballadoras perderon a vida no desempeño do seu labor, situando a Galicia como a segunda comunidade con maior índice de incidencia de accidentes mortais, só por detrás da Rioxa e moi por enriba da media estatal.

Os sectores máis afectados seguen a ser o servizos, a construción, a pesca e a agricultura, e as provincias de Pontevedra e A Coruña concentran máis da metade das vítimas mortais. Estes datos amosan que a prevención non está a funcionar e que o marco normativo e institucional existente resulta insuficiente se non vai acompañado dun compromiso político real, recursos suficientes e inspeccións efectivas.

Resulta igualmente preocupante o aumento das enfermidades profesionais e dos riscos psicosociais. Máis da metade das mortes producidas en xornada laboral están relacionadas con infartos ou patoloxías non traumáticas,

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:33
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 08/10/2025 ás 17:32
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125296

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-T1K05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:38:11
Nº Rexistro: 36138
Data envío: 08/10/2025 17:38:11.686

derivadas de situacións de estrés, sobrecarga e deterioro da saúde mental no traballo.

A isto engádese o impacto crecente das condicións climáticas extremas sobre a seguridade laboral, especialmente nos sectores da construción, agricultura, recollida de residuos, transporte e servizos ao aire libre, onde a exposición a altas temperaturas supón un risco grave para a saúde.

Neste contexto, resulta imprescindible que Galicia conte con medidas específicas e avaliáveis, que inclúan o reforzo do Issga, o fortalecemento da formación preventiva e a incorporación de protocolos específicos fronte á emerxencia climática.

Un caso especialmente grave é o do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (SPDCIF), que traballa en condicións extremas de calor, fume e risco físico continuado. A denuncia formulada no verán de 2024 por parte dos propios brigadistas puxo de manifesto unha situación inaceptable: a carencia de equipamento axeitado para portar o rescatador de último minuto, un dispositivo que pode marcar a diferenza entre a vida e a morte en caso de atrapamento durante un incendio forestal.

As brigadas de terra seguen a empregar cintos e materiais obsoletos — idénticos aos do antigo ICONA dos anos 90— que non permiten transportar con seguridade o rescatador, mentres que as brigadas helitransportadas si dispoñen de mochilas ergonómicas adaptadas. Esta desigualdade é un agravio intolerable que pon en risco a vida dos traballadores e vulnera o principio de igualdade nas condicións de seguridade laboral.

Así mesmo, cómpre poñer en marcha un programa específico de seguimento sanitario para o persoal do SPDCIF, que estableza revisións médicas

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125297

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:38:11
Nº Rexistro: 36138
Data envío: 08/10/2025 17:38:11.686

periódicas adaptadas ao seu perfil de risco, estudos epidemiolóxicos sobre a exposición ao lume e ao fume, e apoio psicolóxico continuado. As consecuencias físicas e emocionais da súa actividade —lesións musculares, afectacións respiratorias, cardiovasculares e estrés postraumático— requiren unha resposta sanitaria integral e coordinada entre o Issga e o Sergas.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear un programa específico de vixilancia sanitaria e apoio psicolóxico para o persoal do SPDCIF, con revisións médicas adaptadas, estudos epidemiolóxicos sobre exposición ao lume e ao fume, e asistencia psicolóxica postincendio.
2. Dotar de maneira inmediata ás brigadas de terra do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (SPDCIF) coas mochilas ergonómicas oficiais necesarias para transportar o rescatador de último minuto en condicións seguras.
3. Presentar no Parlamento de Galicia, no prazo de tres meses, protocolos específicos de prevención fronte a condicións climáticas extremas, incluíndo adaptación de horarios, dereito á interrupción da actividade sen penalización cando se superen determinados niveis de temperatura, subministración de auga e sombra, e formación específica sobre riscos asociados á calor.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125298

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/10/2025 17:32:54

Elena Espinosa Mangana na data 08/10/2025 17:33:02

Silvia Longueira Castro na data 08/10/2025 17:33:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 17:37:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:38:11
Nº Rexistro: 36138
Data envío: 08/10/2025 17:38:11.686

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 17:38:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:38:11
Nº Rexistro: 36138
Data envío: 08/10/2025 17:38:11.686

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ría de Ferrol volve ser noticia pola súa deteriorada calidade ambiental. O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR) vén de reclasificar como zona C boa parte do banco marisqueiro de As Pías, ao detectar niveis de contaminación incompatibles co mantemento da actividade marisqueira ordinaria.

Asinado o día 08/10/2025 ás 18:01
Por Carlos López Font

Esta situación non é un feito illado, senón a consecuencia dunha falla continuada de control e planificación por parte da Xunta de Galicia, que leva anos prometendo o vertido cero sen que este sexa unha realidade. As administracións locais, o sector marisqueiro e as entidades ecoloxistas levan tempo alertando de que a ría segue recibindo vertidos de augas residuais urbanas e industriais, moitos deles sen depurar, procedentes de diferentes puntos da súa contorna.

As fontes de contaminación son múltiples: conexións erradas, pequenos emisarios obsoletos ou mesmo vertidos ilegais puntuais. Con todo, a Xunta de Galicia non dispón na actualidade dun mapa completo e actualizado dos puntos de vertido á ría de Ferrol, o que impide actuar con eficacia sobre as causas reais do problema.

Asinado o día 08/10/2025 ás 18:01
Por Aitor Bouza Manso

Cómpre lembrar que o propio proxecto de vertido cero á Ría de Ferrol, anunciado hai máis dunha década, quedou incompleto, especialmente tras a exclusión do



Concello de Neda do sistema xeral de saneamento decidido polo goberno do Partido Popular. A consecuencia é unha ría que continúa a recibir vertidos sen tratamento adecuado e cuxo estado ambiental segue a empeorar, afectando directamente á biodiversidade e á actividade marisqueira .

A falta dun diagnóstico actualizado impide adoptar medidas proporcionadas e efectivas. O primeiro paso para recuperar a ría debe ser un estudo técnico exhaustivo, realizado por Augas de Galicia en coordinación coas confrarías e cos concellos da contorna, que identifique e catalogue todos os puntos de vertido, urbanos, industriais e difusos, avalíe o seu impacto e estableza prioridades de intervención.

O Partido Socialista considera que a transparencia, o rigor técnico e a planificación ambiental son imprescindibles para avanzar cara a un saneamento real da ría de Ferrol. Non pode seguir tomándose decisións sobre a base de estimacións incompletas nin de responsabilidades cruzadas entre administracións. A cidadanía merece coñecer os datos, así como compromiso e execución de medidas que corrixan situacións como as que se están a analizar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Realizar e presentar perante este Parlamento de maneira inmediata un estudo integral e actualizado sobre todos os puntos de vertido á ría de Ferrol, identificando a súa natureza, orixe, volume estimado e impacto ambiental.
2. Elaborar un mapa de vertidos, de acceso público, que recolla de forma transparente toda a información dispoñible e permita facer seguimento da evolución e da corrección das incidencias detectadas.



3. Establecer un calendario de actuacións prioritizadas, con prazos e financiamento definido, para eliminar ou corrixir os vertidos identificados, en coordinación cos concellos da ría e co sector marisqueiro.
4. Incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano unha partida específica e suficiente, destinada á execución das actuacións necesarias para identificar, corrixir e eliminar os vertidos que afectan á ría de Ferrol, garantindo o seu control permanente e a recuperación ambiental efectiva da zona.

Santiago de Compostela, a 8 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/10/2025 18:01:20

Carlos López Font na data 08/10/2025 18:01:29

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 18:01:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 18:04:41
Nº Rexistro: 36144
Data envío: 08/10/2025 18:04:41.481

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 18:04:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 18:04:41
Nº Rexistro: 36144
Data envío: 08/10/2025 18:04:41.481

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36165
Data envío: 09/10/2025 08:59:11.078

Asinado o día 08/10/2025 ás 21:46
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos sobre a xestión da Lei de dependencia en Galicia confirman unha deriva que agrávase co paso do tempo. Tal e como manifestan desde o Colexio de Traballo Social, Galicia é neste momento a cuarta comunidade de España na que máis se tarda en resolver as solicitudes da Lei de Dependencia: 349 días de media de espera. Esta cifra só ten por diante ás comunidades de Andalucía, Madrid ou Murcia.

O substancial desta noticia é que a día de hoxe nunca se contaron con tantos recursos, aínda que o certo é que a mala xestión da Consellería de Asuntos Sociais aboca a estes resultados. A día de hoxe hai organismos na propia Consellería que se atopan baleiros de funcións e, nalgúns casos, freados por mor de non se sabe ben que reaxuste. Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar Social, Axencia Galega de Servicios Sociais, e a propia Consellería actúan e funcionan sen que sigan ningunha planificación, como tantas veces temos reclamado desde o Partido Socialista: o Plan Estratéxico de Servicios Sociais, tal e como se contempla no artigo 45 da Lei de Servicios Sociais de Galicia.

Este tempo medio de tramitación experimentou unha subida respecto ao mes de xuño, na que o tempo de espera era de 342 días. E o plan de axilización

Asinado o día 08/10/2025 ás 21:46
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 08/10/2025 ás 21:46
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125306

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36165
Data envío: 09/10/2025 08:59:11.078

non contou coa necesidade de presentar un informe de valoración, co cal, en moitos casos promovíase a entrega dun bono coidado.

Nunca tantos recursos e nunca tan mal xestionados, tal e como afirman desde a presidencia do Colexio de Traballo Social. Isto leva aparelado que a construción de residencias de maiores por parte de entidades privadas e outorgadas á Xunta de Galicia para a súa xestión non teña unha planificación adaptada ás novas necesidades da poboación maior; que queren fuxir das macroresidencias. A Xunta de Galicia, con tal de paliar o problema da falta de prazas, acepta e adopta este tipo de residencia que exime ao goberno da súa construción.

Para evitar unha remodelación do SAF, con todo o que conleva desde adaptación a normativa de servizos até á aprobación de normas de protección e seguridade laboral das traballadoras, elixe entregar bonos coidados que apenas van a paliar a situación dos dependentes e exime a Xunta de realizar inspeccións, valoracións.

As listas de espera nos concellos, que están financiando á propia Xunta no SAF, son interminables. De xeito que só poden ser atendidos na maioría dos casos aqueles usuarios de grado 3, xa que a chegada semanal de novas solicitudes impide que os usuarios de grado 1 e 2 poidan contar coa axuda que solicitan, provocando situación de empeoramento.

Os ingresos por emerxencia sobrevida nas residencias de maiores, agardan até 2 meses en hospitais xa que non hai prazas dispoñibles; dándose situacións nas que os hospitais agardan a veces máis de 2 meses coa persoa usuaria ingresada á espera dunha praza de residencia.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125307

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36165
Data envío: 09/10/2025 08:59:11.078

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Restituír a obrigatoriedade do informe de Traballo Social para que se entregue xunto a solicitude de Dependencia.
2. Acceder á realización do plan estratéxico de servizos sociais, tal e como recolle o artigo 45 de Lei de Servizos Sociais de Galicia.
3. Informar no prazo dun mes a este Parlamento cal é definitivamente o modelo de residencia que construírá a propia Xunta de Galicia para as persoas dependentes.

Santiago de Compostela, a 9 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125308

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 08/10/2025 21:46:23

Elena Espinosa Mangana na data 08/10/2025 21:46:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 21:46:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36165
Data envío: 09/10/2025 08:59:11.078

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 8:59:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36165
Data envío: 09/10/2025 08:59:11.078

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición** non de lei para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) vén de reclasificar como zona C a maior parte do banco marisqueiro de As Pías, na ría de Ferrol, debido ao empeoramento da calidade das súas augas. Esta decisión ten consecuencias devastadoras para centos de mariscadoras e mariscadores da comarca, que ven interrompida ou gravemente restrinxida a súa actividade produtiva e, con ela, o seu sustento económico.

A declaración de zona C implica que o marisco extraído só pode comercializarse logo dun proceso de depuración prolongado, con custos engadidos e fortes limitacións de mercado, o que na práctica supón a paralización da actividade marisqueira. O impacto sobre o emprego, os ingresos familiares e a economía local é inmediato e profundo, especialmente nun sector xa castigado pola crise de prezos e polos episodios recorrentes de contaminación.

Esta situación non é nova. A ría de Ferrol leva anos acumulando advertencias pola insuficiente depuración das augas residuais. Os proxectos de saneamento foron executados parcialmente e a exclusión do Concello de Neda do sistema xeral de depuración, decidida polo goberno do Partido Popular, deixou aberta unha fenda ambiental que agora ten consecuencias directas sobre o marisqueo.



Mentres a Xunta elude responsabilidades e non pon en marcha un plan urxente de recuperación, as persoas traballadoras do mar están sufrindo as consecuencias: perda de ingresos, imposibilidade de faenar e incerteza total sobre o futuro. Non poden ser, unha vez máis, as grandes prexudicadas das deficiencias de xestión e planificación da administración autonómica.

O Goberno galego dispón de instrumentos legais e orzamentarios para actuar con celeridade: pode aprobar axudas directas extraordinarias a través de fondos propios da Consellería do Mar ou mediante a activación dun plan de compensación temporal, mentres non se restituía a clasificación sanitaria da ría.

O PSdeG considera que non é xusto que o custo da inacción institucional a asuman as mariscadoras e mariscadores da ría de Ferrol, que levan anos traballando en condicións difíciles, contribuíndo á economía local e á preservación do medio mariño. A Xunta debe actuar de inmediato, habilitando recursos económicos e un calendario claro de compensación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Habilitar de maneira inmediata unha liña de axudas directas destinadas ás mariscadoras e mariscadores da ría de Ferrol afectados pola reclasificación de As Pías como zona C, co obxectivo de compensar a perda de ingresos derivada da imposibilidade de exercer a súa actividade.
2. Crear un plan específico de apoio ao marisqueo da ría de Ferrol, que inclúa compensacións económicas, formación, apoio á comercialización e medidas de diversificación produtiva mentres se manteña a restrición sanitaria.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 10:09:52
Nº Rexistro: 36172
Data envío: 09/10/2025 10:09:52.369

3. Garantir a participación das confrarías, organizacións profesionais e concellos afectados no deseño e seguimento deste plan, asegurando transparencia e equidade na distribución dos recursos.

Santiago de Compostela, a 9 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

125313

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 09/10/2025 10:07:32

Paloma Castro Rey na data 09/10/2025 10:07:45

Carlos López Font na data 09/10/2025 10:07:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/10/2025 10:08:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 10:09:52
Nº Rexistro: 36172
Data envío: 09/10/2025 10:09:52.369

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 10:09:52
Nº Rexistro: 36172
Data envío: 09/10/2025 10:09:52.369

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 10:09:53

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 10:27:55
Nº Rexistro: 36182
Data envío: 09/10/2025 10:27:55,249

Asinado o día 09/10/25
10:25
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición** non de lei para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No concello de Pontedeume, a comunidade educativa do CEIP Andrade vén de denunciar graves deficiencias na dotación de persoal docente que están a prexudicar o normal desenvolvemento das clases e a atención ao alumnado, especialmente na etapa de infantil e no ámbito da atención á diversidade.

En primeiro lugar, a comunidade educativa reclama a restitución da profesora de apoio de Educación Infantil, posto que, segundo a Orde do 4 de agosto de 2025 pola que se modifican as unidades e postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación, ao CEIP Andrade correspóndelle unha praza de mestre de apoio na unidade de infantil. Porén, a Xunta rexeitou a súa dotación para o presente curso, deixando ao centro sen un recurso esencial para atender correctamente ao alumnado máis novo.

Asinado o día 09/10/2025 ás
10:25
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 09/10/2025 ás
10:25
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

125316

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En segundo lugar, o centro comparte a mestra de Audición e Linguaxe (AL) co CEIP Eladia Mariño. Porén, este curso a docente asumiu a dirección nese outro centro, o que implica unha redución da súa xornada lectiva e imposibilita que poida acudir ao CEIP Andrade. A esta circunstancia súmase que a mestra de Pedagogía Terapéutica (PT) do CEIP Andrade tamén exerce como directora, polo que tamén dispón de redución horaria. En consecuencia, o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo está a quedar sen a atención que lle corresponde, algo totalmente inaceptable nun sistema educativo que debe garantir a igualdade de oportunidades e a inclusión.

Ata o día de hoxe, ningunha destas dúas problemáticas foi resolta pola Xunta de Galicia pese ás reiteradas solicitudes da comunidade educativa e do propio centro.

Por todo o exposto, resulta urxente que o goberno do Sr. Rueda adopte medidas inmediatas para restablecer os recursos docentes que lle corresponden ao CEIP Andrade, garantindo así un ensino público de calidade e equitativo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Restablecer de inmediato o posto de mestre de apoio de Educación Infantil no CEIP Andrade de Pontedeume.
2. Dotar ao CEIP Andrade dun mestre ou mestra de Audición e Linguaxe (AL) propio, garantindo que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo reciba a atención adecuada durante todo o curso.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 10:27:55
Nº Rexistro: 36182
Data envío: 09/10/2025 10:27:55.249

3. Adoptar as medidas necesarias para que, en ningún caso, as reducións horarias derivadas do desempeño de cargos directivos impidan a correcta cobertura das funcións docentes e a atención ao alumnado.

Santiago de Compostela, a 9 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

125318

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 09/10/2025 10:25:25

Silvia Longueira Castro na data 09/10/2025 10:25:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/10/2025 10:25:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 10:27:55
Nº Rexistro: 36182
Data envío: 09/10/2025 10:27:55.249

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 10:27:55
Nº Rexistro: 36182
Data envío: 09/10/2025 10:27:55.249

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 10:27:55

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á situación do libre marisqueo e á perda de produtividade na ría de Arousa..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1- O pasado 25 de setembro, a Consellaría de Mar tomaba a decisión de pechar os bancos de libre marisqueo da ría de Arousa durante 6 meses, de outubro a marzo de 2026.

Tan só 7 meses antes, o 18 de febreiro de 2025, a Comisión de Pesca do Parlamento galego debatía unha Proposición non de Lei do Grupo parlamentario do BNG na que se denunciaba a insostíbel situación da campaña de libre marisqueo na ría de Arousa. Nela propoñíamos “Decretar, partindo das recomendación dos técnicos da Consellaría de Mar, a paralización da actividade do libre marisqueo na ría de Arousa. **O PARTIDO POPULAR VOTOU EN CONTRA.**

2- O pasado 25 de setembro, a Consellaría de Mar tomaba a decisión de decretar unha veda durante o último trimestre deste ano e unha parada biolóxica nos primeiros 3 meses de 2026, pola que as persoas mariscadoras afectadas polo peche dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa recibirán compensacións económicas.

Tan só 7 meses antes, o 18 de febreiro de 2025, a Comisión de Pesca do Parlamento galego debatía unha Proposición non de Lei do Grupo parlamentario do BNG na que se denunciaba a insostíbel situación da campaña de libre marisqueo na ría

Asinado o día 09/10/2025 ás
10:35
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 09/10/2025 ás
10:35
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Arousa. Nela propoñiamos “Habilitar as partidas orzamentarias necesarias para atender á frota afectada pola paralización da actividade”. **O PARTIDO POPULAR VOTOU EN CONTRA.**

3- O pasado 25 de setembro, a Consellaría de Mar reuníase cos representantes do sector, co obxectivo de valorar conxuntamente a situación que presentan na actualidade os bancos de libre marisqueo da ría de Arousa.

Tan só 7 meses antes, o 18 de febreiro de 2025, a Comisión de Pesca do Parlamento galego debatía unha Proposición non de Lei do Grupo parlamentario do BNG na que se denunciaba a insostíbel situación da campaña de libre marisqueo na ría de Arousa. Nela propoñiamos “Recibir aos patróns maiores das confrarías afectadas pola situación extrema dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa”. **O PARTIDO POPULAR VOTOU EN CONTRA.**

4- O pasado 25 de setembro, a Consellaría de Mar reuníase cos representantes do sector e valoraban conxuntamente medidas de carácter técnico que permitan avanzar na recuperación dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, e por ese motivo tomaron a decisión de pechalos durante 6 meses co obxectivo de consolidar a súa recuperación e favorecer o crecemento das poboacións de bivalvo de cara ao vindeiro ano.

Tan só 7 meses antes, o 18 de febreiro de 2025, a Comisión de Pesca do Parlamento galego debatía unha Proposición non de Lei do Grupo parlamentario do BNG na que se denunciaba a insostíbel situación da campaña de libre marisqueo da ría de Arousa. Nela propoñiamos “Acordar co sector as medidas a levar a cabo de inmediato para tentar a recuperación deses bancos marisqueiros”. **O PARTIDO POPULAR VOTOU EN CONTRA.**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5- O pasado 25 de setembro, a Consellaría de Mar reuníase cos representantes do sector e non adquiriu ningún compromiso, absolutamente ningún, sobre explorar e investigar as causas da debacle marisqueira nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, e no conxunto da ría, dende hai máis dunha década e, moito menos, se comprometeu a dispoñer de orzamentos suficientes nos vindeiros exercicios para tentar recuperar eses bancos e a produtividade do marisqueo en toda a ría.

Tan só 7 meses antes, o 18 de febreiro de 2025, a Comisión de Pesca do Parlamento galego debatía unha Proposición non de Lei do Grupo parlamentario do BNG na que se denunciaba a insostíbel situación da campaña de libre marisqueo da ría de Arousa. Nela propoñíamos “Comezar o estudos que o sector e este Grupo parlamentario levan solicitando dende hai anos para coñecer as causas da perda de produtividade na ría de Arousa e acometer as actuacións que ditaminen para a súa recuperación”. **O PARTIDO POPULAR VOTOU EN CONTRA.**

En definitiva,

1- o Partido Popular é o Partido do NON sistemático a calquera proposta que proceda do BNG.

2- A Consellaría de Mar, malia ao voto do NON sistemático do Partido Popular, acepta gran parte das propostas do BNG e lévaas, aínda que con moito máis retraso do aceptábel, a cabo.

3- As propostas do BNG son o traslado das propias propostas realistas do sector. Como consecuencia, o Partido Popular vota NON sistematicamente ás propostas do sector.

Neste caso concreto, a Consellaría de Mar vén de poñer en marcha as medidas que propuxo o sector e que trasladou o BNG ao Parlamento galego xa hai 7 meses e ás que **O PARTIDO POPULAR VOTOU EN CONTRA.**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Agora, aínda queda por facer o máis importante se é que o obxectivo é realmente recuperar os bancos de libre marisqueo e a produtividade do conxunto da ría de Arousa: Ir ás causas do problema, estudar e investigar cais son as causas do que vén pasando na ría de Arousa dende hai moitos anos e planificar os orzamentos dos vindeiros exercicios tendo en conta as conclusións e as propostas de actuación que determinen as investigacións que se leven a cabo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

. Levar a cabo os estudos e as investigacións que o sector e este Grupo parlamentario levan demandando dende hai anos para coñecer as causas da perda de produtividade da ría de Arousa.

. Planificar os orzamentos dos vindeiros exercicios tendo en conta as conclusións e as propostas de actuación que determinen os estudos e as investigacións que se leven a cabo, para poder comezar a recuperar os bancos de libre marisqueo e a produtividade do conxunto da ría de Arousa.

. Axilizar o procedemento da convocatoria e resolución das axudas aos afectados e afectadas polo peche dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa para que estean á súa disposición canto antes e para evitar a incesante perda de postos de traballo que se vén producindo nos últimos anos.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 09/10/2025 10:35:33

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2025 10:35:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 10:37:32
Nº Rexistro: 36194
Data envío: 09/10/2025 10:37:32.768

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 10:37:32
Nº Rexistro: 36194
Data envío: 09/10/2025 10:37:32.768

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 10:37:33

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 11:05:21
Nº Rexistro: 36200
Data envío: 09/10/2025 11:05:21.550

Asinado o día 09/10/2025 ás 11:04
Por Noa Presas Bergantiños

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Ramón Fernández Alfonso** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, para evitar a deslocalización e perda de postos de traballo en Ourense.

Asinado o día 09/10/2025 ás 11:04
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos Ourense vén sufrindo un constante proceso de perda de tecido produtivo e de postos de traballo cualificados, circunstancia que debilita gravemente a economía local e contribúe ao despoboamento e perda de capacidade innovadora dun territorio xa de por si lastrado pola emigración e a baixa natalidade.

No caso particular de Egatel, empresa emblemática na fabricación de equipos de emisión e radiodifusión, fundada en Ourense en 1992 e instalada na Tecnópole dende 1999, esta preocupación resulta especialmente significativa.

Na recente operación da empresa, denunciada pola CIG, prodúcese un novo episodio de deslocalización industrial: hai uns días a maquinaria e parte do departamento de produción foron trasladados por sorpresa a Nigrán, sen aviso previo á representación do persoal nin concreción dun plan de futuro para o emprego en Ourense. Afectando, ademais, a tres delegados sindicais da CIG e xerando unha incerta situación laboral para os traballadores do centro ourensán.

Asinado o día 09/10/2025 ás 11:04
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Cómpre salientar que Egatel foi adquirida no 2023 por un grupo de investidores galegos, logo de anos propiedade dun grupo catalán. A firma, que chegou a empregar a máis de 50 persoas e a facturar arredor de 4 millóns de euros anuais, recibiu unha





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

cantidade importante de achegas públicas recentemente a través do Igape, Plan Galiza Emprega e programa Investigo, co obxectivo declarado de crear e manter postos de traballo cualificado en Ourense. Porén, esta estratexia resulta contraditoria cando se desmantela parte do proceso produtivo e que permite anticipar que é o primeiro paso do traslado da totalidade da produción a outras localidades, coa conseguinte e inxustificada perda de estrutura industrial e tecnolóxica da comarca.

Nun contexto de crise demográfica e económica, a acción da Xunta debe orientarse con firmeza á protección do emprego existente, á retención de actividades industriais tractoras e garantir a utilización eficiente e responsable dos recursos públicos investidos en apoio á innovación, á industria e ao emprego de calidade en Ourense. Permitir ou tolerar a marcha de industrias punteiras, especialmente cando contan con décadas de apoio público, supón aceptar unha sangría contra a que cómpre actuar de forma decidida.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Empezar, coa máxima urxencia, cantas accións políticas, administrativas e institucionais sexan necesarias a fin de evitar o desmantelamento industrial e garantir a continuidade dos postos de traballo de Egatel e do resto de empresas que operan en Ourense.

2. Condicionar as futuras axudas públicas a empresas tecnolóxicas e industriais á conservación real e efectiva de emprego, esixindo a devolución das subvencións recibidas no caso de peche ou redución de persoal en Ourense.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Demandar transparencia e diálogo social efectivo ante calquera movemento empresarial que afecte a estrutura produtiva, abordando de xeito urxente a crise do emprego cualificado nesta provincia.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/10/2025 11:04:20

Ramón Fernández Alfonso na data 09/10/2025 11:04:26

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2025 11:04:33

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2025 11:04:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 11:05:21
Nº Rexistro: 36200
Data envío: 09/10/2025 11:05:21.550

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 11:05:21
Nº Rexistro: 36200
Data envío: 09/10/2025 11:05:21.550

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 11:05:22

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Galicia é referente mundial na pesca de altura e conta cunha frota de que opera en caladoiros internacionais, como o Pacífico oriental, unha das súas áreas de referencia, especialmente para os palangreiros de superficie con base en Galicia.

Cómpre lembrar que en 2024, de acordo coa información recollida no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, un total de 42 embarcacións españolas faenaron no Pacífico oriental, das cales 38 eran palangreiros galegos, polo que o impacto económico e estratéxico desta pesqueira para Galicia é moi relevante.

Na 103ª reunión da Comisión Interamericana do Atún Tropical (CIAT), celebrada en Panamá, adoptouse a decisión de reducir en 8 días a veda anual para a pesca de túnidos tropicais (listado, patudo e rabil), pasando de 72 a 64 xornadas, tras constatar o bo estado de conservación destas especies grazas ás medidas de xestión aplicadas ata o momento.

Ademais, a creación dun fondo internacional para financiar proxectos de recuperación e retirada de dispositivos de concentración de peixes (FAD) e o reforzo dos programas de mostraxe e mercado científico son pasos positivos cara á sostibilidade desta pesqueira.

Neste contexto, Galicia debe reclamar un papel activo nas negociacións internacionais, defender os intereses da súa frota e asegurar que os retornos

Asinado o día 09/10/2025 ás
11:22
Por Alberto Pazos Couñago





desta actividade se traduzan en competitividade, emprego e desenvolvemento industrial para o noso país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Recoñecer a relevancia estratéxica da frota galega que opera no Pacífico oriental e trasladar apoio institucional aos 38 palangreiros con porto en Galicia.
- 2.- Reclamar do Goberno de España a defensa activa dos intereses galegos na CIAT e nos foros internacionais de xestión pesqueira.
- 3.- Impulsar programas de colaboración científica entre Galicia e a CIAT para reforzar a recollida de datos e a sostibilidade da pesqueira.
- 4.- Promover liñas de apoio á competitividade da frota galega que opera en augas internacionais, asegurando emprego estable e futuro económico para o sector.
- 5.- Solicitar a creación de programas de seguimento e colaboración científica conxuntos entre a Xunta, centros de investigación galegos e o propio sector, para garantir unha xestión baseada en evidencias e consolidar a posición de Galicia como referente internacional en pesca sostible”.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/10/2025 11:22:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 11:22:41
Nº Rexistro: 36204
Data envío: 09/10/2025 11:22:41.623

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 11:22:41
Nº Rexistro: 36204
Data envío: 09/10/2025 11:22:41.623

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 11:22:42

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Galicia é líder europeo e mundial na transformación e comercialización de produtos do mar, con especial relevancia na industria do atún. O sector, representado por Anfaco-Cecopesca, sitúa a Vigo como capital mundial deste produto, como quedou patente na XII Tuna World Conference, que reuniu a máis de 350 expertos de 32 países.

O atún é un produto estratéxico para Galicia, tanto polo seu peso económico e social como polas oportunidades de futuro que ofrece: cualidades nutricionais, versatilidade, sostibilidade e capacidade de xerar valor engadido e emprego.

Con todo, a industria enfróntase a retos que requiren apoio institucional: combater bulos e campañas de desinformación sobre a súa seguridade alimentaria, reforzar a comunicación ao consumidor, garantir condicións laborais xustas en toda a cadea de subministro e potenciar a dixitalización para asegurar trazabilidade e transparencia.





Neste contexto, Galicia non pode quedar ao marxe: é necesario un compromiso activo para defender un sector estratéxico que representa miles de empregos e proxecta internacionalmente a nosa Comunidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Reforzar a defensa institucional do sector do atún galego, apoiando a súa proxección internacional e recoñecendo o seu carácter estratéxico.
- 2.- Pór en marcha campañas de comunicación dirixidas ao consumidor que poñan en valor as cualidades nutricionais, a sostibilidade e a seguridade alimentaria do atún transformado en Galicia.
- 3.- Colaborar coa industria para garantir trazabilidade, dixitalización e transparencia ao longo de toda a cadea de subministro.
- 4.- Solicitar do Goberno de España e da UE unha maior implicación para combater campañas de desinformación e defender os intereses da industria conserveira galega nos foros internacionais”.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 11:31:13
Nº Rexistro: 36208
Data envío: 09/10/2025 11:31:13.033

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/10/2025 11:30:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 11:31:13
Nº Rexistro: 36208
Data envío: 09/10/2025 11:31:13.033

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 11:31:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 11:31:13
Nº Rexistro: 36208
Data envío: 09/10/2025 11:31:13.033

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O mercado internacional do calamar Illex está a experimentar un crecemento significativo, con Arxentina como principal exportador e España como segundo maior importador, só por detrás de China. Galicia, e en particular o Porto de Vigo, convértese na principal porta de entrada destes produtos cara á UE, consolidando a súa posición estratéxica no comercio mundial de cefalópodos.

A evolución deste mercado ten implicacións directas para a industria transformadora e conserveira galega, para a cadea loxística e para o emprego vinculado ao sector. Ao mesmo tempo, require unha análise detallada sobre o impacto nos prezos, na competencia cos produtos locais e no equilibrio das nosas pesqueiras.

É necesario que a Xunta de Galicia siga de preto esta dinámica, poñendo en marcha mecanismos de información, apoio ao sector transformador e defensa dos intereses galegos nas negociacións comerciais internacionais.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Realizar un seguimento específico da evolución do mercado do calamar Illex, en coordinación co sector pesqueiro e transformador galego.
- 2.- Reclamar ao Goberno de España que defenda os intereses da industria galega nas negociacións comerciais internacionais con países exportadores de cefalópodos.
- 3.- Promover mecanismos de apoio á industria transformadora galega para reforzar a súa competitividade fronte ao incremento das importacións.
- 4.- Impulsar accións de promoción e diferenciación do produto galego no mercado internacional, garantindo a súa trazabilidade e calidade”.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/10/2025 11:39:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 11:39:28
Nº Rexistro: 36212
Data envío: 09/10/2025 11:39:28.733

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 11:39:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 11:39:28
Nº Rexistro: 36212
Data envío: 09/10/2025 11:39:28.733

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:12:41
Nº Rexistro: 36218
Data envío: 09/10/2025 12:12:41.464

Asinado o día 09/10/2025 ás 12:08
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª**.

O problema da variabilidade e a falta de atención por parte da Xunta de Galicia sobre as zonas de libre marisqueo da ría de Arousa foi obxecto de numerosas críticas e problemas xurdidos desde o sector traballador do mar. Non obstante, a posición rochosa e conformista do Goberno da Xunta de Galicia ten fomentado a perda de capacidade produtiva da ría, o que vén aumentando o abandono de permisos de marisqueo que teñen caído arredor de 3.000 na última década.

Asinado o día 09/10/2025 ás 12:08
Por Carlos López Font

O modelo de xestión das zonas de libre marisqueo foi tamén un problema xerado pola Consellería do Mar, quen abandonou as súas responsabilidades entregando a capacidade de xestión ás propias confrarías pero sen dotar dos medios axeitados os recursos necesarios para iso. O obxectivo do Goberno galego de fomentar a existencia de dificultades e problemas estase a cumprir, pero a gravidade da situación aumenta no que corresponde á produción e aproveitamento do traballo por parte do sector do mar.

Nas recentes datas volven a existir problemas derivados do abandono da xestión que fixo a Xunta de Galicia dos bancos marisqueiros na ría de Arousa, fomentando a confrontación entre o sector que tanto réditos lle dá e ao igual que fixo noutros ámbitos como mexilloeiros fronte a bateeiros.

Asinado o día 09/10/2025 ás 12:08
Por Paloma Castro Rey

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125345

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1KO5AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:12:41
Nº Rexistro: 36218
Data envío: 09/10/2025 12:12:41.464

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a exercer un papel conciliador e mediador no que corresponde á xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, dotando de medios e recursos aos colectivos que teñen a responsabilidade de facelo e recollendo as valoracións das confrarías para avaliar a necesidade ou non de reverter o sistema actualmente aplicado se así é demandado.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125346

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/10/2025 12:08:30

Carlos López Font na data 09/10/2025 12:08:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/10/2025 12:08:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:12:41
Nº Rexistro: 36218
Data envío: 09/10/2025 12:12:41.464

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:12:41
Nº Rexistro: 36218
Data envío: 09/10/2025 12:12:41.464

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 12:12:42

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:15:39
Nº Rexistro: 36224
Data envío: 09/10/2025 12:15:39.422

Asinado o día 09/10/2025 ás 12:12
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Público Integrado (CPI) de Zas, que acolle ensinanzas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, leva anos sufrindo un progresivo deterioro das súas instalacións, derivado da falta de mantemento e da ausencia de investimentos por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Tanto o equipo directivo como a ANPA do centro teñen remitido múltiples escritos e informes á Consellería, sen obter resposta efectiva nin actuación algunha que dea solución aos graves problemas estruturais e funcionais que padece o colexio.

O CPI de Zas conta neste curso con 29 alumnos en Infantil, 65 en Primaria e 46 en Secundaria. O alumnado e o profesorado desenvolven a súa actividade diaria nun edificio con deficiencias moi graves:

- Ventás e carpinterías deterioradas, con filtracións de auga e frío, que obrigan ao uso constante de deshumificadores, cun elevado gasto enerxético.
- Humidades e goteiras en aulas e corredores, con auga correndo polas paredes, o que pon en risco a saúde do alumnado e dificulta a actividade docente.
- Canlóns e canalizacións internas rotas ou obstruídas, que agravan as filtracións e supoñen perigo de desprendementos.

Asinado o día 09/10/2025 ás 12:12
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 09/10/2025 ás 12:11
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125349

28071 Madrid

@PSdeG



- Sistema de calefacción obsoleto e ineficiente, que non garante unha temperatura axeitada nas aulas.
- Baños antigos e deteriorados, con azulexos soltos e problemas persistentes de malos cheiros.
- Patio cuberto inservible, cun teito vello, oxidado e con filtracións que impiden o seu uso en días de choiva.
- Varanda exterior oxidada e perigosa, que debe ser substituída por un elemento de seguridade homologado.

A maiores, cómpre sinalar a falta de persoal de apoio en Infantil, especialmente grave este curso no que hai varios nenos e nenas con necesidades educativas especiais, sen reposición do apoio retirado o ano pasado.

Esta situación é insostible e vulnera o dereito do alumnado de Zas a recibir unha educación pública en condicións dignas, seguras e saudables. A Consellería de Educación debe actuar con urxencia, acometendo un plan integral de reforma e reposición de infraestruturas, así como garantir o persoal de apoio necesario para atender adecuadamente a todo o alumnado.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Acometer con carácter de urxencia as obras de reparación e mellora integral do CPI de Zas, incluíndo:
 - Substitución das ventás e carpinterías deterioradas.
 - Eliminación de humidades e reparación das cubertas e canlóns.
 - Renovación do sistema de calefacción e mellora da eficiencia enerxética do edificio.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:15:39
Nº Rexistro: 36224
Data envío: 09/10/2025 12:15:39.422

- Reforma dos baños e renovación de azulexos e instalacións sanitarias.
 - Substitución e reparación integral do patio cuberto e da súa estrutura.
 - Reposición da varanda exterior por un elemento de seguridade homologado.
2. Reforzar o cadro de persoal docente e de apoio no centro, garantindo a dotación dun/ha profesional de apoio en Infantil para atender ao alumnado con necesidades educativas especiais.
 3. Dar resposta formal aos escritos e informes presentados pola ANPA e pola Dirección do CPI de Zas, establecendo unha canle estable de comunicación e seguimento das necesidades do centro.
 4. Incorporar nos orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2026 unha partida específica destinada á rehabilitación integral do CPI de Zas.

Santiago de Compostela, a 9 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125351

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/10/2025 12:11:53

Aitor Bouza Manso na data 09/10/2025 12:12:00

Silvia Longueira Castro na data 09/10/2025 12:12:06

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/10/2025 12:12:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:15:39
Nº Rexistro: 36224
Data envío: 09/10/2025 12:15:39.422

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 12:15:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:15:39
Nº Rexistro: 36224
Data envío: 09/10/2025 12:15:39.422

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A frota galega está sometida a estritas normas autonómicas e estatais que regulan os períodos de descanso e parada técnica, co obxectivo de garantir a sostibilidade dos recursos mariños e o equilibrio ambiental dos caladoiros.

Estas medidas, aínda que necesarias, implican un esforzo económico importante para os nosos armadores e tripulacións, xa que supoñen paradas obrigatorias de 48 horas á semana ou descansos similares que afectan á súa rendibilidade.

Porén, mentres a frota galega cumpre con estas obrigas, buques doutros territorios e de outros países seguen faenando nos mesmos caladoiros, xerando unha evidente situación de competencia desleal. Esta realidade prexudica á frota galega e compromete a eficacia das medidas de conservación, que só son útiles se se aplican a todos os operadores por igual.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galicia esixa ao Goberno de España e á Comisión Europea que adopten medidas inmediatas para que os descansos obrigatorios que se aplican á frota galega sexan tamén de obrigado cumprimento para calquera frota que opere en augas compartidas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:





- 1.- Reclamar do Goberno de España que, a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, impulse ante a Unión Europea e os organismos internacionais competentes a aplicación obrigatoria de períodos de descanso e vedas semanais en caladoiros compartidos, en igualdade de condicións para todas as frotas.
- 2.- Solicitar que se reforcen os controis de inspección pesqueira en augas próximas a Galicia, co obxectivo de garantir que non haxa buques foráneos aproveitando os descansos obrigatorios da frota galega para aumentar as súas capturas.
- 3.- Defender nas instancias europeas e internacionais que calquera medida de conservación pesqueira só é eficaz se se aplica con carácter común a todas as frotas que operan nun mesmo caladoiro”.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/10/2025 12:16:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:16:23
Nº Rexistro: 36227
Data envío: 09/10/2025 12:16:23.012

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:16:23
Nº Rexistro: 36227
Data envío: 09/10/2025 12:16:23.012

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 12:16:23

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O sector pesqueiro galego representa un pilar estratéxico da nosa economía, tanto polo volume de emprego como polo seu impacto social e pola súa capacidade exportadora. Entre as súas artes, o palangre demersal ou semipeláxico ocupa un papel central, especialmente en relación á captura de especies como a pescada, que constitúe un recurso esencial para a frota e para o mercado galego.

Porén, a normativa estatal e comunitaria non diferencia con claridade este aparello respecto ao palangre de fondo, o que supón un prexuízo para a frota galega, pois non se recoñece a súa maior selectividade nin o menor impacto ambiental derivado da súa actividade.

A Consellería do Mar vén de solicitar formalmente ao Goberno central que o palangre demersal sexa incluído na clasificación de aparellos de anzol prevista no Real Decreto 502/2022, coa finalidade de dotar ao sector dun marco normativo xusto, actualizado e adaptado á realidade das nosas frotas.

Asinado o día 09/10/2025 ás
12:24
Por Alberto Pazos Couñago





Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Reforzar as súas xestións diante do Goberno de España para que se recoñeza e se catalogue o palangre demersal como aparello de anzol, diferenciándoo normativamente do palangre de fondo.
- 2.- Defender no ámbito da Unión Europea esta diferenciación, de xeito que se recoñeza a maior sustentabilidade e selectividade do palangre demersal galego fronte a outras artes de pesca.
- 3.- Impulsar campañas de apoio e divulgación para poñer en valor a importancia socioeconómica do palangre demersal para Galicia e o seu papel no equilibrio entre actividade económica e conservación dos recursos mariños”.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/10/2025 12:24:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:24:47
Nº Rexistro: 36232
Data envío: 09/10/2025 12:24:47,850

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 12:24:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:24:47
Nº Rexistro: 36232
Data envío: 09/10/2025 12:24:47,850

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:28:39
Nº Rexistro: 36235
Data envío: 09/10/2025 12:28:39.737

Asinado o día 09/10/2025
12:26
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa ao anuncio do goberno galego de presentar alegacións ante a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sostibilidade financeira para as CC.AA. de réxime común.

Asinado o día 09/10/2025 ás
12:25
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos a xestión da débeda é obxecto de debate no ámbito do Estado español por varios motivos. Primeiro, pola importancia do seu volume e as consecuencias nas finanzas e na prestación de servizos públicos. Segundo, pola súa vinculación coas insuficiencias do sistema de financiamento e coas restricións centralistas ao gasto aplicadas na crise financeira. Terceiro, pola oportunidade histórica aberta polas negociacións das organizacións soberanistas con representación no Congreso dos e das deputados para que o goberno central asuma a súa responsabilidade e asuma medidas excepcionais.

Así as cousas, a Xunta de Galiza, no lugar de aproveitar as distintas concocatorias de Consellos de Política Fiscal e Financeira, Conferencias de Presidencias ou impulsar negociacións bilaterais para defender Galiza, asume a estratexia estatal do Partido Popular de negar a idoneidade dunha quita.

Asinado o día 09/10/2025 ás
12:25
Por Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Coñecido o Anteproxecto, a Xunta vén de avanzar despois do Consello celebrado o luns 6 de outubro a presentación de alegacións. Segundo a nota informativa da Xunta o goberno considera que “os criterios utilizados polo Goberno central para defender a mal chamada condonación non son válidos, xa que non mellora a solvencia nin a capacidade de gasto das Comunidades”, que “esta decisión se tomara sen contar coa participación das Comunidades autónomas” e critica os criterios sen fornecer uns alternativos.

É necesario que o goberno galego, ante esta oportunidade histórica, faga propostas concretas para que Galiza non perda a posibilidade de reducir o impacto económico da súa débeda.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a dirixirse aos grupos políticos con representación por Galiza no Congreso das e dos deputados para demandar facilitar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sostibilidade financeira para as CC.AA. de réxime común de cara a que o noso país poida aproveitar nas mellores condicións posibles unha oportunidade sen precedentes de ver paliados os efectos económicos de ter triplicado a súa débeda”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2025 12:25:45

Ramón Fernández Alfonso na data 09/10/2025 12:25:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/10/2025 12:26:02

Rosana Pérez Fernández na data 09/10/2025 12:26:09



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 12:28:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:28:39
Nº Rexistro: 36235
Data envío: 09/10/2025 12:28:39.737

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Cristina Fernández Davila** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o impacto das obras de reforma na seguridade, saúde e calidade educativa do CIFP Manuel Antonio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Centro Integrado de FP Manuel Antonio de Vigo as actuacións de reforma que se están a realizar están tendo un impacto importante nas condicións nas que se imparten aulas, ao punto de resultar incompatibles con garantir un ambiente con condicións de seguridade.

Evidentemente as obras de reforma eran actuacións que a comunidade educativa reclamaba con urxencia e que consideran positivas. Mais o problema se atopa en que as actuacións non foron debidamente planificadas para minimizar o seu impacto.

Como consecuencia desta falta de previsión e adecuación das obras á actividade do centro, o profesorado e o alumnado denuncian que neste momento están desenvolvendo a súa actividade incumprindo os requisitos establecidos nas normativas en materia de prevención de riscos laborais, seguridade e saúde no traballo. Entre outros atópanse con constantes poeiras que afectan á calidade do ar ou situacións de inseguridade por caída de escombros.

Ademais disto, tamén está afectando ao avance das aulas, xa que hai talleres que resultan fundamentais para a realización de prácticas formativas que estiveron pechados e que a día de hoxe aínda non poden funcionar con normalidade, o cal afecta á posibilidade



de impartir a totalidade dos contidos curriculares. Ademais as obras no tellado e zonas comúns interfíren na mobilidade, xeran ruído e afectan á seguridade xeral.

Por tanto neste momento existe unha sensación de descontrol, de incerteza polo impacto nas aulas e de risco na seguridade das persoas inaceptable. Cómpre lembrar, ademais, que no caso de alumnado NEAE esta situación ten un impacto moito maior.

A Xunta de Galiza debe actuar de forma inmediata cunha avaliación da situación, con máis diálogo co centro e aportando solucións para facer compatibles as obras coa saúde e seguridade da comunidade educativa e sen que se vexa afectada a calidade educativa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta:

1. Á avaliación urxente da situación actual por parte dos servizos de prevención de riscos laborais.
2. Á habilitación de solucións alternativas, que garantan a continuidade das actividades lectivas en condicións dignas e seguras.
3. Á información transparente e regular sobre o estado das obras e os prazos previstos, co fin de organizar o traballo docente con responsabilidade e antelación”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 09/10/2025 12:27:06

Carmela González Iglesias na data 09/10/2025 12:27:19

Cristina Fernández Davila na data 09/10/2025 12:27:25

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/10/2025 12:27:32

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2025 12:27:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:30:48
Nº Rexistro: 36241
Data envío: 09/10/2025 12:30:48,886

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 12:30:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:30:48
Nº Rexistro: 36241
Data envío: 09/10/2025 12:30:48,886

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A flota galega, especialmente a de altura e gran altura, leva décadas sendo un referente en materia de sustentabilidade, seguridade laboral e cumprimento das normas pesqueiras internacionais. Grazas a ese compromiso, Galicia é hoxe líder europeo en actividade pesqueira responsable e en innovación tecnolóxica aplicada ao mar.

Porén, nos últimos anos observouse un avance da frota asiática e africana en caladoiros do Atlántico, incluídos os do Gran Sol, que operan con condicións moito menos esixentes e sen os controis aos que se somete a flota europea. Mentres a frota galega cumpre con cotas, vedas, medidas de seguimento e control, outras froas capturan nas mesmas zonas sen restricións nin garantías ambientais ou sociais.

Este desequilibrio supón unha competencia desleal intolerable e pon en risco tanto o futuro económico das nosas empresas armadoras como a sustentabilidade dos recursos mariños. A Unión Europea debe actuar con firmeza, reforzando os mecanismos de control, sanción e reciprocidade, e garantir que calquera barco que opere en augas compartidas o faga baixo as mesmas condicións de esforzo pesqueiro, trazabilidade e respecto ambiental.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Reclamar ante o Goberno de España que defenda no Consello de Ministros de Pesca da UE a necesidade de aplicar idénticas regras de control, esforzo e sustentabilidade ás frota de terceiros países que operan nos mesmos caladoiros cá frota galega.
- 2.- Impulsar unha posición común coa Comisión Europea para que se revisen os acordos pesqueiros con países terceiros e se garantan condicións de reciprocidade real en materia ambiental, social e económica.
- 3.- Solicitar o reforzo dos mecanismos de inspección e seguimento nas augas internacionais próximas a caladoiros galegos, en especial no Atlántico Nordeste e Sur, para previr prácticas ilegais e asegurar unha competencia leal.
- 4.- Reforzar a defensa internacional da frota galega como modelo de pesca responsable, a través de campañas institucionais e acción diplomática sectorial coordinada coas principais organizacións europeas do sector”.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/10/2025 12:55:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:56:00
Nº Rexistro: 36247
Data envío: 09/10/2025 12:56:00.034

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 12:56:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:56:00
Nº Rexistro: 36247
Data envío: 09/10/2025 12:56:00.034

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:58:41
Nº Rexistro: 36250
Data envío: 09/10/2025 12:58:41.175

Asinado o día 09/10/25
12:56
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª**.

As rías galegas son referenciadas no mundo por, entre outras cousas, a súa capacidade produtiva de marisco de distintas especies. Nomeadamente o marisqueo, sexa a flote ou a pé, é un sinal de identidade que, ademais, é un sector economicamente relevante do que viven milleiros de familias de maneira directa e indirecta e do que dependen en boa parte as economías locais de moitas vilas das nosas rías.

Asinado o día 09/10/2025 ás
12:56
Por Carlos López Font

Nos últimos anos a perda de capacidade produtiva está sendo un grave problema que debe ser atallado en toda a medida que sexa posible e sobre a que faltan medidas decididas que afronten unha realidade que, sendo multicausal, pode ter maior implicación por parte da administración responsable.

Especificamente, os problemas de aumento e diminución brusca da salinidade veñen provocando, xunto a outras causas, episodios de enorme mortalidade de marisco. Son notoriamente coñecidos os episodios nas rías de Arousa ou de Muros – Noia, afectando a diversas especies entre as que se atopan a ameixa e o berberecho, referentes indiscutibles nesas rías.

Asinado o día 09/10/2025 ás
12:55
Por Paloma Castro Rey

As causas dos bruscos cambios de salinidade das augas son varios, pero algúns deles ten responsabilidade directa de xestión que é claramente mellorable, como o control dos desaugues dos encoros que verten as súas augas aos ríos que desembocan nestas rías, ou de maneira case directa contra

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125374

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:58:41
Nº Rexistro: 36250
Data envío: 09/10/2025 12:58:41.175

as bocas destas rías. No caso das dúas rías manifestadas son coñecidos polo sector os episodios de baleirado dos encoros de maneira brusca, sen control e sen aviso ou con advertencias apenas a feitos consumados a algunhas entidades de emerxencias da contorna.

Sendo natural asumir que os procesos de baleirado de auga veñen marcados pola propia cantidade acumulada desta, non é menos natural entender que é posible regularse e controlar estes desaugues de maneira máis axustada para non prexudicar ao sector marisqueiro. Así, a coincidencia destes episodios con momentos concretos de mareas e secas para mariscar provocan que o impacto desas grandes masas de auga doce sexan claramente máis problemáticas para o marisco que se se fai de maneira graduada e aproveitando momentos de marea chea para que o volume de auga salgada que recibe o desaugado sexa maior e, así, asuma mellor tanto os cambios de salinidade como a entrada brusca e con forza que afecta ao propio produto e ao sistema medioambiental da ría. Cabe apuntar, ademais, que a baixada de fortes masas de auga en momentos de sexa, cando hai xente traballando no mar, ten provocado algunha situación de incerteza e descontrol na xente que traballa e que pode afectar á súa seguridade.

Os encoros referidos son xestionados por empresas de titularidade privada a través de concesións da xestión por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Elaborar un protocolo de actuación de baleirado para os encoros de Galicia que afecten sobre bancos de produción marisqueira que implique a toma en consideración das mareas, a posibilidade de facer desaugues progresivos, e a comunicación destes baleirados cunha antelación suficiente que debe ser

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125375

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:58:41
Nº Rexistro: 36250
Data envío: 09/10/2025 12:58:41.175

advertida aos concellos e confrarías de pescadores da contorna sobre a que afecten, así como todas as cuestións que sexan pertinentes e consideradas de interese.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125376

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/10/2025 12:55:56

Carlos López Font na data 09/10/2025 12:56:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/10/2025 12:56:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:58:41
Nº Rexistro: 36250
Data envío: 09/10/2025 12:58:41.175

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 12:58:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 12:58:41
Nº Rexistro: 36250
Data envío: 09/10/2025 12:58:41.175

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a actualización do concerto social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza asinou en 2023 coas entidades sociais do ámbito da discapacidade un concerto social como fórmula de prestación de servizos sociais (Lei 13/2008 de servizos sociais de Galiza, Decreto 229/2020, de 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza).

Desde setembro de 2024 as entidades sociais federadas en Fademga veñen advertindo á Xunta de Galiza da necesidade de actualizar os prezos previstos no concerto social para os axustar ao custe real de prestación do servizo que se viron incrementados nos últimos anos polo aumento do IPC e tamén o incremento dos salarios coa entrada en vigor do XVI Convenio estatal da discapacidade para o período 2025-2028.

Malia as reiteradas ocasións en que Fademga advertiu á Xunta de Galiza da incapacidade para poder continuar asumindo en solitario o incremento do custes de prestación do servizo e reclamar ao goberno galego a garantía dun financiamento suficiente, a Xunta de Galiza non deu resposta ás súas demandas propondo un incremento de entre o 5% e o 7% que as entidades consideran insuficiente.

Neste senso, desde Fademga aseguran que de non compensarse os custes reais da prestación dos servizos existe un risco real de continuidade dos mesmos.

Asinado o día 09/10/2025 ás
13:01
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 09/10/2025 ás
13:01
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cómpre lembrar que a normativa reguladora dos concertos sociais (Decreto 229/2020) prevé a revisión dos prezos ou módulos económicos (artigo 19. 5 e)) así como as condicións técnicas dos mesmos cando se produzan mudanzas normativas –por exemplo Real Decreto 87/2025, de 11 de febreiro, polo que se fixa o SMI para 2025. Mesmo se prevé unha revisión á alza por parte da Xunta de Galiza co obxectivo de mellorar a prestación do servizo (artigo 29) sempre que se xustifique debidamente.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reunirse de maneira urxente coas entidades sociais que xestionan centros de atención a persoas con discapacidade intelectual en Galiza co obxectivo de proceder a unha revisión dos prezos fixados no concerto social que garantan a viabilidade do servizo e, sobre todo, as máximas condicións asistenciais das persoas usuarias e as mellores condicións laborais das persoas que traballan nos devanditos centros.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2025 13:01:13

Cristina Fernández Davila na data 09/10/2025 13:01:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 13:02:52
Nº Rexistro: 36258
Data envío: 09/10/2025 13:02:52.002

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 13:02:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 13:02:52
Nº Rexistro: 36258
Data envío: 09/10/2025 13:02:52.002

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Manuel Santos Costa, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O dragado do canal do Lérez é unha demanda histórica das confrarías de Pontevedra, Lourizán, Raxó e San Telmo, así como o Club Naval de Pontevedra, que levan máis dunha década reclamando esta actuación imprescindible para recuperar zonas produtivas, hoxe inservibles polo exceso de fangos, e para a plena operatividade portuaria. A Xunta de Galicia, a través de Portos, xa deu o paso de iniciar a tramitación da Declaración de Impacto Ambiental, logo de confirmarse o novo punto de depósito de sedimentos con todas as garantías técnicas e ambientais. Agora é necesario que o Goberno de España, a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, emita o informe preceptivo que permita culminar o procedemento. Non se pode seguir demorando unha actuación esencial para o sector marisqueiro e portuario da ría de Pontevedra, que está a perder capacidade produtiva, actividade e emprego.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Priorizar o dragado do canal do Lérez como actuación estratéxica para a recuperación marisqueira e a operatividade portuaria.
- 2.- Demandar á Administración Xeral do Estado resposta á solicitude de informe preceptivo do Ministerio de Pesca.
- 3.- Garantir a dotación orzamentaria suficiente para licitar e executar a obra inmediatamente despois da aprobación da DIA”.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/10/2025 13:13:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 13:13:43
Nº Rexistro: 36265
Data envío: 09/10/2025 13:13:43,569

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 13:13:43
Nº Rexistro: 36265
Data envío: 09/10/2025 13:13:43,569

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 13:13:44

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Ministerio de Sanidade iniciou o proceso para a reforma do Estatuto Marco do Persoal Sanitario xerando o malestar unánime dos sindicatos, as principais asociacións de médicos do país e das comunidades autónomas, responsables de xestionar os sistemas sanitarios públicos nos seus respectivos territorios.

Tanto as medidas formuladas polo Ministerio de Sanidade, como o procedemento seguido para a reforma, son motivo de rexeitamento por parte de todos os axentes implicados na sanidade pública en España, que sinalan a súa escasa viabilidade, a falta de planificación técnica e económica e o seu nulo encaixe coa realidade asistencial. Lonxe de contribuír a solucionar o gran problema do déficit de profesionais que afronta o Sistema Nacional de Saúde na actualidade, a proposta formulada polo Ministerio, agrávao.

Resulta especialmente grave que o Ministerio avance neste texto sen ter en conta a opinión das Comunidades Autónomas, que son as competentes na organización e prestación dos servizos sanitarios, nin cos sectores profesionais. Unha reforma destas características require necesariamente coordinación, diálogo e consenso.

As autonomías veñen reiterando a súa preocupación polo feito de que o borrador carece dunha avaliación económica e técnica.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 09/10/2025 ás
14:00
Por Alberto Pazos Couñago





As propostas implican custos organizativos relevantes que deben ser cuantificados con rigor. E as medidas deben basearse en cuestións técnicas que expliquen a súa motivación e como repercutirían no sistema.

A reforma do Estatuto Marco non pode converterse nun elemento de confrontación política nin nun catálogo de medidas illadas, senón que debe centrarse en ofrecer solucións reais a estes retos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1.- A reforma do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde se realice co consenso e participación efectiva das Comunidades Autónomas e dos sectores profesionais implicados.
- 2.- O Ministerio de Sanidade presente unha memoria económica e técnica das medidas propostas para a modificación do Estatuto Marco.
- 3.- Se asegure que as modificacións do Estatuto Marco contribúan a dar resposta ao déficit de profesionais sanitarios, especialmente en atención primaria e nos postos de difícil cobertura”.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/10/2025 14:00:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36281
Data envío: 09/10/2025 14:00:54.973

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 14:00:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36281
Data envío: 09/10/2025 14:00:54.973

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36284
Data envío: 09/10/2025 14:08:27.539

Asinado o día 09/10/2025 ás 14:03
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Aitor Bouza Manso**, **Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 09/10/2025 ás 14:02
Por Patricia Iglesias Rey

No caso do CEIP Vite, situado no concello de Santiago de Compostela, a comunidade educativa leva anos reclamando solucións a múltiples deficiencias estruturais e organizativas. O centro, construído nos anos 80, conta actualmente con máis de 200 alumnos e alumnas, e afronta unha serie de necesidades urxentes que a Xunta de Galicia non está a atender.

En materia de infraestruturas, o CEIP Vite presenta graves carencias. Precisa dunha reforma integral que inclúa a mellora e pintado da fachada, a substitución de ventás, a reforma dos baños e o acondicionamento da pista con cuberta parcial, actuacións que levan anos reclamándose pola dirección e a ANPA sen resposta da Consellería.

Asinado o día 09/10/2025 ás 14:02
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125391

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-r1KO5AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36284
Data envío: 09/10/2025 14:08:27.539

A pesar das reiteradas visitas de asociacións do terceiro sector para avaliar obras de accesibilidade, estas nunca chegan a executarse, malia que no curso pasado se realizaron pequenas intervencións para facilitar o acceso de persoas con discapacidade física.

Todas estas deficiencias son froito do abandono e da falta de planificación por parte da Xunta de Galicia, que non dota aos centros dos recursos humanos e materiais necesarios para garantir unha educación pública de calidade, inclusiva e segura.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar de maneira urxente unha reforma integral do CEIP Vite que garanta unhas condicións dignas e seguras para o alumnado e o profesorado.
2. Adoptar as medidas necesarias para garantir a accesibilidade universal do centro educativo, eliminando todas as barreiras arquitectónicas existentes.
3. Incorporar unha partida orzamentaria específica e suficiente nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2026 que permita acometer as actuacións necesarias no CEIP Vite, garantindo a súa planificación e execución efectiva.

Santiago de Compostela, a 9 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125392

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 09/10/2025 14:02:52

Patricia Iglesias Rey na data 09/10/2025 14:02:58

Silvia Longueira Castro na data 09/10/2025 14:03:04

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/10/2025 14:03:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36284
Data envío: 09/10/2025 14:08:27.539

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 14:08:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36284
Data envío: 09/10/2025 14:08:27.539

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36299
Data envío: 09/10/2025 16:10:08,964

Asinado o día 09/10/2025 ás 16:05
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mobilidade voluntaria do persoal funcionario é un dereito recoñecido no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e constitúe unha ferramenta esencial para favorecer a conciliación da vida laboral e persoal, o desenvolvemento profesional e a racionalización da organización administrativa.

Porén, na Administración autonómica galega, a xestión dos concursos de traslados, tanto dos corpos xerais como dos corpos e escalas especiais, caracterízase pola falta de periodicidade, o atraso na resolución e a ausencia de procedementos abertos e continuos. En moitos casos, transcorran varios anos entre unha convocatoria e outra, o que impide a mobilidade real do persoal e xera malestar e desmotivación entre os empregados e empregadas públicas.

Esta situación contrasta co modelo de concursos permanentes e abertos que xa funcionan con éxito no Servizo Galego de Saúde (Sergas) e na Administración Xeral do Estado, onde o persoal pode solicitar prazas dispoñibles ao longo de todo o ano, con resolucións periódicas e con sistemas informáticos eficaces e transparentes.

Asinado o día 09/10/2025 ás 16:05
Por Carlos López Font

Asinado o día 09/10/2025 ás 16:05
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125395

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36299
Data envío: 09/10/2025 16:10:08,964

A realidade da función pública autonómica galega amosa, pola contra, unha notable carencia de medios humanos e técnicos na dirección xeral competente en materia de función pública, o que provoca retrasos reiterados tanto nos concursos de traslados como noutros procedementos (ofertas de emprego público, promoción interna, bolsas, etc.).

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma un compromiso real coa modernización e co dereito á mobilidade do persoal público, mediante a convocatoria recorrente e aberta dos concursos, a mellora dos medios informáticos e o reforzo do persoal técnico destinado á súa tramitación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar un sistema de concursos de traslados recorrentes e abertos durante todo o ano para o persoal funcionario dos corpos xerais e especiais da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo o modelo existente no Sergas e na Administración Xeral do Estado.
2. Reforzar os medios materiais e os aplicativos informáticos empregados nos procedementos de mobilidade e provisión de postos, co fin de garantir a súa axilidade, transparencia e tramitación dixital completa.
3. Incrementar os medios persoais destinados ao órgano directivo competente en materia de función pública, dotándoo do persoal técnico necesario para asumir con eficacia e celeridade as convocatorias e resolucións dos concursos de traslados e outros procesos de xestión do emprego público.

Santiago de Compostela, a 9 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125396

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/10/2025 16:05:35

Carlos López Font na data 09/10/2025 16:05:41

Paloma Castro Rey na data 09/10/2025 16:05:52

Elena Espinosa Mangana na data 09/10/2025 16:05:59

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/10/2025 16:06:06



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36299
Data envío: 09/10/2025 16:10:08,964

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 16:10:09

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36300
Data envío: 09/10/2025 16:10:25.586

Asinado o día 09/10/2025 ás 16:06
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mobilidade voluntaria do persoal funcionario é un dereito recoñecido no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e constitúe unha ferramenta esencial para favorecer a conciliación da vida laboral e persoal, o desenvolvemento profesional e a racionalización da organización administrativa.

Porén, na Administración autonómica galega, a xestión dos concursos de traslados, tanto dos corpos xerais como dos corpos e escalas especiais, caracterízase pola falta de periodicidade, o atraso na resolución e a ausencia de procedementos abertos e continuos. En moitos casos, transcorran varios anos entre unha convocatoria e outra, o que impide a mobilidade real do persoal e xera malestar e desmotivación entre os empregados e empregadas públicas.

Esta situación contrasta co modelo de concursos permanentes e abertos que xa funcionan con éxito no Servizo Galego de Saúde (Sergas) e na Administración Xeral do Estado, onde o persoal pode solicitar prazas dispoñibles ao longo de todo o ano, con resolucións periódicas e con sistemas informáticos eficaces e transparentes.

Asinado o día 09/10/2025 ás 16:06
Por Carlos López Font

Asinado o día 09/10/2025 ás 16:06
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125399

28071 Madrid

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36300
Data envío: 09/10/2025 16:10:25.586

A realidade da función pública autonómica galega amosa, pola contra, unha notable carencia de medios humanos e técnicos na dirección xeral competente en materia de función pública, o que provoca retrasos reiterados tanto nos concursos de traslados como noutros procedementos (ofertas de emprego público, promoción interna, bolsas, etc.).

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma un compromiso real coa modernización e co dereito á mobilidade do persoal público, mediante a convocatoria recorrente e aberta dos concursos, a mellora dos medios informáticos e o reforzo do persoal técnico destinado á súa tramitación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar un sistema de concursos de traslados recorrentes e abertos durante todo o ano para o persoal funcionario dos corpos xerais e especiais da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo o modelo existente no Sergas e na Administración Xeral do Estado.
2. Reforzar os medios materiais e os aplicativos informáticos empregados nos procedementos de mobilidade e provisión de postos, co fin de garantir a súa axilidade, transparencia e tramitación dixital completa.
3. Incrementar os medios persoais destinados ao órgano directivo competente en materia de función pública, dotándoo do persoal técnico necesario para asumir con eficacia e celeridade as convocatorias e resolucións dos concursos de traslados e outros procesos de xestión do emprego público.

Santiago de Compostela, a 9 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

125400

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/10/2025 16:06:14

Carlos López Font na data 09/10/2025 16:06:20

Paloma Castro Rey na data 09/10/2025 16:06:26

Elena Espinosa Mangana na data 09/10/2025 16:06:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/10/2025 16:06:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36300
Data envío: 09/10/2025 16:10:25.586

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 16:10:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36300
Data envío: 09/10/2025 16:10:25.586

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado e da deputada **Luis Bará Torres** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o convenio asinado entre a consellaría de Política Social e o concello de Valga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de maio de 2025, a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galiza e o Concello de Valga, asinaron un convenio de colaboración para a “realización do proxecto de envellecemento activo e prevención da dependencia e innovación sociosanitaria para o exercicio 2025”, por un importe de 30.000 euros e con vixencia até o 31 de decembro de 2025. O obxecto do convenio é o “financiamento das actuacións que o Concello de Valga ten previsto desenvolver durante o ano 2025, de cara á realización do proxecto de envellecemento activo e prevención da dependencia e innovación sociosanitaria”.

O importe desta subvención destinouse na súa totalidade á contratación dun “técnico/a de coordinación de actividades de envellecemento activo e prevención da dependencia”. Para a contratación deste técnico/a en réxime de persoal laboral, o Concello de Valga publicou unhas bases nas que se esixía estar en posesión do título de licenciado/a en Dereito, Economía ou Administración e Dirección de Empresas, excluindo titulacións que gardan unha maior relación coa vacante, como son os graos en Traballo Social ou Educación Social. O temario apenas tiña contido social, xa que dos 90 temas que figuraban, apenas tres trataban sobre asuntos sociais, e de todos eles, ningún sobre o obxecto propiamente dito da convocatoria, o envellecemento activo e a

Asinado o día 09/10/2025 ás
16:33
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 09/10/2025 ás
16:33
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

prevención da dependencia. Alén disto, incluíanse no temario asuntos como o tráfico, o transporte, o medio ambiente, a educación, o urbanismo, o planeamento, as expropiacións ou as licenzas urbanísticas, temas que nada teñen que ver coas características do posto.

Todo o anterior provocou que o Colexio Oficial de Traballo Social de Galiza, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galiza e o propio BNG de Valga presentaran recursos denunciando irregularidades e arbitrariedade nas bases que rexían o proceso selectivo. Como consecuencia destes recursos, o goberno municipal rectificou as bases, mais soamente engadindo a titulación de Traballo Social, mantendo o temario e o sistema de avaliación.

O resultado final do proceso selectivo, tal como xa advertira previamente o BNG de Valga, foi o previsto: a contratación da filla da segunda tenente alcalde e concelleira de educación e emprego. Esta obtivo un resultado sorprendentemente extraordinario no primeiro exercicio teórico consistente nun cuestionario de 100 preguntas tipo test, conseguindo a maior nota, 39,2 sobre un total de 40, mentres que a segunda mellor puntuación obtivo un resultado negativo de -7,2. Outra das irregularidades detectadas polo BNG de Valga foi que dous membros do tribunal cualificador non asinaron a acta na que se facían públicas as puntuacións do primeiro exercicio.

Da análise dos traballos que está realizando a persoa que finalmente foi contratada dedúcese que está realizando labores que nada teñen que ver co “envellecemento activo e prevención da dependencia”; en cambio, realiza tarefas de procedemento administrativo, tramitación de expedientes, licitacións, obras ou proxectos municipais, etc.

Por outra parte, recentemente o concello de Valga programou actividades de envellecemento activo nas que as persoas participantes teñen que pagar unha cota sen que estea legalmente aprobado nunha ordenanza reguladora.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Tendo en conta estas irregularidades, a consellaría de Política Social debe auditar o posíbel uso fraudulento do convenio para o “financiamento das actuacións que o Concello de Valga ten previsto desenvolver durante o ano 2025, de cara á realización do proxecto de envellecemento activo e prevención da dependencia e innovación sociosanitaria”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta a auditar o posíbel uso fraudulento do convenio para o “financiamento das actuacións que o Concello de Valga ten previsto desenvolver durante o ano 2025, de cara á realización do proxecto de envellecemento activo e prevención da dependencia e innovación sociosanitaria”.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 09/10/2025 16:33:10

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2025 16:33:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:34:51
Nº Rexistro: 36309
Data envío: 09/10/2025 16:34:51.215

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:34:51
Nº Rexistro: 36309
Data envío: 09/10/2025 16:34:51.215

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 16:34:53

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 17:21:44
Nº Rexistro: 36357
Data envío: 09/10/2025 17:21:44.508

Asinado o día 09/10/2025 ás 17:18
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Os dereitos sexuais e reprodutivos foron recoñecidos pola comunidade internacional como dereitos humanos en declaracións, convencións e pactos de Nacións Unidas e outros documentos aprobados internacionalmente.

A Plataforma de Acción de Beijing acordada na IV Conferencia de Nacións Unidas sobre a muller celebrada hai vinte anos recolleu que «os dereitos humanos das mulleres inclúen o dereito a ter o control e a decidir libre e responsablemente sobre a súa sexualidade, incluída a saúde sexual e reprodutiva, libre de presións, discriminación e violencia».

En España o primeiro paso deuse en 1985 cun Goberno Socialista que aprobou a coñecida como lei de supostos. Esta norma permitía a interrupción voluntaria do embarazo en caso de violación, risco para a saúde física/psíquica da nai e malformación o feto. Este avance supuxo un importante cambio social nos primeiros anos da democracia. Con anterioridade, o aborto estaba penalizado de forma absoluta por lei no noso país. As mulleres que querían exercelo víanse obrigadas a facelo de forma clandestina pondo en grave risco a súa integridade física e moral, e mesmo, até a súa propia vida.

Pero foi a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, impulsada durante o mandato do presidente José Luís Rodríguez Zapatero, a que garantiu o dereito a

Asinado o día 09/10/2025 ás 17:17
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 09/10/2025 ás 17:17
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

125408

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-T1K05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 17:21:44
Nº Rexistro: 36357
Data envío: 09/10/2025 17:21:44.508

interromper o embarazo para todas as mulleres. E a exercelo en condicións de liberdade, seguridade e dignidade. Un antes e un despois para a igualdade no noso país.

En 2023 foi outro Goberno Socialista, encabezado por Pedro Sánchez, quen reformou a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo para facela máis garante, ampliando a protección das mulleres e pondo no centro a saúde sexual e reprodutiva.

Neste proceso, é de xustiza tamén recoñecer o labor do movemento feminista. O traballo de tantas asociacións e mulleres anónimas que loitaron incansablemente até converter a reivindicación en lei. Lamentablemente, os dereitos das mulleres non están libres de sufrir retrocesos, con iniciativas como a aprobada no último pleno do Concello de Madrid sobre unha inexistente 'síndrome postaborto', que supón un intento de culpabilizar e estigmatizar ás mulleres.

Non é a primeira vez que o Partido Popular trata de recortar este dereito. Tentárono a través do seu recurso rexeitado no Tribunal Constitucional e da reforma errada da Lei orgánica 2/2010 por parte do Goberno de Mariano Rajoy. O preocupante é que agora o fan desde unha institución que debería garantir a igualdade e a liberdade das mulleres, ademais do respecto á lexislación vixente. O inaceptable é que agora o fan con dereitos conquistados hai 40 anos.

Por iso, o Goberno de España, liderado por un presidente Socialista, continúa na senda de progreso e acaba de anunciar que levará ao Congreso unha proposta de reforma para incluír o dereito ao aborto na Constitución e así blindalo fronte aos ataques.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125409

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 17:21:44
Nº Rexistro: 36357
Data envío: 09/10/2025 17:21:44.508

Galicia non conta cun protocolo que regule de forma clara e homoxénea o acceso á interrupción voluntaria do embarazo nin tampouco cun rexistro de obxectores de conciencia.

Non podemos permitir nin un paso atrás nos dereitos das mulleres. A interrupción voluntaria do embarazo é un dereito e así se debe poder exercer.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

1. O Parlamento de Galicia acorda mediante resolución reafirmar a defensa da interrupción voluntaria do embarazo como un dereito recoñecido e protexido e traslada ao Goberno da Xunta o seu apoio á inclusión do dereito o aborto na Constitución co fin de blindalo fronte aos ataques recorrentes.

2.O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

a) Despregar plenamente todas as medidas que lle corresponden recollidas na Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, nomeadamente a aprobar un protocolo que regule de forma clara e homoxénea o acceso á interrupción voluntaria do embarazo, así como establecer un rexistro de sanitarios obxectores de conciencia.

b). Desenvolver e implementar de maneira real a educación sexual no sistema educativo, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Lei orgánica 1/2023, do 28 de febreiro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

c) Tomar medidas para evitar que as organizacións contrarias aos dereitos

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

125410

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 17:21:44
Nº Rexistro: 36357
Data envío: 09/10/2025 17:21:44.508

sexuais e reprodutivos poidan facer intervencións, talleres ou calquera acción dentro dos centros educativos, sanitarios e sociais; e garantir así o dereito da infancia e adolescencia a recibir unha educación sexual integral.

c) Diseñar e implementar campañas de sensibilización en educación sexual, dirixidas especialmente á poboación nova e adolescente, con enfoque en dereitos, saúde, igualdade e prevención de violencias.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

125411

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/10/2025 17:17:48

Elena Espinosa Mangana na data 09/10/2025 17:17:59

Silvia Longueira Castro na data 09/10/2025 17:18:07

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/10/2025 17:18:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 17:21:44
Nº Rexistro: 36357
Data envío: 09/10/2025 17:21:44.508

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 17:21:44
Nº Rexistro: 36357
Data envío: 09/10/2025 17:21:44.508

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 17:21:45

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado e da deputada **Luis Bará Torres** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o plan dinamización arte rupestre do Val do Lézrez-Ría de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 9 de outubro celébrase o Día Internacional da Arte Rupestre. Con este motivo, o BNG impulsa a proposta dun Plan de Protección, Conservación e Posta en valor do extraordinario conxunto de arte rupestre do Val do Lézrez-ría de Pontevedra, do que forman parte as estacións do Parque de Arte Rupestre de Campo Lameiro, as situadas en Cerdedo-Cotobade (Lombo da Costa e Fentáns, entre outras), Ponte Caldelas (área arqueolóxica de Tourón), a área arqueolóxica da Caeira en Poio, os recursos do Museo ou o centro de interpretación da Pedra do Labirinto de Mogor (Marín).

O obxectivo deste plan é a protección, conservación e dinamización do mellor conxunto de arte rupestre de Galiza e un dos máis importantes da Península mediante actividades sociais, educativas e turísticas. No ámbito social promoveríase a divulgación e coñecemento deste valioso patrimonio cultural por parte de asociacións de toda Galiza. No ámbito educativo desenvolverase un proxecto pedagóxico arredor da arte rupestre e o seu tempo así como un programa de visitas guiadas a estes conxuntos. Na dimensión turística, trátase de converter este fenomenal conxunto nun polo de atracción de visitantes de todo o mundo interesados na arte rupestre, nunha liña semellante a outros enclaves como o de Foz Coa en Portugal.

Asinado o día 09/10/2025 ás
16:49
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 09/10/2025 ás
16:49
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta iniciativa parte do recoñecemento dos problemas de conservación destes bens así como do escaso nivel de visitantes que teñen pola falta dunha estratexia de promoción e divulgación axeitada. Un bo exemplo disto é a baixa cifra de visitantes ao Parque da Arte Rupestre de Campo Lameiro ou a carencia dun programa continuado de actividades de dinamización nos demais enclaves.

Para desenvolver este ambicioso plan, propomos a creación dunha entidade de coordinación e impulso, a Mesa da Arte Rupestre (MAR), formada pola Xunta, a Deputación e os concellos, así como entidades e persoas expertas, co obxecto de desenvolver un Plan Director para a dinamización da arte rupestre do Val do Lárez-ría de Pontevedra.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar un plan de protección, conservación e dinamización da arte rupestre do Val do Lárez-ría de Pontevedra, o mellor conxunto de Galiza nesta materia e un dos máis importantes da Península. O plan de dinamización artellarase mediante programas de actividades sociais, educativas e turísticas. No ámbito social promoverase a divulgación e coñecemento deste valioso patrimonio cultural por parte de asociacións de toda Galiza. No ámbito educativo desenvolverase un proxecto pedagóxico arredor da arte rupestre e o seu tempo así como un programa de visitas guiadas a estes conxuntos. Na dimensión turística, trátase de converter este fenomenal conxunto nun polo de atracción de visitantes de todo o mundo interesados na arte rupestre.

2. Crear no prazo máximo de tres meses unha entidade de coordinación e impulso, a Mesa da Arte Rupestre (MAR), formada pola Xunta, a Deputación e os concellos, así





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

como entidades e persoas expertas, co obxecto de desenvolver o Plan Director para a dinamización da arte rupestre do Val do Lézere-ría de Pontevedra.

3. Incluír nos orzamentos da Xunta do ano 2026 unha partida económica que permita poñer as bases deste novidoso e ambicioso plan.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 09/10/2025 16:49:29

Mercedes Queixas Zas na data 09/10/2025 16:49:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:51:02
Nº Rexistro: 36352
Data envío: 09/10/2025 16:51:02.232

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 16:51:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:51:02
Nº Rexistro: 36352
Data envío: 09/10/2025 16:51:02.232

CSV: BOPGDSPG-r1k05AB3Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

